4 CALIDADE DE VIDA E BENESTAR SOCIAL

4.1. Saúde

4.2. Pobreza e cohesión social

4.3. Cobertura social

4.4. Medio ambiente e desenvolvemento sostible

4.1. SAÚDE

A análise da sanidade, como elemento clave para medir a calidade de vida e o benestar social da poboación, iníciase dende un enfoque cuantitativo e estatístico, comezando cunha breve mención sobre a asignación orzamentaria para a sanidade na Comunidade Autónoma no ano 2025. A continuación realizarase un exame detallado dos indicadores de saúde, seguido da avaliación dos centros sanitarios, doazóns e transplantes, concluíndo co estudo dos indicadores relacionados co gasto público e saúde.

A análise orzamentaria do gasto sanitario para o ano 2025 está vinculada ao Plan Estratéxico de Galicia 2023-2030. En concreto dentro do eixe 1 do devandito Plan: "Reto demográfico" se recolle o obxectivo de "Fortalecer unha asistencia sanitaria accesible e de calidade (IV.1.4.), con 5,5 mil millóns de euros previstos, sendo o programa de gasto máis importante en termos cuantitativos o 412A-Atención hospitalaria con 3.481 millóns de euros (**cadro 4.1.2.**).

Os orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia nas partidas de produción de bens públicos de carácter social, dedica, para o exercicio 2025, á sanidade 5.213,5 millóns de euros, importe un 5,6% superior ao orzamento homoxeneizado do ano anterior. Dentro da clasificación de bens públicos de carácter social (**cadro 4.1.1.)** a importancia relativa da sanidade aumenta tres décimas no último exercicio ata o 60,2% dos créditos totais. No que atinxe á distribución do gasto nos cinco programas integrados dentro da función 41.- Sanidade, o **cadro 4.1.2.** mostra que o orzamento para os programas de Atención hospitalaria e atención primaria, programas 412A e 412B, ascenden a 3.481 e 1.668 millóns de euros, respectivamente, o que implica incrementos interanuais do 5,1% e 5,4% respectivamente, representando conxuntamente estes dous programas o 94,7% do orzamento consolidado inicial para sanidade.

En base aos créditos recoñecidos no orzamento inicial de gasto, a atención hospitalaria

Orzamento de gastos da Administración Xeral 2024-25. Produción de bens públicos de carácter social

	2025	2024	25/24
		(en miles de €)	*(%)*
Total	**8.662.784**	**8.259.428**	**4,9**
4.1 Sanidade	5.213.466	4.937.293	5,6
4.2 Educación	2.960.127	2.856.046	3,6
4.3 Cultura	109.853	107.405	2,3
4.4 Deportes	38.645	56.246	-31,3
4.5 Vivenda	204.881	160.699	27,5
4.6 Outros servizos comunitarios e sociais	135.813	141.739	-4,2

Fonte: Consellería de Facenda, *Orzamentos*

4.1.1.

Orzamento consolidado dentro da función 41.- Sanidade. Distribución por programas

	2024	2025	25/24
	(en miles de euros)		
41.- Sanidade	**5.165.220**	**5.434.957**	**5,2**
411A.- Dirección e servizos xerais de sanidade	72.765	77.644	6,7
412A.- Atención hospitalaria	3.312.683	3.480.975	5,1
412B.- Atención primaria	1.582.967	1.668.415	5,4
413A.- Protección e promoción da saúde pública	117.912	123.379	4,6
414A.- Formación de graduados e postgraduados	78.893	84.544	7,2

Fonte: Consellería de Facenda, *Orzamentos*

Distribución do orzamento 2025 do PA.1.4. por programas de gasto

	Importe	
	(en euros)	*(% / total)*
PA.1.4. Fortalecer unha asistencia sanitaria accesible e de calidade	**5.494.436.288**	**100**
411A - Dirección e servizos xerais de Sanidade	77.252.831	1,41
412A - Atención hospitalaria	3.480.354.535	63,34
412B - Atención primaria	1.668.415.331	30,37
413A - Protección e promoción da saúde pública	121.927.071	2,22
414A - Formación de graduados e posgraduados	84.543.533	1,54
441A - Promoción da actividade deportiva	38.644.901	0,70
561C - Investigación sanitaria	23.298.086	0,42

Fonte: Consellería de Facenda, *Orzamentos*

4.1.2.

é o programa que dispón dun maior volume de recursos, concentrando o 63,3% dos recursos da sanidade no orzamento inicial.

Indicadores de saúde

A Enquisa Europea de Saúde en España proporciona datos sobre o estado de saúde da poboación por CCAA, información sobre saúde, uso de servizos sanitarios, ou determinantes da saúde que se actualizan cada cinco anos. Os principais resultados desta enquisa para Galicia mostran que a maioría da poboación galega considera que ten bo estado de saúde, aínda que existe unha elevada porcentaxe de poboación con problemas crónicos;

Indicadores demográficos básicos de Galicia e España 2024

		Galicia	España
Poboación		**2.715.424**	**49.077.984**
menor de 15 anos	[2]	289.546	6.320.569
menor de 20 anos	[3]	413.443	9.015.116
entre 15 e 64 anos	[4]	1.694.937	32.573.978
65 e máis anos	[5]	730.941	10.183.437
85 e máis anos	[6]	134.399	1.570.416
Índices (1)		*(%)*	
vellez	[5] / [1]	26,9	20,7
envellecemento	[5] / [3]	176,8	113,0
sobreenvellecemento	[6] / [5]	18,4	15,4
dependencia xeral	([2]+[5]) / [4]	60,2	50,7
dependencia xuvenil	[3] / [4]	17,1	19,4
dependencia senil	[5] / [4]	43,1	31,3
de recambio	[2] / [5]	1,6	1,2

(1) notas sobre os índices

Vellez: relación entre a poboación maior de 65 anos e a poboación total;

Envellecemento: relación entre a poboación maior de 64 anos e a poboación menor de 20 anos;

Sobreenvellecemento: relación entre a poboación maior de 84 anos e a poboación maior de 64 anos;

Dependencia xeral: relación entre os grupos de poboación potencialmente dependentes (menores de 15 e maiores de 64 anos) e o grupo de poboación en idade potencialmente activa (poboación entre 15 e 64 anos);

Dependencia xuvenil: relación entre a poboación nova (menores de 15 anos) e a poboación en idade potencialmente activa (poboación entre 15 e 64 anos);

Dependencia senil: relación entre a poboación maior (maiores de 64 anos) e a poboación en idade potencialmente activa (poboación entre 15 e 64 anos);

De recambio: relación entre a poboación entre 60 e 64 anos e a poboación entre 15 e 19 anos; , mide a capacidade dunha poboación para substituír os individuos que van xubilando

Fonte: INE, *Estadística contínua de población*

4.1.3.

unha prevalencia de enfermidades crónicas superior á media estatal. A principal preocupación sinalada polos enquisados é a demora na atención especializada, así como os elevados tempos de agarda nas listas de espera quirúrxicas.

Satisfacer as necesidades sanitarias require dunha asignación crecente de recursos, especialmente nas áreas cunha alta proporción de poboación envellecida, o que conleva un maior gasto sanitario per cápita. Por tanto, os indicadores demográficos fundamentais que se presentan no **cadro 4.1.3**. ofrecen unha base para a análise. Estes indicadores foron calculados tanto para Galicia como para España, utilizando os datos proporcionados pola Estatística Continua de Poboación do INE.

No sinalado **cadro 4.1.3.**, observamos como, por unha banda, o 26,9% da poboación galega a 1 de xaneiro de 2024 tiña 65 anos ou máis, sendo esta porcentaxe seis puntos superior á rexistrada no conxunto do Estado (20,7%). O índice de envellecemento, definido como a relación entre a poboación maior de 64 anos e a poboación menor de 20 anos, mostra que en 2024 residen en Galicia en torno a 177 persoas maiores de 64 anos por cada 100 menores de 20, fronte ás 113 de media en España.

No que respecta a este índice en función das zonas de poboación, a zona máis envellecida é a Zona Pouco Poboada (ZPP), na que por cada 100 menores de 20 anos hai preto de 270 de 65 e máis anos e, pola contra, a Zona Intermedia de Poboación (ZIP), cun índice de

Defuncións en Galicia e España 2022-23: distribución segundo causa

	Total	Infecciosas e parasitarias	Covid-19 Virus identificado	Covid-19 Virus sospeitoso (1)	Tumores	Sistema circulatorio	Sistema Respiratorio	Sistema dixestivo	Outras causas
2023									
Galicia	**32.782**	**1.030**	**543**	**1**	**8.428**	**8.793**	**3.705**	**1.664**	**8.618**
A Coruña	13.005	398	218	1	3.367	3.652	1.456	654	3.259
Lugo	5.082	170	89	-	1.143	1.461	570	245	1.404
Ourense	4.759	147	89	-	1.138	1.284	555	257	1.289
Pontevedra	9.936	315	147	-	2.780	2.396	1.124	508	2.666
España	**436.124**	**14.935**	**7.933**	**7**	**115.429**	**115.889**	**47.003**	**23.045**	**111.883**
2022									
Galicia	**34.996**	**2.322**	**1.848**	**-**	**8.469**	**9.497**	**3.568**	**1.626**	**7.666**
A Coruña	13.980	914	733	-	3.441	3.934	1.455	616	2.887
Lugo	5.406	327	254	-	1.234	1.546	572	238	1.235
Ourense	5.005	341	279	-	1.088	1.426	491	235	1.145
Pontevedra	10.605	740	582	-	2.706	2.591	1.050	537	2.399
España	**464.417**	**38.589**	**31.606**	**66**	**114.828**	**121.341**	**43.024**	**23.266**	**91.697**

(1) Síntomas compatibles ca enfermidade (COVID19 virus non identificado)

Fonte: INE, *Defunciones según la causa de muerte*

4.1.4.

envellecemento máis próximo a 100, é a zona máis nova de Galicia.

O índice de envellecemento presenta diferenzas significativas por sexo nas catro provincias galegas en todas as zonas de urbanización e toma sempre para as mulleres valores superiores aos dos homes.

Outro indicador relevante é a taxa de dependencia, que expresa a relación existente entre a chamada poboación dependente (menores de 16 e maiores de 64 anos) e a poboación produtiva (de 16 a 64 anos). A devandita taxa permite aproximar as necesidades futuras, para estimar o orzamento que deberá dedicarse a gasto en sanidade, pensións ou atención á dependencia. A medida que a taxa de dependencia se incrementa, aumenta a carga que supón para a parte produtiva da poboación soster á parte economicamente dependente. A taxa de dependencia xeral en Galicia é case dez puntos superior á rexistrada no conxunto do Estado, acadando en España un valor de 50,7% fronte ao 60,2% en Galicia.

Os niveis elevados de envellecemento veñen determinados en gran medida polo saldo vexetativo negativo. No ano 2023 (último dato anual dispoñible), rexistráronse en Galicia un total de 14.004 nacementos, 491 menos que no ano anterior, e 32.782 falecementos (datos IGE: Movemento natural da poboación), o que supón un 6,3% máis que no ano anterior. Tras esta evolución, Galicia mantense cun saldo vexetativo negativo de -18.778 fronte aos -20.501 do ano anterior. Galicia rexistra no ano 2023 un saldo vexetativo negativo por cada 1.000 habitantes de -6,9 situándose como a segunda Comunidade con peor indicador, só por diante de Asturias (-8,4), e seguida de cerca por Castela e León (-6,5).

O número de defuncións por cada 1.000 habitantes, isto é, a taxa bruta de mortalidade, situouse en Galicia nas 12,13 defuncións por cada 1.000 habitantes, a segunda Comunidade Autónoma coa taxa máis elevada, tras Asturias (12,91), moi lonxe das 8,96 defuncións por cada 1.000 habitantes de media no conxunto do Estado.

Defuncións segundo a causa da morte 2023

	Galicia		Galicia/España
		(%)	*(%)*
Causas externas de mortalidade	**1.460**	**100**	**8,1**
Accidentes de tráfico	118	8,1	6,5
Outros accidentes de transporte	18	1,2	7,9
Caídas accidentais	413	28,3	9,9
Afogamento, submersión e sufocación accidentais	313	21,4	8,5
Accidentes por lume, fume e sustancias quentes	19	1,3	7,4
Envenenamento accidental por psicofármacos e drogas de abuso	97	6,6	9,2
Outros envenenamentos accidentais	7	0,5	4,3
Outros accidentes	120	8,2	6,5
Suicidio e lesións autoinflixidas	307	21,0	7,5
Agresións (Homicidio)	16	1,1	5,1
Eventos de intención non determinada	14	1,0	10,8
Complicacións da atención médica e cirúrxica	6	0,4	3,8
Outras causas externas e os seus efectos tardíos	12	0,8	14,3

Fonte: INE, *Defunciones según la causa de muerte*

4.1.5.

En base aos datos proporcionados pola estatística de Defuncións segundo causa da morte do INE (**cadro 4.1.4.**), as enfermidades do sistema circulatorio seguen sendo a principal causa de morte en Galicia, provocando o 26,8% das defuncións, seguidas dos tumores, que causan o 25,7% das mortes. En termos relativos, Galicia presenta unha taxa de mortalidade de 221,3 falecidos a causa de tumores por 100.000 habitantes, o que a sitúa por riba da media nacional (217,8 falecidos x cen mil hb.). No que respecta ás enfermidades dos sistema circulatorio, a taxa de mortalidade en Galicia é de 192,45 falecidos por cen mil habitantes, por debaixo da media estatal (202,1).

O **cadro 4.1.5.** presenta datos das denominadas causas externas de morte, entendidas como aquelas que teñen a súa orixe en accidentes, violencia, acontecementos ambientais ou envelenamento, entre outras. Por número de decesos, en Galicia destacan as caídas accidentais, con 413 defuncións en 2023, o 28,3% do total de 1.460 falecidos en Galicia por causas externas, en Galicia rexístranse o 9,9% do total de decesos por esta causa de todo o territorio nacional. Os afogamentos, submersións e sufocación accidentais e os suicidios e lesións autoinflixidas, con 313 e 307 defuncións respectivamente, son a segunda e terceira causa externa de morte en Galicia. No ano 2023 rexistráronse en Galicia o 8,5% dos afogamentos, submersións e sufocación accidentais e o 7,5% dos suicidios totais do Estado.

Galicia é a quinta Comunidade Autónoma con máis suicidios en 2023, por detrás de Andalucía, Cataluña, C. Valenciana e Madrid, todas comunidades con niveis moito máis elevados de poboación. Dos 307 suicidios contabilizados en Galicia, 242 foron homes e 65 mulleres, o que supón que 2,1 de cada dez persoas que se suicidan en Galicia son mulleres, cifra inferior ás 2,6 de media no Estado.

Un ano máis, en 2023 baixa levemente o número de suicidios en Galicia, así como no conxunto de España. En Galicia rexístranse 21 suicidios menos que en 2022 (6,4% menos), 6 homes máis e 27 mulleres menos. En termos relativos Galicia no ano 2023 rexistra o 7,5% do total de suicidios no Estado.

O suicidio é unha traxedia que afecta a miles

Suicidios segundo sexo e Comunidade Autónoma de residencia 2022-23

	2023			2022		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Andalucía	631	184	815	651	179	830
Aragón	80	24	104	86	28	114
Asturias	99	41	140	91	35	126
Baleares	53	34	87	75	34	109
Canarias	186	55	241	180	53	233
Cantabria	31	15	46	39	20	59
Castela e León	141	59	200	179	63	242
Castela-A Mancha	138	22	160	147	37	184
Cataluña	459	172	631	440	174	614
C. Valenciana	330	138	468	328	117	445
Estremadura	65	18	83	74	21	95
Galicia	242	65	307	236	92	328
Madrid	279	139	418	270	133	403
Murcia	89	29	118	107	30	137
Navarra	45	20	65	38	19	57
País Vasco	104	37	141	124	50	174
A Rioxa	18	12	30	22	8	30
Ceuta e Melilla	9	2	11	2	1	3
Estranxeiro	45	6	51	37	7	44
Total	3.044	1.072	4.116	3.126	1.101	4.227
Galicia / España (%)	8,0	6,1	7,5	7,5	8,4	7,8

Fonte: INE, *Estadísticas de defunciones según la causa de muerte*

4.1.6.

de persoas cada ano. Un dos aspectos máis sorprendentes e preocupantes é a disparidade de xénero nas taxas de suicidio. A maior prevalencia de suicidios de homes en comparación coas mulleres é unha tendencia a nivel global.

En Galicia en 2023, case oito de cada dez suicidios que se producen son de homes, e atendendo á desagregación segundo os distintos grupos de idade, o grupo quinquenal de idade que rexistra un maior número de suicidios en Galicia, corresponde con persoas cunha idade comprendida entre 50 e 54 anos, con 34 suicidios.

No que respecta á saúde materno-infantil, no ano 2023 en Galicia aumenta de xeito moi significativo a taxa de mortalidade infantil ata as 3,4 defuncións por cada mil nacidos vivos (1,9 no ano anterior), sendo superior á taxa media estatal que no ano 2023 foi de 2,6 defuncións por cada mil nacidos vivos. Consecuencia do sinalado incremento, Galicia sitúase xunto a Murcia, como a terceira Comunidade coas taxas de mortalidade infantil máis elevadas do conxunto do Estado.

En relación á taxa de interrupción voluntaria do embarazo (IVE), no ano 2023 (último dato dispoñible) aumenta en Galicia o número de interrupcións por cada mil mulleres entre 15 e 44 anos. No último ano rexistráronse en Galicia un total de 7,28 interrupcións fronte ás 7,09 interrupcións do ano anterior. A pesar do sinalado aumento, Galicia continúa a ser, un ano máis, a Comunidade Autónoma coa taxa máis reducida, moi por baixo da taxa media no conxunto do Estado que aumenta levemente ata as 12,2 interrupcións no último ano (11,7 interrupcións en 2022). En Galicia o 55,7% das interrupcións realizáronse mediante método farmacolóxico. Das 3.075 IVE realizadas en Galicia no ano 2023, 675 realizáronse nun centro hospitalario e 2.400 foron extra hospitalarias, sendo o motivo principal

Centros sanitarios 2025: distribución provincial e segundo Estruturas de Xestión Integrada

Áreas Sanitarias	Atención primaria			Atención Especializada	
	Zonas básicas	Centros de saúde	Consultorios locais	Número total de hospitais	Hospitais dependencia funcional Sergas
A Coruña	93	133	27	12	5
Área Sanitaria Coruña-Cee	36	59	12		
Área Sanitaria Ferrol	20	25	3		
Área Sanitaria Santiago-Barbanza	37	49	12		
Lugo	67	74	11	5	3
Área Sanitaria Lugo-A Mariña-Monforte	67	74	11		
Ourense	92	99	5	5	3
Área Ourense-Verín-O Barco	92	99	5		
Pontevedra	62	93	18	11	3
Adscritos Área de Santiago	9	12	2		
Área Sanitaria Pontevedra-Salnés	27	36	8		
Área Sanitaria Vigo	26	45	8		
Total	314	399	61	33	14

[Atención primaria a 31/12/2024 y Atención especializada a 31/12/2023)

Fonte: Ministerio de Sanidad

4.1.7.

da interrupción no 95% dos casos a petición da muller. O grupo quinquenal de idade onde se producen un maior número de intervención é entre mulleres de 20 a 24 anos (665 IVE) seguido das mulleres entre 25 e 29 anos (642 IVE).

Finalmente, os datos proporcionados polo Rexistro Nacional de Casos de SIDA reflicten que, segundo as notificacións recibidas no ano 2022, diagnosticáronse en Galicia 117 novos casos de SIDA (109 no ano anterior), o que representa o 3,7% do total estatal.


Indicadores de centros sanitarios

Os indicadores utilizados para avalialos centros sanitarios, tanto desde unha perspectiva cuantitativa, que inclúe os recursos materiais e humanos, como desde un enfoque cualitativo relacionado coa evolución das listas de espera, son fundamentais para medir a eficiencia do sistema de saúde.

O sistema de saúde galego organízase en áreas de xestión integradas, que se dividen a súa vez en zonas básicas de saúde, as cales son as unidades territoriais encargadas da atención primaria. Como se mostra no **cadro 4.1.7.**, Galicia está dividida en sete áreas sanitarias. En canto aos diferentes niveis de atención, a atención primaria, representada principalmente polos centros de saúde, constitúe o primeiro contacto do usuario co sistema sanitario. De acordo cos datos proporcionados polo Ministerio de Sanidade, Galicia conta con 399 centros de saúde e 61 consultorios locais. Por outra banda, a atención especializada bríndase en centros de especialidades e hospitais, cun total de 33 hospitais en Galicia, dos cales 14 están xestionados funcionalmente polo Servizo Galego de Saúde.

Tal como se observa no gráfico 4.1.8., en 2022 (último dato dispoñible) aumenta lixeiramente o número de camas instaladas nos hospitais galegos, con 9.818 camas instaladas, 51 máis que no ano anterior, o que representa 3,65 camas por cada mil habitantes.

Camas nos hospitais galegos 2008-22 (1)




(1) os datos de camas corresponden a 31 de decembro do ano anterior

Fonte: IGE, *Sanidade*

4.1.8.

Persoal sanitario 2008-22 (1)



1) datos a 31 de decembro de cada ano.

2) Non existen datos de número de pediatras nin de profesionais de atención primaria para os anos 2009 e 2011. Co obxecto de non distorsionar o gráfico e dada a estabilidade da serie tomamos para os anos 2009 e 2011 os datos rexistrados no ano anterior

Fonte: IGE, *Sanidade*

4.1.9.

Persoal sanitario colexiado (non xubilado) nas CC.AA. 2023

	Médicos	Enfermeiros	Enfermeiros-especialidade matrona	Dentistas	Farmaceúticos
	(colexiados por 100.000 habitantes)		(colexiados por 100.000 mulleres entre 15 e 49 anos)	(colexiados por 100.000 habitantes)	
Andalucía	449,7	491,5	60,7	76,8	148,4
Aragón	557,0	727,0	103,2	70,2	126,4
Asturias	556,2	727,8	49,5	87,4	130,1
Baleares	477,3	596,5	85,9	71,2	106,5
Canarias	516,7	728,4	74,4	67,7	145,1
Cantabria	566,2	661,9	101,5	72,2	130,9
Castela e León	532,1	735,2	123,2	65,9	162,9
Castela-A Mancha	402,0	630,8	80,5	46,0	132,1
Cataluña	492,6	644,3	54,8	78,5	132,1
C. Valenciana	467,1	549,9	68,6	84,6	147,2
Estremadura	506,4	707,5	87,9	62,4	146,9
Galicia	478,0	513,3	91,9	87,3	184,2
Madrid	624,2	658,7	84,8	133,6	198,9
Murcia	493,1	480,6	79,0	84,3	121,3
Navarra	562,5	886,7	109,5	56,8	214,9
País Vasco	566,0	800,6	130,1	86,1	150,1
A Rioxa	472,5	637,8	94,7	76,8	131,7
Ceuta	386,6	701,2	99,6	51,6	108,1
Melilla	291,7	733,2	149,9	58,1	115,0
Total	507,1	619,3	77,3	84,2	152,3

Fonte: INE, *Estadística de Profesionales Sanitarios Colegiados*

4.1.10.

Xunto cos indicadores de número de centros e camas instaladas, dentro dos indicadores que permiten valorar o funcionamento do sistema sanitario, é fundamental ter en conta o concernente aos recursos humanos. Segundo os datos publicados polo IGE, o número de profesionais integrados no modelo de atención primaria do Sergas a 31 de decembro de 2022 ascendía a 7.594 persoas, das que 2.665 son médicos e 2.316 ATS-DUE. En termos relativos, tal como se mostra no gráfico 4.1.9., Galicia conta con 2,7 profesionais de atención primaria por casa 1.000 habitantes, e un pediatra por cada 1.000 nenos menores de 14 anos.

No ano 2023 exerceron en Galicia 478 médicos e 513,3 profesionais de enfermería por cada 100.000 habitantes, cadro 4.1.10., por debaixo en ambos casos da media estatal, que se sitúa en 507,1 médicos e 619,3 enfermeiros/as por cada 100.000 habitantes.

A distribución do persoal sanitario en función da súa categoría profesional, tanto en atención primaria como secundaria, está detallada nos **cadros 4.1.11** e **4.1.12.** Os datos mostrados nestes cadros preséntanse como medias diarias, o que permite evitar distorsións causadas pola variabilidade estacional das contratacións, como ocorre nos picos de patoloxías ou durante as vacacións. En Galicia, durante 2024, o persoal médico de familia acadou unha media diaria de 2.435 profesionais, mentres que o número de enfermeiros/as foi de 3.014. Comparando co ano anterior, o número de médicos de familia diminuíu un 1,3%, e o número de enfermeiros/as experimentou un incremento do 2,6%.

Recursos humanos en atención primaria 2023-24: distribución por categoría profesional (1)

	2024	2023	2022
Enfermeiro/a	3.014	2.939	2.860
Médico de familia	2.435	2.467	2.512
Persoal servizos xerais	1.595	1.616	1.502
Grupo auxiliar funcion admva.	336	332	333
Tec. coidados aux. enfermaría	333	316	320
Pediatra a.p.	289	290	295
Celador/a	262	276	312
Fisioterapeuta	244	229	215
Matrón/a	196	188	182
Odontólogo/a a.p.	126	125	122
Técnico superior especialista	122	119	113
Farmacéutico/a a.p.	117	120	101
Traballador/a social	115	109	106
Dietista-nutricionista	95	95	95
Conductor/a	30	29	30
Grupo xestion funcion admva.	26	25	22
Grupo tecnico funcion admva.	20	18	21
Grupo admvo. funcion admva.	17	22	21
Tecnico/a de saude de a.p.	17	15	14
Tecnico/a xestion sistemas TI	7	7	7
Electricista	6	5	4
Tecnico/a esp. sistemas e TI	6	6	6
Telefonista	6	5	5
Enxeñeiro/a tecnico/a	3	2	2
Mecanico/a	3	2	2
Lavandeiro/a	2	2	2
Limpador/a	2	4	7
Pasador/a de ferro	2	2	3
P.tec.sup. preven. riscos lab.	2	2	2
Costureiro/a	1	2	1
Enxeñeiro/a superior	1		1
Fontaneiro/a	1	1	1
Terapeuta ocupacional	1	-	1
Total	**9.432**	**9.370**	**9.220**

(1) medias diarias

Fonte: SERGAS

4.1.11.

Atención especializada 2014-24 (1): evolución do persoal facultativo e do persoal en formación

	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
Persoal facultativo	4.617	4.653	4.757	4.835	4.901	5.002	5.149	5.245	5.298	5.408	5.479
Persoal en formación (2)(3)	1.064	1.048	1.029	1.371	1.399	1.430	1.357	1.552	1.751	1.867	2.081

(1) Medias diarias

(2) Inclúe a licenciados e diplomados sanitarios en AE e AP

(3) A baixada en 2020 débese á toma de posesión extemporánea por causa da COVID.


Fonte: SERGAS

4.1.12.

Lista de espera estrutural cirúrxica 2024 (1)

	Total	0-3 meses	3-6 meses	6-12 meses	máis 12 meses	Tempo medio de espera (en días)
Total centros Sergas	**45.839**	**34.732**	**9.217**	**1.876**	**14**	**67,5**
A.S. A Coruña - Cee	10.425	6.843	3.198	384	-	78,5
A.S. Santiago - Barbanza	9.187	6.605	1.785	797	-	73,5
A.S. Ferrol	3.130	2.705	425	-	-	53,8
A.s. Lugo - A Mariña - Monforte	4.065	3.793	195	77	-	47,5
A.S. Ourense - Verín - O Barco	5.931	4.703	751	463	14	69,5
A.S. Pontevedra - Salnés	4.235	3.312	831	92	-	62,0
A. S. Vigo	8.866	6.771	2.032	63	-	63,8
Hospital Povisa	**2.496**	**1.936**	**559**	**1**	**-**	**59,1**

Tempo medio de espera 2011-24 (2)



(1) a lista de espera estrutural cirúrxica inclúe a todos os pacientes que nun momento dado están en espera da realización dunha intervención cirúrxica en quirófano, tanto con ingreso como ambulatoria, e así a espera é atribuíble á organización dos recursos dispoñibles.
(2) calculado como o cociente do total de días en espera estrutural entre a data de inclusión e a data de análise e o total de pacientes pendentes en espera estrutural na data de análise.
Fonte: SERGAS, *Listas de espera*

4.1.13.

No que respecta á atención especializada (**cadro 4.1.12.**), continúa o incremento do persoal facultativo, exercendo diariamente unha media de 5.479 persoas (5.408 en 2023), e outros 2.081 facultativos en formación (1.867 no ano anterior).

Sen embargo, o aumento do persoal sanitario non ten por que traducirse nunha redución directa das listas de agarda, que dependen non só do persoal sanitario senón tamén de cuestións estruturais, de organización e de xestión do sistema sanitario.

As listas de agarda son a medida de calidade do sistema sanitario máis estendida e utilizada, tanto no que respecta ao seu volume como á espera media dos pacientes integrados na mesma. Nos últimos tres anos de xeito consecutivo, prodúcese un descenso no

Lista de espera cirúrxica a 31 de decembro de 2024: distribución por servizos

	SERGAS			POVISA		
	pacientes en lista de espera estrutural		tempo medio de espera	pacientes en lista de espera estrutural		tempo medio de espera
	total	0-3 meses	(en días)	total	0-3 meses	(en días)
Total especialidades	**45.839**	**34.732**	**67,5**	**2.496**	**1.936**	**59,1**
Anxioloxía / Cir. Vascular	1.526	1.297	53,5	155	151	44,7
Cirurxía cardíaca	220	158	69,4	-	-	-
Cirurxía cardíaca infantil	7	7	51,4	-	-	-
Cirurxía maxilofacial	488	308	78,0	79	69	53,8
Cirurxía pediátrica	977	706	70,7	-	-	-
Cirurxía plástica e reparadora	1.137	840	73,0	78	67	52,8
Cirurxía torácica	154	134	41,9	-	-	-
Cirurxía xeral e dixestiva	7.823	6.010	63,5	576	459	59,6
Dermatoloxía	829	791	36,4	-	-	-
Neurocirurxía	678	483	72,2	35	28	53,7
Oftalmoloxía	11.865	9.149	64,8	353	310	42,7
Otorrinolaringoloxía	3.486	2.478	71,4	118	89	57,9
Traumatoloxía	11.139	8.189	76,8	790	502	74,3
Uroloxía	3.850	2.855	65,3	198	172	48,4
Xinecoloxía	1.660	1.327	60,7	114	89	51,2

Fonte: SERGAS, *Listas de espera*

4.1.14.

tempo de espera media para que unha paciente saia da lista de espera estrutural cirúrxica, de xeito que a 31 de decembro de 2024 o tempo medio de agarda para o conxunto dos centros sanitarios ascende a 67,1 días, (67,5 días no ano anterior). No H. Povisa, o tempo de espera redúcese ata os 59,1 días (60,9 días na mesma data de 2023).

No ano 2024, a leve aumento no tempo de agarda, ven acompañada por un aumento no número de persoas afectadas, así o número de persoas en lista de espera cirúrxica estrutural no Servizo Galego de Saúde (incluído H. Povisa) ascende no último ano ata as 45.839 persoas, **cadro 4.1.14.**, o que supón un aumento de 812 persoas respecto ao ano anterior (1,8%).

O tempo de agarda é unha variable clave, xa que a medida que aumenta o tempo de espera, diminúe a valoración do servizo e aumenta o risco de deterioro no estado de saúde do paciente.

Profundando na análise da lista de espera cirúrxica, en Galicia no ano 2024, 7,6 de cada dez persoas en lista de espera estrutural cirúrxica agardan menos de tres meses para operarse (75,9%). O 22,2% dos pacientes en lista de agarda cirúrxica deben esperar entre tres a seis meses, porcentaxes semellantes ás rexistradas no ano anterior.

Por tipo de especialidade médica, o 25,9% do total de doentes inscritos na lista estrutural cirúrxica dos hospitais propios do Sergas son da especialidade de oftalmoloxía, cun tempo de espera medio de 64,8 días. A seguinte especialidade en número de pacientes en lista de agarda é a traumatoloxía (24,3% dos pacientes), con 76,8 días de espera media, e a cirurxía xeral e dixestiva (17,1% das persoas en lista de agarda), que presenta unha espera media de 63,5 días.

No caso das patoloxías máis graves (prioridade 1), no ano 2024 en Galicia rexistráronse

Lista de espera de consultas externas nos hospitais do Sergas 2024

	0 - 3 m	3 - 6 m	6 - 12 m	máis 12m	TOTAL	Tempo medio de espera
Alergoloxía	5.169	1.103	103	-	6.375	55,6
Anestesioloxia e Reanimación	489	39	64	-	592	58,6
Anxioloxía e Cirurxía Vascular	2.188	253	-	-	2.441	46,3
Cardioloxía	2.417	356	330	366	3.469	111,8
Cirurxía Cardíaca	22	-	-	-	22	19,0
Cirurxía Maxilofacial	905	-	-	-	905	29,0
Cirurxía Pediátrica	496	-	-	-	496	22,3
Cirurxía Plástica e Reparadora	960	-	-	-	960	38,5
Cirurxía Torácica	59	-	-	-	59	11,3
Cirurxía Xeral e Dixestiva	6.551	-	-	-	6.551	26,0
Dermatoloxía	10.026	2.233	518	-	12.777	60,3
Dixestivo	4.501	655	82	1	5.239	51,3
Endocrinoloxía	2.305	-	-	-	2.305	31,1
Hematoloxía Clínica	496	-	1	-	497	31,7
Medicina Interna	1.026	103	119	-	1.248	54,4
Nefroloxía	692	1	-	-	693	35,8
Neumoloxía	2.766	79	-	-	2.845	35,0
Neurocirurxía	1.507	32	-	-	1.539	38,9
Neuroloxía	8.483	2.455	1.530	-	12.468	83,5
Obstetricia	175	-	-	-	175	10,3
Oftalmoloxía	25.370	3.227	3.909	-	32.506	70,9
Oncoloxía médica	88	-	-	-	88	9,8
Otorrinolaringoloxía	12.613	214	-	-	12.827	38,2
Pediatría	3.909	180	3	-	4.092	38,3
Psiquiatría	6.366	1.468	1.453	103	9.390	87,2
Radioterapia	139	-	-	-	139	10,2
Rehabilitación	12.710	3.904	3.021	1	19.636	87,5
Reumatoloxía	1.419	59	-	-	1.478	32,6
Traumatoloxía	29.429	5.309	1.098	-	35.836	57,4
Uroloxía	8.134	551	349	-	9.034	47,5
Xeriatría	314	47	-	-	361	46,7
Xinecoloxía	9.222	1	1	-	9.224	36,9
Total	**160.946**	**22.269**	**12.581**	**471**	**196.267**	**60,8**

Fonte: SERGAS, *Listas de espera*

4.1.15.

1.803 persoas dentro desta categoría e o tempo medio de espera diminúe ata os 17,1 días fronte aos 21 días do ano anterior e sigue a cumprir o obxectivo inicial que estaba fixado en 30 días. Pola contra, por terceiro ano consecutivo incúmprese o obxectivo de 60 días de tempo de espera medio no caso das patoloxías de prioridade 2, manténdose o tempo de agarda nos 66,8 días igual que no ano anterior.

As consultas externas tamén están sometidas ás listas de agarda, nos hospitais do Sergas, **cadro 4.1.15.**, no ano 2024 había un total de 196.267 persoas en lista de espera, e o tempo medio de espera foi de 60,8 días. As especialidades con maior número de persoas en lista de espera seguen a ser as de traumatoloxía e oftalmoloxía, con 35.836 e 32.506 persoas cada unha, rexistrándose unha espera media de 70,9 días para unha consulta oftalmolóxica e de 57,4 días para traumatoloxía. Entre as especialidades cunha espera maior, no ano 2024 destaca a de Cardioloxía con 111,8 días de espera, dato que está condicionado en exclusiva polo tempo de agarda da Área sanitaria de A Mariña- Monforte; tendo isto en conta, as especialidades de Rehabilitación, Psiquiatría e


Lista de espera de probas diagnósticas nos hospitais do Sergas 2024

	0 - 3 m	3 - 6 m	6 - 12 m	máis 12 m	TOTAL	Tempo medio de espera
Radioloxía	60.980	15.268	4.919	631	81.798	68,8
Medicina nuclear	248	34	22	20	324	78,5
Endoscopias	6.066	2.467	3.028	1.231	12.792	149,2
Electrofisioloxía	5.479	823	1.500	171	7.973	101,8
Estudos	5.656	1.673	2.612	778	10.719	144,0

Fonte: SERGAS, *Listas de espera*

4.1.16.

Doantes por cada millón de habitantes en Galicia e España 2008-2024



Fonte: Organización Nacional de Trasplantes


4.1.17.

Neuroloxía superan os 80 días de agarda nos tres casos.

Respecto ás listas de agarda de probas diagnósticas (**cadro 4.1.16.**), a radioloxía é a que presenta o maior número de persoas en lista de agarda, con 81.798 persoas, o que supón un 3,1% de persoas menos que no ano anterior (2.639 menos que en 2023); a continuación sitúanse as endoscopias, cuxa lista de espera aumenta ata as 12.792 persoas, 2.097 persoas máis que no ano precedente. O tempo medio de agarda baixa 17,5 días no caso das probas radiolóxicas, pasando de 86,3 días de espera en 2023 a 68,8 días en 2024; en senso contrario, aumenta en 22 días o tempo medio de agarda para unha endoscopia, pasando de 127,2 días en 2023 a 149,2 días en 2024.

Finalmente, no que respecta ás doazóns e transplantes, despois do descenso notable no ano 2023 en Galicia, no ano 2024 recupéranse o número de doantes por cada millón de ha-

Gasto sanitario en euros por habitante en Galicia e España 2008-24(1)



(1) Ano 2024 datos provisionais
Fonte: Ministerio de Sanidad, *Recursos económicos del Sistema Nacional de Salud*

4.1.18.

bitantes. No último ano o número de doantes en Galicia ascende a 137, 28 máis que no ano anterior, o que representa o 5,3% do total estatal (2.562 doantes a nivel nacional). Galicia en 2024 rexistra 50,7 doantes por millóns de habitantes, (40,5 doantes pmp no ano anterior), a pesar do forte incremento, Galicia segue por debaixo do valor deste índice en España (52,6 doantes pmp). O nomeado éxito do programa de doazóns español obsérvase no feito de que este índice sitúase significativamente por riba dos principais países desenvolvidos, acadando os 22,9 doantes pmp no conxunto dos países da UE, ou os 11,6 pmp en Alemaña, os 21,4 doantes pmp en Canadá, e os 48,1 doantes nos Estados Unidos.

Indicadores de gasto sanitario público

No ano 2025, tendo en conta o orzamento inicial de gasto, Galicia presenta un novo incremento do seu gasto sanitario, que se sitúa en 5.458,2 millóns de euros, o quinto máis elevado de todo o Estado. Este importe representa o 6,3% do total estatal, unha porcentaxe moi superior ao peso relativo da poboación galega (5,5% con datos provisionais a 1 de xaneiro de 2024). En relación ao ano anterior, este incremento foi do 5,1% (media española 3%).

O gasto sanitario per cápita é un indicador fundamental para avaliar o investimento en saúde dun territorio, xa que reflicte a cantidade media destinada á atención sanitaria de cada individuo nunha poboación. Este dato non só axuda a comprender a eficiencia e a calidade do sistema de saúde, senón que tamén é clave para identificar desigualdades no acceso aos servizos médicos.

O aumento do gasto sanitario unido ao estancamento da poboación, produce unha nova medra do gasto sanitario medio por habi-

Prestación farmacéutica a través de receita nas CC.AA. 2024

	Galicia			España		
	2024	24/23	24/11 (1)	2024	24/23	24/11 (1)
	(en millóns de euros)	*(%)*	*(%)*	*(en millóns de euros)*	*(%)*	*(%)*
Gasto farmacéutico	872,4	4,9	5,2	13.345,2	4,9	19,8
	(nº)	*(%)*	*(%)*	*(nº)*	*(%)*	*(%)*
Receitas facturadas	75.055.407	3,6	12,6	1.155.201.363	3,1	18,7
	(en euros)					
Gasto medio por receita facturada	11,62	1,2		11,55	1,7	

(1) variación antes/despois da reforma do modelo de prestación farmaceútica
Fonte: Ministerio de Sanidad, *Facturación de recetas médicas*

4.1.19.

tante. O gasto per cápita total ascendeu en Galicia a 1.918,6 euros, importe superior ao gasto medio a nivel estatal que se sitúa en 1.723,1 euros. Como mostra o **cadro 4.1.18.**, o gasto sanitario per cápita en Galicia sitúase por riba da media española ao longo de todo o período analizado, rexistrando un diferencial no último ano de 195,5 euros, o que supón 9 euros máis que o diferencial do ano anterior, sendo o segundo valor máis elevado de toda a serie considerada, só por detrás do diferencial rexistrado no ano 2021 (206,3 euros).

Finalmente no ano 2024, o gasto público en farmacia a través de receitas oficiais facturadas aumenta en Galicia un 4,9% ata situarse en 872,4 millóns de euros, asociado a un incremento do 3,6% no número de receitas respecto ao ano precedente. Tras esta evolución o importe medio por receita aumenta lixeiramente a 11,62 euros, un 1,2% máis que no ano anterior (aumenta un 1,7% en España) (**cadro 4.1.19.**). ❑

4.2. Pobreza e cohesión social

A pobreza e a cohesión social son dous conceptos interrelacionados que xogan un papel fundamental na estabilidade e o desenvolvemento de calquera sociedade. A pobreza, entendida como a falta de recursos suficientes para satisfacer as necesidades básicas de vida, non só afecta a calidade de vida dos individuos, senón que tamén pode provocar divisións e tensións dentro da sociedade. A cohesión social, por outro lado, refírese á capacidade dunha sociedade para garantir que todos os seus membros, independentemente da súa orixe, condición económica ou social, teñan as mesmas oportunidades e dereitos, promovendo a integración e a convivencia pacífica. Cando unha sociedade experimenta altos niveis de pobreza, a cohesión social vese comprometida, o que pode desembocar en conflitos sociais, desconfianza e un debilitamento das estruturas democráticas e solidarias. Resulta necesario a implantación de medidas dirixidas a eliminación da pobreza e á redución das desigualdades, xa que altos niveis de crecemento non levan aparellados, por si mesmos, reducións dos niveis de desigualdade social.

O conflito en Ucraína e a crecente inestabilidade mundial que persiste en 2024 intensificaron estes desafíos. A guerra en Ucraína, coas súas consecuencias humanitarias e económicas, xerou un aumento significativo nos prezos dos alimentos, a enerxía e outros bens esenciais, o que afectou a millóns de persoas a nivel global. Este contexto exacerbou a pobreza en diversas rexións, especialmente naquelas máis vulnerables ás crises económicas. Ademais, a inestabilidade política e social derivada da guerra creou novas tensións xeopolíticas, o que podería agravar aínda máis as desigualdades existentes. Neste escenario, os esforzos por mellora-la cohesión social nun mundo cada vez máis fragmentado son máis urxentes que nunca, e é fundamental encontrar solucións que non só aborden as consecuencias económicas da guerra, senón que tamén promovan unha maior solidariedade e cooperación internacional.

Indicadores de pobreza en Galicia 2020-23

		2020	2021	2022	2023
Taxa de risco de pobreza (1)	*(%)*	16,11	15,12	14,54	13,61
Taxa de risco de pobreza ou exclusión social (Estratexia Europa 2030) (2)	*(%)*	19,90	19,22	18,62	17,29
Limiar monetario de pobreza segundo a composición do fogar (3)					
Fogar composto por unha persoa	*(euros)*	743,91	796,97	840,00	903,33
Fogar composto por dous adultos	*(euros)*	1.115,87	1.195,45	1.260,00	1.355,00
Fogar composto por dous adultos e dous menores de 14 anos	*(euros)*	1.562,21	1.673,63	1.764,00	1.897,00
Distribución entorno da renda baixa mediana (4)					
Taxa de risco de pobreza (40% da mediana)	*(%)*	6,24	5,30	4,96	4,67
Taxa de risco de pobreza (50% da mediana)	*(%)*	10,79	9,11	9,13	8,68
Taxa de risco de pobreza (70% da mediana)	*(%)*	23,50	23,04	21,80	21,77

(1) A taxa de risco de pobreza é a porcentaxe de persoas cun ingreso equivalente inferior ao limiar de risco de pobreza de Galicia, que se establece no 60% da mediana de ingresos equivalentes

(2) a poboación en risco de pobreza ou exclusión social é aquela que está nalgunha das seguintes situacións:
- En risco de pobreza (o 60% da mediana dos ingresos por unidade de consumo)
- En carencia material severa
- Persoas de 0 a 59 anos en fogares sen ingresos de traballo ou con baixa intensidade de ingresos de traballo.
(3) o limiar monetario de risco de pobreza é o produto do limiar de risco de pobreza de Galicia polas unidades de consumo de cada fogar.
As unidades de consumo de cada fogar constrúense asignando 1 ao primeiro adulto (persoa de 14 ou máis anos), 0,5 ao resto de adultos dese fogar e 0,3 a cada neno (persoa de menos de 14 anos).

(4) a distribución entorno ao limiar da renda baixa é a porcentaxe de persoas que teñen uns ingresos equivalentes inferiores ao 40%, 50% e 70% da mediana de ingresos equivalentes
Data de consulta: 12/02/2025

Fonte: elaboración propia CES Galicia a partir de datos do IGE. *Enquisa estrutural a fogares* .

4.2.1.

A análise da evolución da pobreza e a cohesión social en Galicia, parte, en primeiro lugar do estudo da estrutura dos fogares atendendo fundamentalmente ao número de perceptores, así como dos gastos vinculados á vivenda. Neste senso, cómpre salientar que no ano 2024 a positiva evolución do mercado laboral e a recuperación da actividade económica, favorecen a caída no número de fogares sen perceptores de ingresos en Galicia.

A taxa de risco de pobreza ou exclusión social (Estratexia Europa 2030) descende en Galicia en 2023, para situarse no 17,29%. Así os datos da taxa de pobreza e desigualdade social mostran unha melloría, con taxas de pobreza máis reducidas e menores índices de desigualdade.

O terceiro apartado está dedicado á análise da dependencia, rexistrándose no último ano un incremento dos beneficiarios con prestacións así como un descenso do número daquelas persoas beneficiarias con dereito pero sen estaren atendidas. Asemade faise mención a dous recursos fundamentais para o coidado de maiores como son as residencias e os centros de día.

Finalmente complétase a análise cos principais datos correspondentes á familia e a infancia; á violencia de xénero e violencia doméstica; e, en último lugar, faise referencia á atención a menores.

Estrutura dos fogares

Entre os diversos indicadores demográficos que, xunto cos económicos e sociais, inflúen nos niveis de pobreza, desigualdade e benestar, destacan aqueles relacionados coa estrutura dos fogares. Estes indicadores baséanse en factores como o número de persoas que perciben ingresos no fogar, o tipo de ingresos, a cantidade de membros que compoñen a familia, ou a intensidade do traballo, entre outros aspectos.

O incremento nos niveis de ocupación e o

Vivendas familiares 2010-24 (1)

	2010	2020	2021	2022	2023	2024
	(miles de vivendas)					
Total fogares						
Galicia	**1.038,3**	**1.103,0**	**1.099,2**	**1.112,3**	**1.120,2**	**1.127,0**
A Coruña	433,3	459,2	459,6	460,6	463,5	470,8
Lugo	132,0	135,6	131,8	131,1	133,6	134,3
Ourense	131,6	135,1	137,1	139,4	138,6	138,4
Pontevedra	341,4	373,1	370,7	381,2	384,6	383,6
Fogares sen perceptores de ingresos						
Galicia	**19,6**	**34,1**	**30,6**	**27,4**	**28,6**	**24,6**
A Coruña	9,9	15,0	13,1	10,7	9,0	8,4
Lugo	1,9	2,6	2,1	2,5	3,1	3,2
Ourense	2,3	3,7	3,5	2,8	3,6	3,3
Pontevedra	5,5	12,8	11,8	11,3	12,9	9,7
Fogares cun só perceptor de ingresos						
Galicia	**394,6**	**460,6**	**467,1**	**479,4**	**476,8**	**479,2**
A Coruña	168,4	191,9	197,2	200,5	201,2	202,8
Lugo	47,4	52,8	52,7	53,0	52,8	51,9
Ourense	48,9	58,0	60,9	63,5	62,2	62,3
Pontevedra	129,9	158,0	156,4	162,4	160,6	162,2

(1) A partir de 2021, para que as persoas que residan nunha vivenda formen parte do mesmo fogar deben compartir gastos e orzamento. É dicir, a partir do primeiro trimestre de 2021 nunha mesma vivenda poden residir máis dun fogar

Fonte: IGE, *EPA*

4.2.2.

descenso do número de desempregados no último ano en Galicia, reverte nunha estimación, por parte de EPA, de caída no número de fogares sen perceptores de ingresos. En Galicia en 2024 estímanse 24.600 fogares nos que non existen ningunha persoa perceptora dun ingreso salarial ou dalgún tipo de pensión ou prestación por desemprego, 4.000 fogares menos que no ano 2023. A porcentaxe de fogares sen ingresos en Galicia é do 2,2% do total de vivendas, tres décimas porcentuais menos que no ano anterior; nesta porcentaxe hai que ter en conta que, para que as persoas que residan nunha vivenda formen parte do mesmo fogar deben compartir gastos e orzamento, por tanto nunha mesma vivenda poden residir máis dun fogar.

Pola contra, o número de fogares cunha soa persoa perceptora dalgún ingreso económico aumenta no último ano ata os 479.200, un 0,5% máis que no ano anterior (2.400 fogares máis), o que representa o 42,5% dos fogares galegos.

O **cadro 4.2.2.** presenta datos da estrutura dos fogares a nivel provincial entre 2010 e 2024; observándose varias tendencias e patróns en función dos tipos de fogares e a súa distribución. No que respecta ao total de fogares no período 2010-2024, o seu número aumenta en Galicia e nas catro provincias, sendo Pontevedra a que presenta un maior crecemento.

En relación á evolución nos dous últimos anos, o número de fogares sen ingresos baixa en todas as provincias agás en Lugo. En concreto na provincia de A Coruña rexístranse 8.400 fogares sen ingresos, 600 fogares menos que no ano anterior. A provincia de Pontevedra acolle a 9.700 fogares sen ingresos, o que supón 3.200 fogares menos que no anterior, Ourense reduce en 300 os fogares

sen ingresos ata os 3.300 en 2024, e, finalmente, Lugo incrementa levemente en 100 os fogares sen ingresos ata acadar 3.200.

No ano 2024, Pontevedra continúa sendo a provincia galega con maior número de fogares nesta situación, con 9.700 fogares sen perceptores de ingresos, por diante da Coruña, con 8.400 fogares; estas dúas provincias concentran o 74,6% dos fogares sen ingresos e o 75,8 % do total de fogares rexistrados no conxunto da Comunidade.

No que respecta aos fogares cun só perceptor, tal como se sinalou anteriormente, en Galicia o número de fogares cun só perceptor de ingresos permaneceu relativamente estable, pasando de 476,8 mil en 2023 a 479,2 mil en 2024, cun aumento de 2,4 mil fogares. Na provincia de A Coruña a cifra subiu de 201,2 mil en 2023 a 202,8 mil en 2024, cun aumento de 1,6 mil fogares; en Ourense e Pontevedra tamén aumentou o número de fogares con un só perceptor de ingresos con 100 e 1.600 fogares máis respectivamente; sendo esta última a provincia cun maior incremento proporcional deste tipo de fogares. Lugo é a excepción, cunha leve diminución de 900 fogares menos cun só perceptor.

Tras esta evolución, o 38,6% dos fogares de Lugo (51.900 fogares) teñen un só perceptor, fronte ao 45% de Ourense (62.300 fogares). Este peso relativo ascende ata o 43,1% na Coruña e 42,3% en Pontevedra (202.800 e 162.200 respectivamente). No conxunto da Comunidade Autónoma case corenta e tres de cada cen fogares está composto por unha única persoa perceptora de ingresos.

Segundo datos da Enquisa de Poboación Activa, en 2023 hai en Galicia un total de 360.300 vivendas nas que ningún dos seus membros ten a condición de activo, o que representa o 32% do total das vivendas familiares en Galicia, porcentaxe unha décima superior á do ano anterior. Nos últimos 15 anos obsérvase un crecemento constante do número de fogares con ningún membro activo, isto é, sen ningún membro en idade de traballar ou na procura de emprego; o que podería reflectir unha maior dependencia de pensións ou axudas sociais consecuencia do envellecemento da poboación e do incremento do número de fogares unipersoais.

O número de vivendas con polo menos un activo, no último ano sitúase en 766.800 fogares (4.400 máis que no ano anterior; 0,6% máis); rexistrándose un incremento importante no caso dos fogares onde todos os membros activos están ocupados, que en 2024 se sitúa en 661.100 fogares, 11.500 máis que no ano precedente (1,8%). Finalmente destacar que no último ano se reducen o número de fogares onde todos os seus membros activos son parados ata os 43.200 fogares, 6.600 menos que no ano anterior.

A capacidade de ingresos, os gastos, e en particular o gasto en bens e servizos fundamentais, tamén teñen influencia na presenza de situacións de carencia material. Neste senso, a *Enquisa de presupostos familiares* publicada polo INE, con datos correspondentes ao ano 2023 (último dato dispoñible no momento de elaboración desta Memoria), está deseñada para recoller o gasto dos diferentes bens e servizos de consumo. O gasto total aumentou de maneira continua desde 2019 ata 2023. En 2019, o total dos gastos foi de 26.846,48 €, e en 2023 incrementouse a 32.558,35 €, o que representa un aumento significativo do 21,1% neste período de 4 anos. Os grupos de gasto que experimentaron un maior aumento nos últimos 4 anos son *Alimentos* (33%), *Restauración e comedores* (37,5%) e *Utilización de vehículos persoais* (31,2%). Estes aumentos poderían estar vinculados a factores como a inflación, o aumento dos prezos dos produtos

Gastos medios por fogar e distribución porcentual en Galicia e España 2019-23

	Galicia							
	2023		2022		2021		2019	
	(€)	(%)	(€)	(%)	(€)	(%)	(€)	(%)
Alugueres imputados de vivenda	5.647,75	17,3	5.856,98	18,8	5.587,75	19,7	5.257,50	19,6
Alimentos	5.263,93	16,2	4.955,51	15,9	4.933,47	17,4	3.958,14	14,7
Restauración e comedores	2.783,01	8,5	2.357,20	7,6	1.680,02	5,9	2.024,26	7,5
Utilización de vehículos personais	2.985,10	9,2	3.102,14	10,0	2.411,88	8,5	2.277,45	8,5
Alugueres reais de vivenda	898,48	2,8	650,13	2,1	619,96	2,2	679,03	2,5
Electricidade, gas e outros combustibles	1.284,39	3,9	1.555,28	5,0	1.217,98	4,3	1.174,86	4,4
Seguros	1.122,31	3,4	1.051,00	3,4	1.042,29	3,7	978,85	3,6
Adquisición de vehículos	1.074,45	3,3	1.316,86	4,2	1.033,65	3,6	1.083,12	4,0
Vestido	1.115,31	3,4	987,37	3,2	978,67	3,4	1.175,94	4,4
Subministro de auga e outros servizos relacionados coa vivenda	671,91	2,1	597,08	1,9	678,68	2,4	592,05	2,2
Coidado persoal	872,77	2,7	851,92	2,7	754,74	2,7	704,02	2,6
Servizos postais, de telefonía e fax	786,97	2,4	796,46	2,6	822,47	2,9	813,74	3,0
Produtos, aparellos e equipos médicos	854,09	2,6	765,78	2,5	731,01	2,6	684,93	2,6
Bens e servizos para o mantemento corrente do fogar	602,84	1,9	533,12	1,7	490,26	1,7	445,38	1,7
Servizos recreativos, deportes e culturais	564,13	1,7	500,76	1,6	418,73	1,5	370,46	1,4
	32.558,35	**100**	**31.115,19**	**100**	**28.429,63**	**100**	**26.846,48**	**100**

	España							
	2023		2022		2021		2019	
	(€)	(%)	(€)	(%)	(€)	(%)	(€)	(%)
Alugueres imputados de vivenda	6.653,25	20,4	6.562,95	20,8	6.516,39	22,3	6.038,61	20,0
Alimentos	4.965,13	15,2	4.689,98	14,9	4.475,99	15,3	3.991,67	13,2
Restauración e comedores	2.897,14	8,9	2.568,00	8,1	1.995,50	6,8	2.589,63	8,6
Utilización de vehículos personais	2.342,69	7,2	2.344,67	7,4	1.928,13	6,6	2.125,99	7,0
Alugueres reais de vivenda	1.345,99	4,1	1.166,05	3,7	1.063,04	3,6	1.129,56	3,7
Electricidade, gas e outros combustibles	1.247,85	3,8	1.411,52	4,5	1.191,83	4,1	1.177,96	3,9
Seguros	1.146,83	3,5	1.132,40	3,6	1.099,01	3,8	1.055,47	3,5
Adquisición de vehículos	1.088,87	3,3	1.133,62	3,6	1.070,61	3,7	1.322,44	4,4
Vestido	998,19	3,1	936,13	3,0	864,82	3,0	1.068,84	3,5
Subministro de auga e outros servizos relacionados coa vivenda	865,85	2,7	875,11	2,8	851,25	2,9	820,27	2,7
Coidado persoal	855,26	2,6	802,57	2,5	731,25	2,5	780,26	2,6
Servizos postais, de telefonía e fax	796,48	2,4	826,04	2,6	848,64	2,9	851,02	2,8
Produtos, aparellos e equipos médicos	739,16	2,3	746,02	2,4	745,92	2,6	656,02	2,2
Bens e servizos para o mantemento corrente do fogar	603,23	1,8	568,53	1,8	535,72	1,8	584,88	1,9
Servizos recreativos, deportes e culturais	518,26	1,6	476,68	1,5	375,07	1,3	535,47	1,8
	32.616,66	**100**	**31.567,71**	**100**	**29.243,61**	**100**	**30.242,76**	**100**

Fonte: INE, *Encuesta de presupuestos familiares.*


4.2.3.

básicos e a maior demanda de servizos de restauración e transporte.

Dentro da distribución do gasto dos fogares en Galicia no ano 2023, a maior parte concéntrase fundamentalmente no grupo de aluguer imputado á vivenda, alimentos e utilización de vehículos persoais. En concreto no ano 2023 os maiores gastos dos fogares galegos foron para:

1. Alugueiros imputados á vivenda. Con 5.647,75 €, este grupo representa o 18,2% do gasto total en 2023, sendo a categoría con maior peso dentro do gasto familiar. Aínda que experimentou

Prezos da electricidade e gas natural para consumidores domésticos en España e UE-27 2009-24 (1)



(1) prezo base 2009=100
Fonte: EUROSTAT

4.2.4.

unha lixeira diminución respecto a 2022, segue sendo unha das principais partidas de gasto.

2. Alimentos. Con 5.263,93 €, o gasto en alimentos representou o 16,9% do gasto total en 2023. Cun aumento con respecto a anos anteriores, segue sendo unha das áreas de maior gasto para as familias galegas, o que reflicte a importancia da alimentación dentro do orzamento familiar.

3. Utilización de vehículos persoais. Con 2.985,10 €, o gasto na utilización de vehículos persoais representou o 9,6% do gasto total en 2023.

4. Restauración e comedores. Con 2.783,01 €, o gasto en restauración e comedores alcanzou o 8,9% do gasto total en 2023.

5. Electricidade, gas e outros combustibles. Con 1.284,39 €, este grupo representou o 4,1% do gasto total en 2023. A pesar da redución no gasto en comparación con 2022, segue sendo unha das categorías que máis impacto ten no orzamento familiar debido aos custos de enerxía.

No que respecta aos prezos da electricidade e gas de uso doméstico (**cadro 4.2.4.**), durante 2024, os prezos da electricidade e o gas na UE e España mostraron tendencias mixtas, con incrementos nos impostos que afectaron ao prezo da electricidade e reducións no compo-

Vivendas con execucións hipotecarias iniciadas 2023-24

	2024		2023	
	Galicia	España	Galicia	España
Nº total de fincas	706	20.262	517	19.326
Vivendas	373	12.655	289	13.151
Vivenda nova	28	1.197	20	1.206
Vivenda segunda man	345	11.458	269	11.945
Persoas físicas	313	10.713	263	11.369
Persoas xurídicas	60	1.942	26	1.782

Fonte: INE, *Estadísticas sobre ejecuciones hipotecarias*

4.2.5.

ñente enerxético que levaron a unha diminución nos prezos do gas. Estas variacións reflicten a complexidade do mercado enerxético europeo e as políticas implementadas para mitigar os efectos da crise enerxética.

Asociado aos gastos de vivenda, están os gastos hipotecarios e as execucións hipotecarias derivadas das dificultades de pago. Os datos do INE sobre vivendas con execucións hipotecarias que se inician e inscriben nos rexistros da propiedade, mostran un aumento, tanto no caso das vivendas novas, como no caso das vivendas de segunda man. Ao longo do ano 2024 iniciáronse en Galicia un total de 373 execucións hipotecarias de vivendas (un 29% máis que no ano anterior), das que 28 corresponden a execucións sobre vivendas novas (40% máis) e 345 a vivendas de segunda man (28,2% máis). Neste último ano, o peso relativo das execucións hipotecarias iniciadas na Comunidade Autónoma no total estatal aumenta ata o 2,9%, sete décimas por encima do ano anterior, situándose esta porcentaxe no 2,3% no caso das vivendas novas e no 3% no das execucións en vivendas de segunda man.

A estatística sobre execucións hipotecarias, **cadro 4.2.5.**, mostra como 8,4 de cada dez vivendas con execución hipotecaria en Galicia no ano 2024 o seu titular é unha persoa física, semellante á media estatal (8,6).


Comparado co ano anterior, aumenta nun 19% o número de execucións hipotecarias de persoas físicas en Galicia, fronte á redución rexistrada no conxunto do Estado (-5,8%). Así mesmo, as execucións de persoas xurídicas aumenta un 131% en Galicia e un 9% de media en España.

Segundo os datos do Consejo General del Poder Judicial (CGPJ), **cadro 4.2.6.**, o número de desafiuzamentos practicados polo non pagamento de aluguer mantense en 2023 para situarse nos 959 desafiuzamentos, (963 no ano anterior). Tras o incremento do 4,5% no conxunto do Estado, Galicia concentra o 4,7% dos desafiuzamentos practicados en España, dúas décimas menos que no ano anterior.

Niveis de pobreza e desigualdade de renda

Para coñecer os niveis de pobreza e desigualdade que afectan ao territorio, basearémonos, entre outras, na Enquisa Estrutural a Fogares elaborada polo IGE correspondente ao ano 2023 (último dato dispoñible), que ten por obxecto obter información sobre as características socioeconómicas dos fogares galegos.

Lanzamentos practicados como consecuencia de procedementos derivados da Lei de Arrendamentos Urbanos 2013-2024



Fonte: Consejo General del Poder Judicial

4.2.6.

O indicador de pobreza utilizado é o definido na Estratexia Europa 2030, que abarca máis variables ademais da desigualdade monetaria e incorpora aspectos como a situación laboral ou a escaseza de recursos materiais. A poboación en risco de pobreza ou exclusión social na Estratexia Europa 2030, é aquela que está nalgunha das seguintes situacións:

1.- En risco de pobreza: o ingreso por unidade de consumo está por debaixo do 60% da mediana dos ingresos por unidade de consumo.

2.- En carencia material e social severa. Unha persoa está en situación de carencia material e social severa cando ten carencia, polo menos, en sete conceptos dos seguintes:

A nivel de fogar:

- Non se pode permitir ir de vacacións polo menos unha semana ao ano.
- Non se pode permitir unha comida de carne, polo ou pescado polo menos cada dous días.
- Non se pode permitir manter a vivenda cunha temperatura adecuada.
- Non ten capacidade para facer fronte a gastos imprevistos.
- Tivo atrasos no pagamento de gastos relacionados coa vivenda principal (hipoteca ou alugueiro, gas, comunidade...).
- Non se pode permitir dispoñer de coche.
- Non se pode permitir substituír os mobles deteriorados ou vellos.

A nivel de persoa:

- Non se pode permitir substituír as roupas deterioradas por outras novas.
- Non se pode permitir ter dous pares de zapatos.
- Non se pode permitir reunirse con amizades e/ou familiares para comer

Risco de pobreza ou exclusión social (Estratexia Europa 2030) 2019-23 (1)

	2019	2020	2021	2022	2023
			(%)		
Total	**19,38**	**19,90**	**19,22**	**18,62**	**17,29**
A Coruña	18,69	19,19	18,24	18,33	17,83
Lugo	18,63	16,43	18,65	14,95	15,93
Ourense	22,27	22,65	20,62	22,74	20,64
Pontevedra	19,52	21,06	20,13	18,89	16,04
Nacionalidade					
Española	18,27	18,45	17,90	16,91	15,63
Estranxeira	54,12	60,51	55,78	53,39	50,05
Fogares con ou sen nenos e mozos a cargo (2)					
Fogares con nenos e mozos a cargo	20,56	22,73	21,59	21,69	19,29
Un adulto con nenos e mozos a cargo	46,02	54,71	53,09	52,93	55,06
Dous adultos con nenos e mozos a cargo	19,84	21,68	19,90	19,82	16,11
Dous adultos cun neno e mozo a cargo	15,39	18,22	15,31	16,78	13,40
Dous adultos con dous ou máis nenos e mozos a cargo	23,35	24,38	23,19	22,20	18,37
Tres ou máis adultos con nenos e mozos a cargo	16,66	17,88	18,32	18,56	18,42
Fogares sen nenos e mozos a cargo	18,43	17,64	17,39	16,31	15,83
Un adulto sen nenos e mozos a cargo	29,07	27,62	31,12	29,46	24,34
Dous adultos sen nenos e mozos a cargo	17,07	18,20	16,56	16,42	15,57
Tres ou máis adultos sen nenos e mozos a cargo	15,61	12,61	12,52	10,82	12,16
Fogares segundo tipoloxías					
Unipersoal	29,07	27,62	31,12	29,46	24,34
Sen núcleo	20,45	27,62	23,15	26,73	26,85
Parella con fillos	17,79	18,42	17,26	16,88	14,29
Parella sen fillos	14,38	15,59	14,48	13,26	12,98
Monoparental	30,98	34,83	31,93	34,01	31,19
Un núcleo e outros	18,08	15,59	17,20	14,11	16,89
Varios núcleos	15,26	14,70	13,74	14,20	16,20

(1) a poboación en risco de pobreza ou exclusión social é aquela que está nalgunha das seguintes situación: 1)En risco de pobreza (o 60% da mediana dos ingresos por unidade de consumo) 2)En carencia material e social severa; 3)Persoas de 0 a 64 anos en fogares con baixa intensidade laboral.
(2) Considéranse "nenos e mozos a cargo" todos os menores de 18 anos e as persoas de 18 a 24 anos que non percibiron ingresos por traballo nin prestacións e que conviven, polo menos, cun dos pais.
Fonte: IGE, *Enquisa estrutural a fogares*

4.2.7.

ou tomar algo ao menos unha vez ao mes.
• Non se pode permitir participar regularmente en actividades de ocio.
• Non se pode permitir gastar unha pequena cantidade de diñeiro en si mesmo cada semana.
• Non se pode permitir dispoñer de conexión a internet para uso persoal no fogar.

3.- Persoas de 0 a 64 anos que viven en fogares con baixa intensidade laboral. Unha persoa vive nun fogar con baixa intensidade laboral cando o número de días que as persoas de 18 a 64 anos dese fogar (excluíndo as persoas estudantes de 18 a 24 anos, as persoas retiradas ou xubiladas e as persoas de 60 a 64 anos inactivas que viven nun fogar cuxo ingreso principal son as pensións) tiveron ingresos por traballo, prestacións por ERTE ou prestacións por cese de actividade debidas á pandemia supón ata o 20% do número total de días que poderían telos durante o ano natural anterior á realización da enquisa.

A taxa de risco de pobreza ou exclusión social (Estratexia Europa 2030) (**cadro 4.2.7.**), descende en Galicia en 2023, para situarse no 17,29%, por debaixo da taxa rexistrada no ano 2019.

Taxa de risco de pobreza ou exclusión social (Estratexia Europa 2030) 2019-23: distribución segundo sexo e grupos de idade(1)

	2019			2020			2021			2022			2023		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
						(%)									
Total	19,38	19,27	19,47	19,9	19,29	20,47	19,22	18,68	19,72	18,62	17,68	19,49	17,29	16,39	18,13
Menos de 16 anos	21,44	22,08	20,76	24,58	23,97	25,24	23,27	23,05	23,50	23,92	23,02	24,87	21,48	21,48	21,47
De 16 a 24 anos	24,70	24,46	24,96	26,23	24,86	27,72	25,01	24,10	25,97	23,95	24,75	23,09	21,41	20,42	22,46
De 25 a 49 anos	18,00	17,14	18,85	20,94	19,52	22,35	18,42	18,08	18,76	18,20	16,50	19,89	16,67	15,36	17,97
De 50 a 64 anos	24,69	25,35	24,07	22,98	23,47	22,51	23,43	23,02	23,81	21,66	20,87	22,40	21,52	20,20	22,77
De 65 ou máis anos	13,91	13,01	14,60	11,71	10,13	12,91	12,88	10,89	14,40	12,38	10,70	13,66	11,15	9,83	12,16

(1) a poboación en risco de pobreza ou exclusión social é aquela que está nalgunha das seguintes situación: 1)En risco de pobreza (o 60% da mediana dos ingresos por unidade de consumo) 2)En carencia material e social severa; 3)Persoas de 0 a 64 anos en fogares con baixa intensidade laboral.

Fonte: IGE, *Enquisa estrutural a fogares*

4.2.8.

A distribución provincial da taxa de risco de pobreza non é homoxénea, presentando as provincias de Lugo e Pontevedra as taxas de risco de pobreza ou exclusión social máis reducidas, con taxas inferiores á media galega. A pesar de rexistrarse un incremento en relación a 2022, Lugo segue presentando en 2023 a taxa de pobreza ou exclusión social máis reducida, con 15,93%, situándose esta porcentaxe en 16,04% en Pontevedra; no extremo oposto Ourense rexistra a taxa de pobreza ou exclusión social máis elevada, con 20,64% , sendo do 17,83% na Coruña.

As provincias de Pontevedra, Ourense e A Coruña presentan unha menor taxa de pobreza que no anterior; unha mellora que de 2,8, 2,1, e 0,5 puntos porcentuais respectivamente, fronte ao incremento de un punto porcentual rexistrado na taxa de pobreza da provincia de Lugo.

Tal como acontecía coas provincias, a análise da taxa de risco de pobreza a nivel de áreas xeográficas tampouco é homoxénea dentro de cada provincia, rexistrándose áreas con incrementos de taxas de pobreza en todas as provincias. Neste senso é especialmente destacable os incrementos de máis de cinco puntos nas áreas de A Mariña e de Lugo Sur, aumentos de 4,5 puntos na área de O Carballiño- O Ribeiro, e de 2,7 e 2,1 puntos nas áreas de A Coruña e O Morrazo respectivamente.

Xunto coas áreas xeográficas, o tamaño dos municipios tamén supón diferencias entre as taxas de pobreza; neste senso, as porcentaxes máis reducidas da taxa de pobreza ou exclusión social en 2023 corresponden aos concellos de menos de dez mil habitantes, cunha taxa do 15,2%. A taxa máis elevada rexístrase nos concellos cunha poboación entre 20.000 e 50.000 habitantes, co 20,3%.

O xénero e a idade tamén determinan a existencia de diferenzas no risco de pobreza. No que se refire á franxa de idade, o **cadro 4.2.8.** mostra como en Galicia a poboación menor de 16 anos, entre 16 e 24 anos e de 50 a 64 anos presentan unha taxa de pobreza (UE 2030) próxima nos tres intervalos de idade ao 22%; sendo a poboación maior de 65 anos a que rexistra a taxa máis reducida, co 11,1%.

Entre o 31 de decembro de 2019 e de 2023, a taxa de risco de pobreza e exclusión social redúcese entre os homes en 2,9 puntos porcentuais, mentres que entre as mulleres a caída foi só de 1,3 puntos porcentuais. Xunto coas persoas maiores de 65 anos, o grupo de idade de 50 a 64 anos rexistra unha redución

da taxa de pobreza no citado período de 5,1 puntos porcentuais para os homes e de 1,3 puntos para as mulleres na dita franxa de idade.

As persoas con nacionalidade estranxeira presentan un risco de pobreza e exclusión moi superior ao rexistrado para as persoas con nacionalidade española. A taxa de pobreza para as persoas de nacionalidade estranxeira sitúase no 50%, o que supón 3,3 puntos porcentuais menos que no ano anterior, a taxa de risco entre as persoas con nacionalidade española pasa do 16,9% en 2022 ata o 15,6% a 31 de decembro de 2023.

Outro dos factores determinantes que inciden no risco de pobreza e exclusión social son as responsabilidades familiares, así como a composición e características dos fogares. Como acontece cada ano, o maior risco de pobreza con gran diferenza segue a rexistrarse nos fogares compostos por só un adulto con nenos e mozos a cargo, acadando o 55,1%, 2,1 puntos porcentuais máis que no ano anterior. Por tanto, por tipoloxías de fogares, os monoparentais son os que rexistran unha maior taxa de pobreza, co 31,2% dos mesmos en situación de risco de pobreza ou exclusión (34% no ano anterior), por diante dos fogares sen núcleo e unipersoais, cunha taxa do 26,8% e 24,3%, respectivamente.

• **Desigualdade**

En relación coa redución das desigualdades sociais, a adaptación da Axenda 2030 á realidade de Galicia, no marco do ODS 10, enfocado na diminución das desigualdades, establece unha serie de obxectivos que abordan retos específicos presentes na nosa sociedade. Entre estes obxectivos, destacan os que buscan aumentar os ingresos do 40% máis desfavorecido da poboación a un ritmo superior ao do conxunto da sociedade galega; fomentar a inclusión en ámbitos sociais, económicos e políticos; ou promover a igualdade de oportunidades e reducir as desigualdades, un desafío que en Galicia se vincula tamén á necesidade de avanzar na cohesión territorial. Ademais, inclúense medidas orientadas á adopción de políticas fiscais, salariais e de protección social que favorezan unha maior equidade.

Os principais indicadores utilizados para medir a desigualdade de ingresos e proporcionar unha visión sobre a súa situación e evolución son o coeficiente de Gini e a distribución da renda, especialmente o índice S80/S20.

Como reflicte o **cadro 4.2.9.**, no ano 2023 os indicadores parecen mostrar que no último ano continúa a tendencia á redución lenta das desigualdades, mantendo así mesmo, valores inferiores á media estatal.

Dunha banda, o coeficiente de Gini é un número entre 0 e 1, onde 0 corresponde coa perfecta igualdade (todos teñen os mesmos ingresos) e o valor 1 coa perfecta desigualdade (unha persoa ten todos os ingresos e os demais ningún). Ao longo de toda a serie analizada, o valor do índice de Gini nas catro provincias galegas é inferior ao rexistrado no conxunto do Estado, acadando en Galicia no ano 2023, último dato dispoñible, un valor de 0,247. Só a provincia de Pontevedra presenta no ano 2023 un valor do coeficiente inferior á media galega, cun 0,228; as provincias da Coruña, Ourense e Lugo presentan valores superiores á media galega.

Doutra banda, o indicador da distribución da renda S80/S20 calcúlase como o cociente entre o ingreso medio equivalente do quintil máis rico da poboación e o ingreso medio equivalente do quintil máis pobre. Este indicador mostra que no ano 2023 os ingresos

Desigualdade en Galicia e España 2019-23: Índice de Gini e distribución da renda S80/S20 (1)

Índice de Gini (2)

	2019	2020	2021	2022	2023
Galicia	**0,261**	**0,266**	**0,257**	**0,252**	**0,247**
A Coruña	0,268	0,272	0,261	0,255	0,256
Lugo	0,241	0,249	0,251	0,242	0,251
Ourense	0,256	0,262	0,251	0,255	0,261
Pontevedra	0,257	0,264	0,252	0,247	0,228
España (4)	**0,330**	**0,321**	**0,330**	**0,320**	**0,315**

Distribución da renda S80/S20 (3)

	2019	2020	2021	2022	2023
Galicia	**3,95**	**4,15**	**3,86**	**3,78**	**3,67**
A Coruña	4,08	4,35	3,96	3,82	3,86
Lugo	3,63	3,80	3,85	3,56	3,65
Ourense	4,03	4,11	3,70	4,02	4,15
Pontevedra	3,83	4,04	3,77	3,73	3,34
España (4)	**5,900**	**5,800**	**6,200**	**5,600**	**5,500**

(1) datos a 31 de decembro de cada ano

(2) o índice de Gini mide a concentración dunha distribución de rendas entre os membros dun colectivo a partir do ingreso equivalente por persoa sendo éste o ingreso equivalente do fogar ao que pertence.

(3) distribución da renda S80/S20: cociente entre o ingreso medio equivalente do quintil máis rico da poboación e o ingreso medio equivalente do quintil máis pobre.

(4) datos extraídos da Encuesta de condiciones de vida do INE. Os datos do INE fan referencia á renda do ano anterior á entrevista. Na taboa están integrados no ano que corresponden.

Fonte: IGE e INE

■ 4.2.8.

medios do quintil máis rico da poboación superan en 3,67 veces aos ingresos medios do quintil de poboación máis pobre. No conxunto do Estado o quintil máis rico da poboación ten, de media, un ingreso medio 5,5 veces superiores ao quintil de poboación máis pobre.

Ao igual que no índice de Gini, a provincia de Pontevedra é a única que no ano 2023 presenta unha mellora de equidade no valor da distribución, acadando os valores máis reducidos das catro provincias galegas. O indicador S80/S20 ascende a 4,15 en Ourense, en tanto que os ingresos do quintil máis rico da poboación de A Coruña supera en 3,86 veces aos ingresos medios do quintil máis pobre. Este indicador é do 3,65 na provincia de Lugo e do 3,34 en Pontevedra.

Dependencia e discapacidade

En contextos de dependencia, acceder a uns ingresos suficientes para cubrir as necesidades básicas resulta especialmente complexo, xa que as persoas afectadas, ademais de ter limitacións para xerarse recursos, deben asumir custos adicionais derivados das súas condicións particulares. Este desequilibrio económico afecta negativamente ao seu benestar. Os fogares con membros con discapacidade ou dependencia experimentan, así, niveis de renda máis baixos e unha maior incidencia da pobreza en comparación co resto da poboación. As prestacións, tanto en efectivo como en servizos, xogan un papel fundamental para aliviar a súa situación económica, reducindo a súa vulnerabilidade ao risco de

Dependencia en Galicia e España 2023-24: principais indicadores (1)

	2024			2023		
	Galicia	España	G/E	Galicia	España	G/E
			(%)			(%)
Solicitudes	85.251	2.165.648	3,9	83.919	2.061.372	4,1
Resolucións	85.199	2.037.769	4,2	83.386	1.944.185	4,3
Beneficiarios con dereito a prestación	78.452	1.636.757	4,8	75.584	1.567.107	4,8
Grado III	25.794	432.244	6,0	26.416	431.679	6,1
Grado II	26.936	612.870	4,4	25.890	592.130	4,4
Grado I	25.722	591.643	4,3	23.278	543.298	4,3
Beneficiarios con prestación	77.196	1.518.424	5,1	73.691	1.411.866	5,2
Prestacións	105.321	2.125.145	5,0	89.704	1.906.051	4,7
Prevención dependencia e Promoción A. Persoal	6.210	78.342	7,9	5.977	69.697	8,6
Teleasistencia	21.170	524.561	4,0	9.655	427.677	2,3
Axuda a domicilio	24.636	357.497	6,9	25.476	343.152	7,4
Centros de día/noite	9.033	110.349	8,2	8.818	104.917	8,4
Atención residencial	6.780	184.545	3,7	7.048	181.817	3,9
P. Económica vinculada servizo	16.339	222.787	7,3	14.942	210.403	7,1
P. Económica coidados familiares	21.018	636.030	3,3	17.655	558.234	3,2
P. Económica Asist. persoal	135	11.034	1,2	133	10.154	1,3
Rateo prestacións por persoa beneficiaria	1,36	1,40		1,22	1,35	

Grao III.- Gran dependencia: cando a persoa precisa axuda para realizar varias actividades básicas da vida cotiá varias veces ao día e, pola súa perda total de autonomía física, mental, intelectual ou sensorial, precisa o apoio indispensable e continuo doutra persoa ou ten necesidades de apoio xeneralizado para a súa autonomía persoal.

Grao II.- Dependencia grave: cando a persoa precisa axuda para realizar varias actividades básicas da vida cotiá, dúas ou tres veces ao día, pero non quere o apoio permanente dun coidador ou ten necesidades de apoio extenso para a súa autonomía persoal.

Grao I.- Dependencia moderada: cando a persoa precisa axuda para realizar varias actividades básicas da vida cotiá, polo menos unha vez ao día, ou ten necesidades de apoio intermitente ou limitado para a súa autonomía persoal.

(1) datos a 31 de decembro

Fonte: IMSERSO, *Sistema para la autonomía y atención a la dependencia*

4.2.10.

pobreza e mellorando as súas condicións de vida.

Os datos do IMSERSO facilitados polo Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD) (**cadro 4.2.10.**) reflicten que en 2024 se formalizaron en Galicia un total de 85.251 solicitudes para acceder ás prestacións do SAAD, o que representa o 3,9% do total estatal. Comparado co ano anterior, o número de solicitudes medra en Galicia un 1,6% (1.332 solicitudes máis), incremento moi inferior ao rexistrado no conxunto do Estado (5,1%).

En relación á poboación empadroada en Galicia, as solicitudes rexistradas representan o 3,15% da poboación da Comunidade Autónoma, fronte ao 4,5% de media no conxunto de España. Esta porcentaxe coloca a Galicia como a segunda Comunidade Autónoma con menor peso relativo tras Navarra (3,09%). Se a comparación do número de solicitudes rexistradas no sistema se realiza co volume de poboación potencialmente dependente, Galicia sitúase como a Comunidade coa menor porcentaxe cun 17,7% fronte ao 33,4% de poboación media estatal potencialmente dependente que solicita o servizo.

No ano 2024, xunto ao aumento sinalado do 1,6% no número de solicitudes, o incremento no número de resolucións é levemente superior cun 2,2% máis, polo que no ano 2024 se reduce considerablemente o número de solicitudes pendentes de valoración, que pasa das 533 solicitudes en 2023 ás 52 solicitudes

en lista de agarda de valoración no ano 2024. Fronte á sinalada redución da lista de agarda, o tempo medio desde a solicitude de dependencia ata a resolución da prestación aumentou ata os 386 días en Galicia, 24 días máis que en 2023. Galicia é a cuarta Comunidade Autónoma cun maior tempo de agarda.

O **cadro 4.2.10.** mostra como o 7,9% das resolucións emitidas foron negativas, resultando o 92,1% dos ditames positivos e por tanto cun recoñecemento de grao de dependencia (78.452 ditames).

No que respecta ás resolucións de grao, no ano 2024 aumenta no conxunto do Estado pero diminúen en Galicia, o número de persoas recoñecidas como grandes dependentes (grao III), que se sitúa en Galicia nas 25.794 persoas, 622 menos que no ano anterior, o que supón un caída do 2,3%, fronte ao incremento do 0,2% rexistrado de media no Estado. O número de beneficiarios con prestacións de grao II ou dependencia grave, aumentan, acadando as 26.936 persoas (1.046 máis que en 2023). Tamén se rexistra un aumento no caso dos beneficiarios de grao I, afectación moderada, cun aumento do 10,5% (2.444 beneficiarios máis), para situarse en 25.722 beneficiarios rexistrados no último ano.

A asignación da prestación realízase mediante resolución administrativa, do Programa Individual de Atención (PIA), onde se determina a prestación ou servizo que lle corresponde a cada persoa dependente en función, entre outros aspectos, do seu grao de discapacidade e da súa capacidade económica. O número de persoas atendidas polo sistema de dependencia ascende no último ano ata as 77.196 beneficiarias e beneficiarios, un 4,8% máis que no ano anterior, o que representa o 5,1% do total estatal. Atendendo ao peso relativo na poboación total de Galicia, os beneficiarios con prestacións representan o 2,9%, (3,2% en España).

No ano 2024 descende de xeito moi significativo o número de persoas beneficiarias con dereito pero sen estaren atendidas; neste senso o sistema continúa sen atender en Galicia a 1.256 persoas cunha valoración positiva para acceder ás prestacións, o que supón 637 persoas beneficiarias menos con dereito pero sen prestación que no ano anterior. Por tanto o 1,6% das persoas dependentes con dereito a prestación non están sendo atendidas (2,5% no ano anterior), sendo esta porcentaxe case seis puntos inferior á do conxunto do Estado (7,2%).

Segundo o tipo de prestación proporcionada, estas poderán ser, ou ben prestacións económicas para coidados familiares e vinculadas a servizos concretos, ou ben ter a natureza de servizos. A Lei de dependencia determina o catálogo de servizos sociais, que comprenden os servizos de prevención da situación de dependencia e promoción da autonomía persoal, teleasistencia, o servizo de axuda a domicilio, os centros de día e de noite, e os servizos de atención residencial.

O recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ao acceso aos servizos ou prestacións económicas corresponde á Administración autonómica; mentres que as Administracións locais participan na xestión dos servizos de atención. O número de prestacións concedidas ás persoas beneficiarias en 2024 increméntase de xeito notable, acadando as 105.321 prestacións, un 17,4% máis que no ano anterior. Como consecuencia do menor incremento rexistrado no conxunto do Estado (11,5%), o seu peso relativo aumenta tres décimas en relación ao ano anterior ata o 5% das prestacións en España. O número total de prestacións por persoa beneficiaria sitúase en 1,36 en Galicia, levemente inferior á

media estatal que é de 1,4 prestacións por beneficiario.

Desagregando as prestacións en función do seu carácter, o 35,6% das prestacións en Galicia son de tipo económico, nove décimas porcentuais menos que no ano anterior, fronte ao 64,4% das prestacións por servizos. No conxunto de España as prestacións económicas representan o 40,9% das prestacións fronte ao 59,1% das prestacións por servizos. Entre as prestacións económicas o 20% das prestacións totais galegas son prestacións para coidados no entorno familiar (30% no Estado).

Dentro das prestacións por servizos destacan polo seu número e elevado peso relativo, as prestacións de axuda a domicilio, que representa o 23,4% do total en Galicia fronte ao 16,8% de media no Estado. O número de prestacións do servizo de teleasistencia aumentou máis dun 100% en relación ao ano anterior, de xeito que en 2024 representa o 20,1% das prestacións en Galicia (24,7% de media no Estado).

A axuda a domicilio e a atención residencial reducen as súas prestacións no último ano en relación ao ano anterior; a Axuda a domicilio cae nun 3,3%, cunha redución en termos absolutos de 840 prestacións, e a Atención residencial cae un 3,8%, o que supón 268 prestacións menos. Pola contra, a prestación que máis se incrementa, en termos absolutos, é a teleasistencia (11.515 prestacións máis) as prestacións económicas para coidados familiares (3.363 máis), e as prestacións económicas vinculadas ao servizo (1.397 máis).

Segundo os datos do Observatorio da Dependencia, da asociación de directoras e xerentes de servizos sociais, o SAAD xera en Galicia 21.592 postos de traballo directos. O investimento realizado neste servizo xera en Galicia 48 postos de traballo por millón de euros investido, fronte aos 39,3 que xera de media no resto do Estado.

O promedio de gasto público por persoa dependente en 2024 en Galicia (5.202,9 €), o que implica una menor diferencial coa media nacional (6.188,7€), coa que existe unha diferenza de -985,8€ dependente/ano.

Do mesmo xeito, o gasto público por habitante (145,1€) sitúase por debaixo da media nacional en 42,7€/habitante. Este diferencial ven como consecuencia do menor gasto en servizos e da inferior taxa de cobertura de 28,6 PIAS/1.000 hab., fronte á media nacional situada en 31,58 PIAS/1.000 hab.

O Sistema de atención á dependencia, ademais de repercutir na creación de emprego tamén xera retornos económicos medidos a través da taxa de recuperación do gasto público, que permite medir o retorno estimado do investimento en dependencia, esta taxa no último ano en España presenta un valor do 40,09% fronte aos 41,72% acadado en Galicia. O Sistema xera en Galicia 187,8 millóns de euros derivados das cotizacións á Seguridade Social, IRPF das persoas traballadoras ou recadación de IVE polos servizos prestados.

Dentro da atención ás persoas maiores en situación de dependencia e discapacidade un servizo de gran impacto son os centros de día e a atención residencial (**cadro 4.2.11.**). Neste ámbito, Galicia presenta no último ano un aumento, tanto no número de residencias como de prazas. En 2024 Galicia conta cun total de 424 residencias, un 1,9% máis que no ano anterior (8 residencias máis, das que 4 son privadas e 4 de iniciativa pública), das que máis da metade son residencias privadas (221 residencias; 52%) e 107 son de iniciativa social (25,2%), sendo o 22,6% restante, residencias públicas (96 centros). No que ao número de

Residencias e Centros de Día destinados a persoas maiores en Galicia 2024 (1)

Residenciais

	Privadas		Iniciativa pública		Iniciativa social		Total	
	nº	prazas	nº	prazas	nº	prazas	nº	prazas
Galicia	**221**	**11.133**	**96**	**5.708**	**107**	**7.536**	**424**	**24.377**
A Coruña	66	3.957	22	1.869	23	1.843	111	7.669
Lugo	28	1.726	32	1.381	23	1.416	83	4.523
Ourense	75	1.811	29	1.274	44	3.111	148	6.196
Pontevedra	52	3.639	13	1.184	17	1.166	82	5.989

Centros de día

	Privadas		Iniciativa pública		Iniciativa social		Total	
	nº	prazas	nº	prazas	nº	prazas	nº	prazas
Galicia	**122**	**5.058**	**108**	**3.879**	**22**	**800**	**252**	**9.737**
A Coruña	36	1.604	34	1.438	11	424	81	3.466
Lugo	10	533	32	934	4	114	46	1.581
Ourense	10	317	19	612	3	117	32	1.046
Pontevedra	66	2.604	23	895	4	145	93	3.644

(1) datos a 31 de decembro

Fonte: Consellería de Política Social

4.2.11.

prazas se refire, as 424 residencias ofertan un total de 24.377 prazas, o que supón un incremento do 3,1% respecto ao ano anterior (732 prazas máis).

Atendendo á desagregación segundo titularidade da residencia, o 45,7% das prazas ofertadas corresponden a residencias privadas (11.133 prazas), o 30,9% a residencias de iniciativa social (7.536), ofertando os centros públicos o 23,4%, o que supón 5.708 prazas.

O 60,8% e o 51,6% das prazas residenciais ofertadas nas provincias de Pontevedra e A Coruña están en centros privados, o que contrasta coa provincia de Ourense onde o só o 29,2% das prazas corresponden a centros privados, e o 50,2% a centros de iniciativa social como fundacións, asociacións ou entidades sen ánimo de lucro, rexistrándose nesta provincia o 20,6% das prazas públicas. A provincia de Lugo rexistra o maior peso relativo das prazas en residencias públicas co 30,5% do total, seguida da provincia de A Coruña, cun 24,4% das súas prazas residenciais, de Ourense co 20,6% e finalmente Pontevedra onde só o 19,8% do total das súas pazas residencias son de titularidade pública.

Outro recurso básico no coidado de maiores son os centros de día. Tras un leve descenso en torno ao 1% tanto no número de centros como de prazas, Galicia conta en 2024 con 252 centros de día que ofertan un total de 9.737 prazas. Ao igual que acontece no caso das residencias, predominan os centros privados, que representan en torno á metade dos centros e prazas (122 centros e 5.058 prazas ofertadas).

É necesario tamén ter en conta os servizos prestados polos coidadores non profesionais, isto é, aquelas persoas que, dedicándose ao coidado de persoas en situación de dependencia, reciben a correspondente prestación económica (RD 615/2007). Estes coidadores teñen a opción de subscribir un convenio especial coa Seguridade Social, sempre que non

Centros prestadores de servizos sociais 2024 (1)

	A Coruña	Lugo	Ourense	Outra (2)	Pontevedra	Total
Iniciativa privada con ánimo de lucro	180	57	110	-	188	535
Discapacidade	1	1			3	5
Infancia	77	18	25		66	186
Maiores	102	38	85		118	343
Menores					1	1
Iniciativa pública	236	139	111	5	168	659
Comunidade	21	14	13		22	70
Discapacidade	13	5			2	20
Igualdade				5		5
Inclusión	3	1	1		4	9
Infancia	133	53	44		95	325
Maiores	61	65	48		38	212
Menores	5	1	5		7	18
Iniciativa social	243	100	116	1	207	667
Comunidade	1				2	3
Discapacidade	97	31	33		79	240
Igualdade		3	1	1		5
Inclusión	61	14	20		47	142
Infancia	25	3	2		30	60
Maiores	40	30	49		22	141
Menores	19	19	11		27	76
Total	**659**	**296**	**337**	**6**	**563**	**1.861**

(1) datos a 31 decembro

(2) fai referencia a entidades que teñen o seu domicilio social fora de Galicia

Fonte: Consellería de Política Social

4.2.12.

estean dados de alta noutro réxime da Seguridade Social a tempo completo, que non se atopen en situación de desemprego ou que non reciban determinadas prestacións. A reforma do mencionado RD, que entrou en vigor o 1 de abril de 2019, estableceu que a Administración Xeral do Estado asumiría o pagamento das cotas do convenio especial dos coidadores non profesionais das persoas en situación de dependencia, o que explica o significativo aumento no número de afiliacións ao dito convenio en Galicia desde esa data. Como se aprecia no **cadro 4.2.12.**, no último ano Galicia conta con 6.103 persoas coidadoras nesta situación, 775 persoas máis que no ano anterior, concentrándose en Galicia o 7,1% de coidadores non profesionais do Estado, dúas décimas porcentuais máis que no ano anterior.

No que respecta ás persoas con discapacidade, estas están sometidas a unha situación de maior vulnerabilidade económica e a un risco elevado de pobreza, que pode ser parcialmente mitigado grazas ás prestacións económicas e servizos dispoñibles. Neste contexto, os centros de atención ás persoas con discapacidade xogan un papel esencial como recurso de apoio fundamental.

No ano 2024 (**cadro 4.2.13.**), o número de centros de atención a persoas discapacitadas en Galicia é de 265, tres máis que no ano precedente, dos que 20 son de titularidade pú-

Coidadores non profesionais: afiliados en alta na Seguridade Social 2019-24 (1)

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	España	Galicia / España (%)
2019	2.976	1.237	363	294	1.082	55.051	5,4
2020	3.576	1.464	435	315	1.362	60.293	5,9
2021	4.296	1.810	492	327	1.667	67.225	6,4
2022	4.687	1.915	518	365	1.889	69.605	6,7
2023	5.328	2.152	568	459	2.149	77.231	6,9
2024	6.103	2.419	642	657	2.385	86.509	7,1

(1) datos a 31 de decembro de cada ano

A Disposición Transitoria decimoterceira do Real Decreto-Lei 20/2012 establece que os convenios especiais no Sistema da Seguridade Social dos coidadores non profesionais extinguiranse o día 31 de agosto de 2012, agás que o subscritor solicite expresamente o mantemento do mesmo; neste caso, dende o día 1 de setembro ata o 31 de decembro de 2012 a cotización terá unha redución do 10%, estando o 5% restante da cota a cargo da Administración e o 85% a cargo do coidador. A partir do día 1 de xaneiro de 2013, o convenio especial será a cargo exclusivamente do coidador profesional.

Fonte: Seguridad Social, *Series de Cuidadores No Profesionales*

■ 4.2.13.

blica e 5 corresponden a centros de iniciativa privada con ánimo de lucro, a gran maioría de centros (240) son centros de iniciativa social.

Familia e infancia

A última Enquisa estrutural de fogares do IGE, que recolle os datos de 2023, mostra que a pesar da considerable caída en comparación co ano anterior, a forma de fogar máis habitual en Galicia é a composta por parellas con fillos, que representan o 28,5% do total. A continuación, atópanse os fogares formados por parellas sen fillos, cun 25,2%, seguidos dos fogares unipersoais, que constitúen o 23,8%, Segundo se observa no **cadro 4.2.14.**, se se analiza a evolución desde 2019, destaca que a única tipoloxía de fogar que experimenta un aumento é a das parellas sen fillos, que pasaron de representar un 23,1% en 2019 a un 25,2% en 2023.

A tipoloxía dos fogares dunha área está influída polo crecemento vexetativo, o envellecemento da poboación, así como por factores económicos e o acceso á vivenda. No que respecta ao crecemento vexetativo, no último ano aumenta o número de fogares que rexistran altas, pasando de 24.301 fogares en 2022 a 24.878 no ano seguinte, sendo consecuencia de nacementos, adopcións ou acollementos o 52,7% das altas rexistradas.

No que respecta á composición dos fogares en función da idade dos seus membros, case no 80% dos fogares galegos no ano 2023 non residía ningún menor de 16 anos, acadando esta porcentaxe o 83,8% na provincia de Ourense.

A medida que analizamos a composición por idades dos fogares, é importante destacar o papel das prazas nas escolas infantís, xa que a dispoñibilidade e a demanda destas prazas están estreitamente relacionadas co número de nenos en idade escolar e coa estrutura familiar. A presenza dun maior número de fogares con nenos pequenos ten un impacto directo na necesidade de prazas en escolas infantís, e de xeito recíproco, a oferta de prazas en escolas infantís e as medidas para fomentar a natalidade convértense en elementos clave para garantir o benestar e o desenvolvemento adecuado das novas xeracións, facendo que a oferta e a distribución destas prazas sexan factores

Fogares 2019-23: tipoloxías segundo o tamaño do concello (1)

	< 10.000 hb.	Entre 10.000 e 20.000 hb	Entre 20.000 e 50.000 hb.	>50.000 hb	Total
			(%)		
Unipersoal					
2019	23,9	20,7	20,7	22,5	22,3
2020	23,2	19,5	20,2	24,0	22,4
2021	22,9	21,3	21,6	24,6	23,1
2022	22,6	20,3	19,4	24,3	22,3
2023	25,7	20,8	21,6	24,6	23,8
Sen núcleo					
2019	2,6	1,4	1,9	2,2	2,1
2020	2,2	1,7	2,8	2,5	2,3
2021	2,5	1,9	1,6	2,5	2,2
2022	2,8	1,5	1,4	2,3	2,1
2023	3,1	1,9	1,4	2,5	2,4
Parella con fillos					
2019	25,8	33,9	34,6	31,6	30,8
2020	25,6	33,4	35,2	30,5	30,3
2021	25,5	33,6	34,7	31,0	30,4
2022	26,2	33,2	35,6	30,7	30,7
2023	23,7	31,5	33,8	28,7	28,5
Parella sen fillos					
2019	23,3	21,6	23,4	23,6	23,1
2020	25,3	25,6	21,3	24,4	24,4
2021	25,0	24,4	23,6	23,1	24,0
2022	25,1	24,3	23,0	25,3	24,7
2023	25,6	24,9	24,3	25,5	25,2
Monoparental					
2019	9,7	10,4	10,7	12,5	11,1
2020	8,8	9,1	10,8	12,2	10,4
2021	8,4	9,3	9,2	11,9	10,0
2022	8,8	10,6	10,9	10,8	10,2
2023	9,0	10,3	9,9	11,7	10,4
Un núcleo e outros					
2019	9,7	7,8	5,8	5,5	7,1
2020	9,8	5,8	6,6	4,9	6,8
2021	10,5	6,1	6,8	4,7	7,0
2022	8,9	6,4	6,9	5,1	6,7
2023	8,3	7,0	6,4	4,9	6,5
Varios núcleos					
2019	5,0	4,3	2,9	2,2	3,5
2020	5,0	4,9	3,2	1,6	3,4
2021	5,3	3,5	2,5	2,2	3,4
2022	5,6	3,7	2,9	1,7	3,4
2023	4,6	3,7	2,6	2,2	3,2
Total	100	100	100	100	100

(1) Datos a 31 de decembro de cada ano

Fonte: IGE, *Enquisa estrutural a fogares*

4.2.14.

clave para atender as necesidades das familias.

En Galicia en 2024 (**cadro 4.2.15.**), o número de escolas infantís aumentou ata as 502, catro máis que no ano anterior, situándose o número de prazas ofertadas nas 30.638, 262 máis que en 2023. Tendo en conta que a poboación galega de 0 a 3 anos aumenta lixeiramente, acadando 60.718 nenos e nenas en 2024 (0,6%), a rateo praza por cada 100 nenos sitúase en 50,5, unha décima por riba do rexistrado no ano anterior. A Coruña sitúase como a provincia que rexistra a proporción máis elevada dado que os 218 centros existentes ofrecen unha rateo de 53,2 prazas, séguelle Pontevedra, con 51,3 prazas por cada cen nenos de 0-3 anos, e Ourense e Lugo, con 44,4 e 42,7 prazas por cada 100 nenos menores de 3 anos.No que respecta

Escolas infantís 2024: distribución segundo tipo de iniciativa e provincia

	Centros	Prazas		
			poboación 0-3 anos	prazas / poboación (prazas / 100 habs.)
Iniciativa pública	262	17.098	60.718	28,2
A Coruña	118	8.086	25.942	31,2
Lugo	35	2.024	6.964	29,1
Ourense	21	1.379	5.825	23,7
Pontevedra	88	5.609	21.987	25,5
Iniciativa privada con ánimo de lucro	181	9.936	60.718	16,4
A Coruña	75	4.274	25.942	16,5
Lugo	18	846	6.964	12,1
Ourense	24	1.137	5.825	19,5
Pontevedra	64	3.679	21.987	16,7
Iniciativa social	59	3.604	60.718	5,9
A Coruña	25	1.451	25.942	5,6
Lugo	3	101	6.964	1,5
Ourense	2	71	5.825	1,2
Pontevedra	29	1.981	21.987	9,0
Total	**502**	**30.638**	**60.718**	**50,5**
A Coruña	218	13.811	25.942	53,2
Lugo	56	2.971	6.964	42,7
Ourense	47	2.587	5.825	44,4
Pontevedra	181	11.269	21.987	51,3

Fonte: Consellería de Política Social

4.2.15.

aos datos relativos á titularidade dos centros, no ano 2024 a metade dos centros infantís galegos son de iniciativa pública (262 centros; 52,2% do total) e concentran o 55,8% das prazas (117.098 prazas), de xeito que o número de prazas públicas por cada cen nenos de 0-3 anos é de 28,2 prazas. A nivel provincial o 62,5% das escolas infantís e o 68% das prazas de Lugo son de iniciativa pública, sendo a porcentaxe máis reducida a que corresponde á provincia de Ourense co 44,7% das escolas infantís de iniciativa pública e o 53,3% das prazas. En termos relativos, en Ourense e Pontevedra o número de prazas públicas por cada cen nenos de 0-3 anos é de 23,7 e 25,5 prazas, presentando A Coruña a taxa máis elevada, con 31,2 prazas, seguida de Lugo con 29,1.

Violencia de xénero e violencia doméstica

A Lei 1/2004, do 28 de decembro, sobre medidas de protección integral contra a violencia de xénero, define a violencia de xénero como a expresión da desigualdade e a discriminación exercida nas relacións de poder entre homes e mulleres. Esta violencia exércese sobre as mulleres por parte dos que foron ou son as súas parellas, ou por aquelas cos que mantiveron unha relación afectiva similar, mesmo sen convivencia. A lei inclúe actos de violencia física, psicolóxica, agresións sexuais, ameazas, coaccións e a privación de liberdade de maneira arbitraria.

Para avaliar a magnitude da violencia de xé-

Denuncias por violencia de xénero 2023-24

	2024	2023	2024/23	
				(%)
Presentada directamente pola victima	76	91	- 15	- 16,5
Presentada directamente por familiares	7	8	- 1	- 12,5
Atestados policiais - con denuncia victima	4.157	5.652	- 1.495	- 26,5
Atestados policiais - con denuncia familiar	70	138	- 68	- 49,3
Atestados policiais - por intervención directa policial	961	1.109	- 148	- 13,3
Parte de lesións	299	391	- 92	- 23,5
Servicios asistencia-Terceiros en xeral	152	94	58	61,7
TOTAL	**5.722**	**7.483**	**- 1.761**	**- 23,5**

Fonte: Ministerio de Igualdad, Delegación del Gobierno contra la Violencia de Género

4.2.16.

nero na sociedade, pódese recorrer a varios indicadores, como o número de chamadas ao servizo telefónico de atención 016, a cantidade de denuncias presentadas e, por suposto, as vítimas mortais desta violencia.

No caso de Galicia, en 2024 rexistráronse un total de 5.270 consultas pertinentes ao servizo 016, que ofrece información, apoio xurídico e atención psicosocial inmediata ás mulleres vítimas de violencia. Este número supón un descenso de 176 consultas respecto ao ano anterior. Das consultas, 3.970 foron realizadas directamente polas mulleres afectadas (75%), mentres que 1.041 proviñeron de familiares ou persoas próximas (19,7%).

Outro factor que reflicte a evolución da violencia de xénero é o total de denuncias formalizadas. En 2024 redúcese de xeito significativo o número de denuncias por violencia de xénero en Galicia, presentándose un total de 5.722 denuncias (**cadro 4.2.16.**), o que supón unha redución interanual do 23,5% (1.761 denuncias menos).

Os datos da Delegación do Goberno contra a violencia de xénero reflicten a caída do número de denuncias presentadas a través dos distintos cauces, sendo salientable o descendo do 26,5% (1.495 denuncias menos), presentadas a través de denuncia da vítima.

Finalmente, segundo os datos da Delegación do Goberno contra a violencia de xénero no ano 2024 lamentáronse cinco mulleres vítimas mortais en Galicia por mor de violencia de xénero (tres no ano anterior).

No ano 2024 incoáronse un total de 1.383 ordes de protección, 545 menos que no ano anterior, descendendo o número de ordes resoltas favorablemente ata as 895 (404 ordes menos); tamén descende o número de ordes denegadas, que se sitúa en 476 (151 menos que en 2022).

A Estatística de violencia doméstica e violencia de xénero do INE mostra datos segundo grupos de idade, que reflicten que o 1,5% das vítimas de violencia de xénero con ordes de protección ou medidas cautelares en Galicia en 2023 son persoas menores de 18 anos (22 persoas). Así mesmo en 2023 rexistráronse 114 menores (fillos, en garda ou custodia ou que conviven) vítimas de violencia de xénero correspondentes a os asuntos dos que se tiñan ditado medidas cautelares ou ordes de protección; o número de menores vítimas medrou un 67,6% en relación ao ano anterior, pasando de 68 menores vítimas aos citados 114 no ano 2023. Sale en mayo

Fonte: Fiscalía da Comunidade Autónoma de Galicia, *Memoria 2024 (exercicio 2023)*

4.2.17.

https://www.ine.es/dyngs/INEbase/operacion.htm?c=Estadistica_C&cid=1254736176866&menu=resultados&idp=1254735573206#_tabs-1254736195042

• Violencia doméstica pendiente mismo enlace que el anterior

Dentro del marco de la violencia de xénero, tamén é relevante distinguir a violencia doméstica, que o artigo 173.2 do Código Penal define como calquera acto de violencia física ou psicolóxica exercida por homes ou mulleres sobre membros do fogar, sen incluír os casos específicos de violencia de xénero. Este tipo de violencia pode afectar a diferentes persoas que conviviron ou conviven no ámbito familiar.

A diferencia de anos anteriores, en 2023 aumenta o número de vítimas en asuntos de violencia doméstica tanto en Galicia como en España. En 2023 rexistráronse en Galicia un total de 378 vítimas en asuntos de violencia doméstica, 46 máis que no ano anterior (13,8%), o que representa o 4,1% do total estatal. Este aumento rexístrase tanto no caso de vítimas masculinas (13 máis) como femininas (33 máis), situándose o número de mulleres vítimas de violencia doméstica en 250 (o 66% do total) e en 128 no caso dos homes (o 34% restante).

Atendendo ao tipo de infraccións penais imputadas á persoa denunciada, tanto en Galicia como en España as máis elevadas son as de lesións, seguidas das de torturas e integridade moral e en terceiro lugar, as de ameazas. En Galicia, das 367 infraccións penais imputadas un total de 183 corresponden a lesións (o 49,9%), seguidas en importancia numérica por 77 infraccións consideradas como torturas e integridade moral (21%), e por 51 infraccións por ameazas (o 14%).

Asociado ao incremento dos asuntos incoados, no ano 2023 rexistrouse un incremento do 30,7% no número de persoas condenadas con sentencia firme por delitos de violencia doméstica, respecto ao ano anterior (93 sentencias firmes máis), acadando as 396 sentencias, o 4,5% do total estatal.

Protección de menores en Galicia 2016-2023

	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
Expedientes de tutela automática incoados tras comunicación da entidade pública	314	363	1.478	945	539	324	370	389
Expediente de garda incoados tras comunicación da entidade pública	201	263	650	1.098	228	317	442	318
Expedientes de protección abertos a menores en situación de risco	1.321	1.475	2.571	1.640	1.547	1.558	1.983	1.374
Procedementos de impugnación de medidas acordadas polas entidades públicas	60	76	159	76	76	76	80	64
A instancia del fiscal	-	1	-	1	1	1	-	-
A instancia de particulares	60	75	159	75	75	75	80	64
Intervención en procesos xudiciais relativos a acollementos	46	57	249	466	41	482	-	-
Intervención en adopcións	79	109	81	122	84	121	135	59
Intervención en procesos de defensa dos dereitos fundamentais	25	8	79	52	1	42	398	-
Visitas de inspección a centros de protección de menores	74	63	107	143	79	93	81	90
Procesos sobre sustración internacional de menores	1	2	3	6	3	2	2	3
Expedientes sobre ensaios clínicos	3	-	-	-	-	-	-	-

Fonte: Fiscalía da Comunidade Autónoma de Galicia, *Memoria 2024 (exercicio 2023)*

4.2.18.

Analizando as persoas condenadas por grupos de idades, todos os grupos de idade analizados, agás os menores de 18 ano e os maiores de 65 anos, incrementaron o número de persoas condenadas con sentencia firme. No grupo de idade de menores de 18 anos, en 2023 rexístranse, 5 sentencias firmes, 14 menos que no ano anterior. De 18 a 24 anos, hai 48 persoas condenadas no ano 2023, 11 menos que no ano anterior. O grupo de idade onde se concentra o 55,8% do total de persoas condenadas é o comprendido entre 25 e 44 anos, con 221 sentencias firmes, 75 sentencias firmes máis que no ano anterior. No grupo de 45 a 64 anos, en 2023 increméntanse o número de persoas condenadas acadando as 113 sentencias firmes, 22 máis que no ano anterior. Finalmente o grupo de 65 e máis anos rexistrou 9 sentencias, unha menos que no 2022.

No que respecta á distribución por xénero, en 2023 aumentan as sentenzas firmes entre homes e mantense o mesmo número entre as mulleres. No último ano rexistráronse 264 sentencias firmes entre os homes, 93 máis que no ano anterior (incremento do 54,4%), e 132 no caso das mulleres, a mesma cifra que en 2021 e que en 2022.

Atendendo á desagregación segundo xénero, cómpre mencionar que case sete de cada dez vítimas de violencia doméstica en Galicia son mulleres (en concreto, o 66,1%). Dentro do colectivo feminino vítima de violencia doméstica, o grupo de idade onde se rexistran un maior número de vítimas é de 65 e máis anos con 82 mulleres; no caso dos homes vítimas de violencia doméstica o colectivo cun maior número de vítimas é o comprendido entre 45 a 64 anos, con 44 homes con orde de protección ou medidas cautelares.

Atención a menores

Os datos da memoria de 2024 da Fiscalía da Comunidade Autónoma, correspondentes ao exercicio 2023 (último dato dispoñible), recollen unha cifra global de 3.789 procedementos de menores incoados por delito na nosa Comunidade Autónoma, o que supón un aumento do 5,5% en relación ao ano anterior. Atendendo ao tipo de procedemento, no ano 2023 houbo 2.897 dilixencias preliminares, o que supón un aumento do 22,7% respecto ao ano precedente (536 máis), rexistrándose tamén un aumento no caso dos expedientes de reforma, que acadan os 892 expediente (60 máis).

Segundo a estatística da fiscalía, os delitos e faltas máis importantes cuantitativamente son os delitos contra o patrimonio, con 855 delitos incoados, seguido dos delitos de lesións (612), e violencia familiar, tanto doméstica como de xénero (294).

Finalmente, no que respecta ás medidas de protección do menor, o **cadro 4.2.18.** mostra os datos sobre expedientes de protección de menores nos últimos anos. Cuantitativamente destacan os expedientes de protección abertos a menores en situación de risco, con 1.374 expedientes en 2023; os expedientes de tutela incoados tras comunicación das entidades públicas, con 389, e os expedientes de garda incoados tras comunicación das entidades públicas con 318.

Comparado co ano anterior, cómpre resaltar o aumento dos expedientes de tutela (5,1% máis), e o descenso tanto dos expedientes de garda (28% menos) como dos expedientes de protección a menores en risco (30,7% menos que no ano 2022). ❑

4.3. Cobertura social

A situación económica actual, marcada por unha gran inestabilidade e polo constante aumento dos prezos, especialmente no sector da vivenda, está agudizando a desigualdade social en moitos territorios. Este incremento no custo da vida afecta especialmente aos colectivos máis vulnerables, xerando unha fenda cada vez máis ampla entre as distintas clases sociais. Neste contexto, a cobertura social xoga un papel fundamental para mitigar os efectos desas disparidades económicas, sendo esencial o sistema de protección social para garantir a equidade e a xustiza social para todas as persoas, independentemente da súa situación económica.

Así, é crucial fortalecer o papel redistributivo do sistema público de pensións, sustentado nun modelo de xustiza interxeracional. Este modelo baséase en diversos mecanismos que aseguran a equidade económica, entre os cales as prestacións do sistema de Seguridade Social son fundamentais. A protección social que ofrece o sistema é de vital importancia en territorios como Galicia, onde as prestacións e os subsidios sociais se converten na principal ou incluso única fonte de ingresos para moitas familias.

No ano 2023, segundo os datos proporcionados pola Enquisa estrutural a fogares publicada polo IGE, o 35,8% dos ingresos dos fogares galegos proceden de prestacións, porcentaxe que acada o 41,2% na provincia de Ourense. Así mesmo, no 29% dos fogares galegos o 100% dos seus ingresos provén das prestación, acadando esta porcentaxe na provincia de Ourense o 35,3%. Ademais para o 41,3% dos fogares galegos as prestacións representan máis da metade dos seus ingresos, e no 32,4% dos fogares as prestacións representaban no ano 2023 máis do 75% dos ingresos totais do fogar.

Para iniciar a análise da cobertura social, resulta relevante revisar os datos sobre as prestacións económicas contributivas, que constitúen un dos pilares fundamentais do sistema de protec-

Prestacións 2023-24: distribución segundo tipo de cobertura

	Número		Importe medio	
	2024	2023	2024	2023
	(medias anuais, en miles)		*(en € / mes)*	
Pensións contributivas	777,8	772,0	1075,34	1021,42
Incapacidade permanente	75,5	72,3	1054,96	1017,70
Xubilación	488,1	485,3	1230,56	1168,18
Viúvez	184,0	184,3	760,85	720,76
Orfandade e favor familiar	30,2	30,1	533,88	505,71
Pensións non contributivas	36,6	37,1		
Invalidez	12,3	13,1	520,80	486,22
Xubilación	24,3	24,0	472,92	441,95
Prestaciones sociais e económcias para persoas con discapacidade (1)	0,1	0,1		
	(datos a 31-12 , en miles)		*(en € / mes)*	
Prestacións por desemprego *	0,0	82,5		
Contributivas	0,0	38,0	941,80	887,40
Subsidios	0,0	39,9	480,00	463,21
Renta activa de inserción	0,0	4,5	480,00	463,21
	(beneficiarios anuais)			
RISGA	4.896	5.508	502,87	506,79
AIS	3.270	3.944	1.203,35	1.209,33

(*) A contía media das prestacións asistenciais (subsidios, renda agraria, RAI e PAE), é do 80% do IPREM=451,92 euros (15,03 € x 30 días)

(1) RDL 1/2013 de 29 de noviembre que deroga a Lei 13/1982 de 7 de abril de Integración Social de Minusválidos (LISMI) pasando a denominarse: Prestaciones económicas para personas con discapacidad

RISGA: Renda de integración social de Galicia

AIS: Axudas de inclusión social. Pago único.

Fonte: Ministerio deTrabajo y Economía Social e Consellería de Política Social.

4.3.1.

ción social; neste senso, no ano 2024 o número de pensións contributivas en Galicia aumenta lixeiramente (0,8%), e cae unha décima o peso sobre o total estatal situándose no 7,6%; o importe medio das pensións contributivas en Galicia é só o 85,7% da media estatal, dúas décimas máis que no ano anterior.

Xunto a estas pensións contributivas analízanse as prestacións por desemprego, que son unha das formas máis relevantes de protección para os traballadores que perden o seu posto de traballo, sempre que teñan cumprido os requisitos de cotización establecidos. tendencia do ano anterior, reducen o seu número de beneficiarios, caída en paralelo á redución dos niveis de desemprego.

Por outra parte, as prestacións non contributivas, como as pensións non contributivas ou os subsidios por insuficiencia de cotizacións, son especialmente importantes para aqueles que non teñen acceso ás prestacións contributivas ou que non reúnen os requisitos para acceder a elas. Estes beneficios están deseñados para ofrecer unha rede de seguridade mínima a persoas en situación de vulnerabilidade económica, como parados de longa duración ou persoas sen ingresos suficientes. Neste ámbito, no ano 2024 en Galicia continúan co descenso do número de beneficiarios, pola caída do número de persoas con

prestacións por invalidez xa que os beneficiarios de prestacións por xubilación aumentan levemente o seu número, tamén se analizan as prestacións sociais e económicas derivadas da Lei de Integración social das persoas con discapacidade, as prestacións familiares, e o Ingreso Mínimo Vital.

Pensións contributivas

Tal como se sinalou anteriormente, as prestacións económicas contributivas, constitúen un dos pilares fundamentais do sistema de protección social. As prestacións contributivas, que se basean nas cotizacións realizadas polos traballadores ao longo da súa vida laboral, teñen un papel clave na protección fronte á perda de ingresos debido a incapacidade, xubilación ou desemprego.

As pensións contributivas constitúen o principal apartado de gasto no orzamento da Seguridade Social, e inclúen un conxunto de prestacións económicas, normalmente de duración indefinida. A súa concesión xeralmente require unha relación previa coa Seguridade Social, e o seu importe vén determinado polas cotizacións realizadas polos traballadores e empresarios, no caso de traballadores por conta allea, durante o período relevante para calcular a base reguladora da pensión correspondente.

A estrutura demográfica determina o aumento paulatino no número de pensións contributivas da Seguridade Social acadando en Galicia no último ano as 777.800 pensións, un 0,8% máis que no ano anterior, un incremento seis décimas inferior ao rexistrado no conxunto do Estado (1,4%).

O importe medio das pensións contributivas experimentou un incremento significativo debido á revalorización anual establecida por lei. No ano 2024 o importe medio das prestacións contributivas en Galicia, incrementouse nun 5,3% situándose en 1.075,34 euros de media ao mes, unha contía que segue sendo un 14,3% inferior á media estatal, polo tanto, o importe medio das pensións contributivas en Galicia é un 85,7% do importe medio estatal, porcentaxe case idéntica á do ano anterior, xa que os incrementos do importe medio en Galicia e no conxunto do Estado son tamén semellantes (5,3% e 5,1% respectivamente).

Un ano máis, Galicia é a segunda Comunidade Autónoma co importe medio das pensións contributivas máis baixo, só por diante de Estremadura (1.057,7 euros/mes).

Os impactos negativos, tanto no ámbito económico como social, do importe reducido das pensións en Galicia son máis acusados debido á elevada proporción de fogares que dependen exclusivamente das prestacións sociais para cubrir as súas necesidades. Ademais, o peso destas prestacións en Galicia acada o 7,6% do total nacional, o que reflicte a súa relevancia no mantemento da renda das familias no territorio.

As pensións contributivas abranguen as pensións por xubilación, incapacidade permanente, viuvez, orfandade e favor de familiar.

No que respecta ás **pensións contributivas de xubilación**, en Galicia no ano 2024, o 62,8% do total de pensións contributivas son pensións de xubilación, sendo o importe medio de 1.230,56 euros ao mes, o máis elevado de todas as pensións contributivas en Galicia. O número de pensións contributivas por xubilación en Galicia (**cadro 4.3.2.**) foi en 2024 de 488.100, 2.800 máis que no ano anterior, o que supón o 7,5% do total estatal.

O importe medio das pensións por xubilación presenta un incremento interanual do 5,3%, tres décimas por riba do rexistrado no con-

Pensións contributivas en Galicia e España 2023-24: distribución segundo clase

	Galicia			España			G / E	
	2024	2023	24/23	2024	2023	24/23	2024	2023
Totais								
número	777,80	772,00	0,8	10.188,82	10.051,74	1,4	7,6	7,7
importe medio	1.075,34	1.021,42	5,3	1.255,43	1.194,73	5,1	85,7	85,5
Incapacidade permanente								
número	75,50	72,30	4,4	965,41	945,96	2,1	7,8	7,6
importe medio	1.054,96	1.017,70	3,7	1.163,05	1.118,98	3,9	90,7	90,9
Xubilación								
número	488,10	485,30	0,6	6.484,98	6.367,67	1,8	7,5	7,6
importe medio	1.230,56	1.168,18	5,3	1.442,67	1.374,58	5,0	85,3	85,0
Viuvez								
número	184,00	184,30	-0,2	2.351,53	2.351,85	0,0	7,8	7,8
importe medio	760,85	720,76	5,6	896,25	851,64	5,2	84,9	84,6
Orfandade e favor familiar (2)								
número	30,20	30,10	0,3	386,89	386,25	0,2	7,8	7,8
importe medio	533,88	505,71	5,6	621,72	589,90	5,4	85,9	85,7

Consulta: 9-4-2025

(1) o número de pensións está en miles; os importes medios, en euros/mes

(2) a estadística non agrega estas pensións para España

Fonte: Ministerio de Trabajo y Economía Social, *Pensiones contributivas a la Seguridad Social.*

4.3.2.


xunto de España; un aumento en Galicia lixeiramente superior a media do Estado, que non evita que se siga ampliando o diferencial coa media estatal que se sitúa en 212,1 euros (206,4 euros no ano anterior), e que mantén a Galicia xunto con Estremadura (1.211,7 euros), como as Comunidades co importe medio máis reducido das pensións contributivas por xubilación de todo o Estado e cun maior diferencial coa media estatal.

No que respecta ás **pensións de incapacidade permanente**, estas son prestacións contributivas que tratan de cubrir a perda de ingresos que sofre unha persoa traballadora cando por enfermidade ou accidente se reduce ou anula a súa capacidade laboral; esta incapacidade permanente pode ser parcial, total, absoluta ou grande invalidez. No ano 2024 rexístranse en Galicia 75.500 pensións contributivas por incapacidade permanente, ascendendo o seu importe medio mensual a 1.055 euros, o que supón 108 euros menos que o importe medio en España. A pesar do incremento do 3,7% no importe medio destas pensións, Galicia segue sendo a terceira Comunidade Autónoma cun menor importe medio, só por diante de Estremadura (992 euros) e Murcia (1.051 euros).

As prestacións por **morte e supervivencia** son as pensións que se conceden en caso de morte do traballador, calquera que fose a súa causa, e poden ser pensións por viuvez, orfandade e pensións vitalicia ou subsidios temporais en favor de familiares.

Un ano máis, en 2024 o número de pensións contributivas de viuvez en Galicia redúcese moi lixeiramente acadando as 184.000 (o 7,8% do total estatal), aumentando o seu importe medio mensual ata os 760,85 euros, un 5,6% máis que no ano anterior, o que non impide que se manteña como o máis reducido do conxunto do Estado, con 135,4 euros menos ao mes que a media estatal. As pensións de orfandade e favor familiar, que pre-

Pensións contributivas 2008-24(1): distribución segundo clase de pensión



(1) medias anuais, en miles

Fonte: Ministerio de Trabajo y Economía Social, *Pensiones contributivas a la Seguridad Social*

4.3.3.

sentan datos conxuntamente, rexistran 30.200 pensións en Galicia (o 7,8% do total de España) ascendendo o seu importe medio a 533,9 euros mensuais, un 5,6% máis que no ano anterior.


As pensións contributivas están vinculadas directamente ás cotizacións realizadas ao longo da vida laboral dos traballadores, e, a súa contía varía en función do réxime de cotización ao que pertenzan, xa que existen diferentes modalidades que determinan as bases e os requisitos necesarios para acceder ás distintas prestacións. Neste sentido, é crucial analizar as pensións contributivas atendendo ao réxime de cotización, dado que cada un deles presenta particularidades que inflúen de maneira significativa na cuantificación das pensións e no seu impacto sobre os beneficiarios. Neste senso, no ano 2024 en relación ao ano anterior, en Galicia aumentan as pensións procedentes do Réxime Xeral un 2,2% ata as 460.230, diminuíndo novamente as do Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA), que se sitúan 234.228 pensións.

O 59,2% do total de pensións en 2024 pertencen ao Réxime Xeral, un 0,9% máis que no ano anterior, fronte ao descenso do 1,5% no número de pensións do RETA que representa o 30,1% do total de pensións. No conxunto do Estado, o Réxime xeral acolle ao 74,3% do total de pensións contributivas e o RETA só ao 19,5%.

A sinalada medra interanual do 0,8% no total de pensións contributivas en Galicia en 2024 ven motivada case exclusivamente polo incremento do 2,2% no número de pensións no réxime xeral (10.048 máis), que compensa a redución experimentada no Réxime Especial de autónomos, con 3.612 pensións menos, o descenso de 681 pensións no caso do SOVI e de 197 no Réxime do mar.

No que respecta á análise do importe medio

Importe medio das pensións contributivas 2008-24: distribución segundo clase de pensión



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones, *Pensiones contributivas a la Seguridad Social*

4.3.4.

das pensións contributivas segundo o réxime de cotización, o importe medio das pensións contributivas no conxunto do Sistema no último ano ascende en Galicia a 1.075 euros mensuais, o que supón un aumento do 5,3%, dúas décimas superior á media española, un diferencial de crecemento que non permite pechar a fenda existente co importe medio Estatal, que no último ano segue medrando. Así mesmo, o reducido importe medio das pensións contributivas en Galicia afecta en maior medida ao colectivo de mulleres que representan o 54,2% do total de pensións contributivas rexistradas en Galicia no último ano cun importe medio de 875,7 euros, 436 euros mensuais menos que a pensión media para os homes, o 33% menos.

O importe medio das pensións contributivas no réxime xeral ascendeu a 1.226,6 €/mes (1.369,9 €/mes no conxunto do Estado) e a 756,5 euros mensuais no caso do R.E. de Autónomos (866 €/mes en España). O importe medio das pensión do RETA en Galicia é un 12,6% inferior á media do Estado. O menor importe das pensións do R.E de traballadores autónomos en Galicia ten unha maior incidencia dado o elevado peso das afiliacións a este réxime en Galicia (30,1% en Galicia fronte ao 19,5% do total no Estado).

O peso relativo das pensións dentro do Réxime especial de traballadores do mar en Galicia é case seis veces superior que no conxunto do Estado; así en Galicia este réxime acolle ao 6,7% do total das pensións fronte ao 1,1% de media no Estado; a pesar do descenso no último ano, o 44,7% do total de pensións contributivas neste réxime no Estado, localízanse en Galicia. No ano 2024, o número de pensións descendeu levemente ata as 52.243 (1,5% menos que no ano anterior) e o seu importe medio, tras unha medra do 4,9%, acada os 1.184 euros mensuais, un 7,8% por baixo da media estatal.

Pensións contributivas en Galicia e España 2023-24: distribución segundo réxime e sexo (1)

Número de pensións
2024

	Galicia			España			24/23	
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Galicia	España
							(%)	
Réxime xeral	460.229,3	221.678,6	238.550,8	7.575.599,1	3.610.371,3	3.965.210,3	2,2	2,0
R. E. de traballadores autónomos	234.227,8	90.039,1	144.187,7	1.992.027,2	949.700,4	1.042.312,3	-1,5	0,5
R. E. de traballadores do mar	52.242,9	29.145,4	23.097,5	116.910,8	66.431,4	50.478,3	-0,4	-1,1
R.E. da minería do carbón	1.360,8	737,6	623,3	58.362,3	37.009,6	21.352,1	-0,8	-1,9
Accidentes de traballo	18.545,8	11.102,5	7.442,3	203.006,0	125.278,5	77.725,5	0,6	0,3
Enfermidades profesionais	3.463,3	2.174,3	1.288,9	32.075,9	17.081,7	14.994,3	2,3	-1,7
SOVI (2)	7.684,8	1.491,2	6.193,7	210.837,2	15.699,7	195.136,5	-8,1	-7,0

Importe medio
2024

	Galicia			España			24/23	
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Galicia	España
							(%)	
Réxime xeral	1.226,6	1.459,3	1.010,4	1.369,9	1.636,7	1.126,9	4,7	4,8
R. E. de traballadores autónomos	756,5	893,5	671,0	866,0	1.005,5	738,9	5,5	5,3
R. E. de traballadores do mar	1.184,1	1.486,1	803,0	1.284,7	1.590,3	882,6	4,9	5,0
R.E. da minería do carbón	1.760,9	2.303,1	1.119,4	2.208,2	2.705,8	1.345,9	3,3	5,2
Accidentes de traballo	1.168,6	1.279,9	1.002,5	1.281,5	1.397,9	1.094,0	4,8	4,6
Enfermidades profesionais	1.423,6	1.574,5	1.169,1	1.522,8	1.702,3	1.318,4	4,1	3,7
SOVI (2)	490,5	502,3	487,6	477,2	501,2	475,3	5,2	5,0

(1) datos anuais; os datos do importe medio están en euros/mes

(2) Seguro obligatorio de vellez e invalidez

Fonte: Seguridad Social, *Estadística de pensiones*

4.3.5.

Finalmente, no **cadro 4.3.5.** observamos como tanto en Galicia como no conxunto do Estado, o importe medio das pensións é maior nas pensións contributivas dos homes que nas das mulleres en todos os réximes de afiliación. Tendo en conta o volume de afiliación, son especialmente significativos os casos do réxime xeral e o R.E. de traballadores autónomos. No que respecta ao réxime xeral, o número de pensións recibidas por mulleres son 16.872 máis que por homes, e o seu importe medio ascende a 1.010,4 euros fronte aos 1.459,3 euros dos homes, é dicir, 448,8 euros menos ao mes, ampliándose a diferenza respecto do ano anterior. No concernente aos traballadores autónomos, o número de pensións das mulleres é superior ao dos homes (144.188 mulleres fronte a 90.039 homes) o importe medio das pensións das mulleres é de 671 euros cando entre os homes ascende a 893,5 euros (222,6 euros de diferencia).

Outras prestacións do sistema

Alén das prestacións contributivas previamente examinadas, o sistema público de protección social xestionado pola Seguridade Social inclúe un conxunto de prestacións adicionais, tanto de natureza contributiva como non contributiva.

No ámbito contributivo, destacan as prestacións económicas dirixidas a cubrir continxencias derivadas de situacións de incapacidade temporal, así como aquelas vinculadas ao nacemento e coidado de menores. Entre estas últimas inclúense as prestacións por maternidade, paternidade, risco durante o embarazo,

risco durante a lactación natural e coidado de menores afectados por cancro ou enfermidade grave.

No que atinxe ás prestacións non contributivas, o sistema contempla as pensións de xubilación e viuvez para persoas que, carecendo dos requisitos de cotización necesarios para acceder ás prestacións contributivas, se atopan en situación de necesidade. Así mesmo, intégranse neste grupo as prestacións previstas pola Lei de Integración Social dos Minusválidos (LISMI), así como as prestacións familiares de carácter económico.

O subsidio por incapacidade temporal ten por obxecto compensar a perda de rendas derivada da imposibilidade transitoria para o desempeño da actividade laboral, sempre que esta situación requira asistencia sanitaria dispensada pola Seguridade Social. Poderán acceder a esta prestación os traballadores afiliados e en alta no sistema, sempre que cumpran cun período mínimo de cotización de 180 días dentro dos cinco anos inmediatamente anteriores á data da baixa médica, cando esta sexa consecuencia dunha enfermidade común. En casos de accidente —laboral ou non laboral— ou enfermidade profesional, non se esixe período previo de cotización.

No conxunto do ano 2024 o número de procesos por incapacidade temporal en vigor por continxencias comúns, (os procesos derivados de continxencias profesionais están analizados no capítulo 2 sobre o mercado de traballo), redúcense un 20,3% respecto ao ano anterior, ascendendo a 74.643 procesos, 19.051 procesos menos que en 2023. Como amosa o **cadro 4.3.6.**, esta caída confronta co incremento rexistrado no conxunto do Estado (3%), polo que o seu peso relativo baixa en case dous puntos porcentuais, ata o 6,8%.

No último ano, tanto en Galicia como na media do Estado, aumenta a duración media dos procesos para as continxencias comúns que en Galicia acada os 76,3 días, 3,8 días máis que no ano anterior, tempo moi superior ao rexistrado no conxunto de España, con 42,6 días (39,5 días no ano precedente). No ano 2024 a duración media dos procesos de incapacidade temporal por continxencias común en Galicia é un 80% superior á duración media destes procesos de media no Estado español.

Do total de traballadores e traballadoras en alta protexidos por incapacidade temporal derivada de continxencias comúns en Galicia, **cadro 4.3.7.,** un 72% está cuberto por mutuas, un 26% polo INSS e un 2% polo ISM. A nivel estatal o peso relativo das mutuas é lixeiramente superior ao galego, situándose no 74% fronte ao 26% no caso do INSS e o 0,1% do ISM.

No referente ás prestacións e axudas orientadas ao ámbito da familia e da infancia (cadro 4.3.8), cómpre salientar as seguintes:

– Prestacións por nacemento e coidado do menor: Trátase de prestacións de natureza económica destinadas a compensar a perda de ingresos laborais derivada da suspensión do contrato de traballo ou da interrupción da actividade profesional, xa sexa por conta allea ou propia. Esta suspensión prodúcese co obxecto de permitir o goce dos períodos de descanso legalmente recoñecidos con motivo do nacemento dun fillo ou filla, así como en casos de adopción ou acollemento formalizados conforme á normativa vixente. Para efectos estatísticos, considérase primeiro proxenitor, nos casos de maternidade biolóxica, á nai, sempre que esta exerza efectivamente o dereito ao permiso; nos supostos de adopción, garda con fins adoptivos ou acollemento, a condición de primeiro proxenitor atribúese segundo a opción expresada polas persoas interesadas.En 2024 en Galicia, o nú-

Incapacidade temporal: continxencias comúns 2023-24

	2024					
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España
Continxencias comúns (1)						
Nº de procesos en vigor ao final do período considerado	33.807	8.864	6.693	25.279	74.643	1.096.566
Duración media dos procesos finalizados no período	72,3	97,1	69,4	77,4	76,3	42,6
Incidencia media mensual por cada mil traballadores protexidos	23,2	20,0	24,9	23,7	23,2	32,1
Prevalencia por cada mil traballadores protexidos	71,8	70,9	62,3	67,7	69,3	51,2

	2023					
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España
Continxencias comúns (1)						
Nº de procesos en vigor ao final do período considerado	39.119	9.136	6.442	38.997	93.694	1.064.911
Duración media dos procesos finalizados no período	70,3	91,1	64,2	72,5	72,5	39,5
Incidencia media mensual por cada mil traballadores protexidos	23,0	19,4	24,5	22,8	22,7	31,5
Prevalencia por cada mil traballadores protexidos	73,6	64,7	58,3	74,3	71,6	48,1

	24/23					
				(%)		
Continxencias comúns (1)	-13,6	-3,0	3,9	-35,2	-20,3	3,0

(1) Agás autónomos

Fonte: Ministerio de Trabajo y Economia Social

4.3.6.

Traballadores protexidos por incapacidade temporal 2023-24 (1)

	2024			
	Continxencias comúns		Continxencias profesionais	
	Galicia	España	Galicia	España
Total Sistema	1.076.955	21.430.435	1.070.492	20.867.140
INSS	285.687	5.561.625	67.565	793.488
ISM	16.811	39.996	9.485	12.673
Mutuas Colaboradoras	774.457	15.828.814	993.442	20.060.979

	2023			
	Continxencias comúns		Continxencias profesionais	
	Galicia	España	Galicia	España
Total Sistema	1.308.335	22.144.517	1.164.974	20.288.896
INSS	312.361	6.075.221	66.471	764.201
ISM	222.702	519.064	123.487	166.163
Mutuas Colaboradoras	773.272	15.550.232	975.016	19.358.532

(1) Finais do período considerado

Fonte: Ministerio de Trabajo y Economía Social

4.3.7.

Prestacións relacionadas co nacemento e os cuidados da primeira infancia 2023-24 (1)

	2024			2023		
	Galicia	España	G/E (%)	Galicia	España	G/E (%)
Prestación de nacemento e coidado do menor						
Total da prestación	20.238	471.644	4,3	21.118	467.678	4,5
Primeiro proxenitor	9.956	220.367	4,5	10.369	220.829	4,7
Segundo proxenitor	10.282	251.277	4,1	10.749	246.849	4,4
Risco durante o embarazo						
Nº de procesos iniciados no periodo	4.148	80.115	5,2	4.001	82.590	4,8
Número de procesos en vigor ao final do período	858	16.758	5,1	791	17.138	4,6
Risco durante a lactancia natural						
Nº de procesos iniciados no periodo	59	2.660	2,2	44	2.198	2,0
Número de procesos en vigor ao final do período	24	464	5,2	24	447	5,4
Coidado de menores afectados polo cancro ou enfermidade grave						
Nº de procesos iniciados no periodo	192	5.811	3,3	178	5.337	3,3
Número de procesos en vigor ao final do período	674	15.801	4,3	583	13.379	4,4

(1) acumulado a decembro

Fonte: Seguridad Social

4.3.8.

mero total de prestacións de nacemento e coidado do menor, ascendeu a 20.238, o que representa o 4,3% do total estatal, das que 9.956 corresponden ao primeiro proxenitor (4,5% do conxunto de España) e as restantes 10.282 prestacións ao segundo proxenitor (4,1% do total estatal). No concernente á duración media dos procesos para o primeiro proxenitor nos supostos de maternidade biolóxica, esta ascende a 106,3 días no caso de non compartiren o período de descanso (107,2 de media en España).

– Prestacións por risco durante o embarazo: Esta prestación ten por finalidade compensar a perda de rendas derivada da suspensión do contrato de traballo nos casos nos que a traballadora se atopa nunha situación de risco durante o embarazo. Esta situación prodúcese cando, sendo necesario un cambio de posto ou actividade que se adecúe ao seu estado de saúde, devandito cambio non resulte técnica ou obxectivamente viable, ou ben non poida ser razoablemente esixido por causas debidamente xustificadas.

No exercicio 2024, en Galicia produciuse un leve aumento no número de procesos en vigor, en contraste coa tendencia observada a nivel estatal. Así, ao peche do período contabilizáronse 858 procesos, o que representa o 5,1 % do total estatal, cunha duración media dos procesos finalizados de 90,8 días, lixeiramente inferior á media nacional, situada en 94,1 días.

– Prestacións por risco durante a lactación natural: A finalidade desta prestación é paliar a perda de ingresos que se produce cando a traballadora é declarada en situación de suspensión do contrato de traballo por risco durante a lactación natural dun menor de ata 9 meses. Esta situación xorde cando, sendo necesario o cambio a un posto ou actividade compatible co estado da traballadora, dito cambio non resulta factible desde un punto de vista técnico ou obxectivo, ou non pode ser razoablemente esixido.

Ao remate do ano 2024, o número de procesos en vigor en Galicia ascendeu a 24, os mes-

Beneficiarios de prestacións non contributivas nas CC.AA. 2019-24 (1)

		2019	2020	2021	2022	2023	2024
Total							
	Galicia	38.660	38.230	37.525	37.103	36.866	36.630
	España	452.692	449.995	446.556	445.798	447.980	453.756
Invalidez							
	Galicia	14.404	14.055	13.574	13.132	12.787	12.312
	España	193.122	188.670	184.378	179.967	175.792	171.353
Xubilación							
	Galicia	24.257	24.175	23.951	23.971	24.079	24.318
	España	259.570	261.325	262.177	265.830	272.188	282.403

(1) medias anuais

Fonte: Ministerio de Trabajo y Economía Social, *Prestaciones no contributivas*

4.3.9.

mos que no exercicio anterior. A duración media dos procesos finalizados foi de 153,2 días, os mesmos que a media estatal.

– Prestacións por coidado de menores afectados por cancro ou enfermidade grave: Esta prestación económica recoñece como situación protexida a redución da xornada laboral solicitada polos proxenitores, adoptantes ou acolledores con carácter familiar, preadoptivo ou permanente, sempre que ambos se atopen en situación laboral activa, co obxecto de atender o coidado dun menor ao seu cargo diagnosticado con cancro ou outra enfermidade grave.

A finais de 2024, rexistráronse en Galicia 674 procesos en vigor, o que representa o 4,3 % do total a nivel estatal. A duración media dos procesos finalizados situouse en 730 días, por riba da media nacional, que foi de 606 días.

Pensións non contributivas


As pensións non contributivas constitúen prestacións económicas de carácter periódico, vitalicio ou de duración determinada, destinadas a persoas que non acreditan un período de cotización suficiente —ou non teñen historial contributivo— para acceder ás prestacións do sistema contributivo da Seguridade Social como consecuencia da súa actividade profesional.

O obxectivo destas pensións é garantir un nivel mínimo de protección económica ás persoas en situación de necesidade, ofrecéndolles, ademais, asistencia médico-farmacéutica gratuíta e o acceso a servizos sociais complementarios. As modalidades recoñecidas dentro deste réxime son dúas: **pensión de invalidez**, dirixida a persoas con discapacidade en idade laboral, e **pensión de xubilación**, destinada a persoas maiores que cumpran os requisitos establecidos de idade e residencia.

No último ano continúa a redución no número de persoas beneficiarias de prestacións non contributivas en Galicia. Tras unha caída do 0,6% respecto ao ano anterior, fronte ao incremento do 1,3% no conxunto do Estado. O número total de beneficiarias e beneficiarios destas prestacións foi de 36.630 persoas (o 8,1% do total en España), o que mantén a Galicia como a sexta Comunidade Autónoma con máis pensións, por detrás de Andalucía, Cataluña, a C. Valenciana, Canarias e Madrid.

A evolución nos dous tipos de pensións non contributivas é dispar: por unha banda, o número de persoas beneficiarias nas pensións

Promedio mensual das pensións non contributivas 2014-24: distribución segundo clase de pensión (1)



(1) medias anuais, en euros
Fonte: IMSERSO, *Pensiones no contributivas de jubilación e invalidez*

4.3.10.

de invalidez redúcese un 3,7% en relación ao ano anterior, e, por outra banda, o número de beneficiarios e beneficiarias de pensións por xubilación non contributivas aumentan (1%). En relación ao conxunto das pensións non contributivas, en Galicia o 66,4% das persoas teñen unha pensión de xubilación, en torno a catro puntos porcentuais máis que o que representa no conxunto de España (62,2%) e o restante 33,6%, de invalidez. O importe medio mensual das pensións non contributivas de xubilación medra un 7,2% respecto ao ano anterior ascendendo a 506,8 euros, incremento porcentualmente semellante ao rexistrado polas pensións por invalidez que cun 7,4% máis, acadaron os 559,6 (**cadro 4.3.10.**).


O estudo da evolución das pensións non contributivas no período 2018-2023, expresadas en termos de número de prestacións por cada 1.000 habitantes, permite identificar tendencias relevantes tanto a nivel xeral como en función da densidade poboacional e do sexo das persoas beneficiarias; o **cadro 4.3.11.** reflicte unha lixeira tendencia decrecente no conxunto do territorio, pasando de 19,2 pensións non contributivas por cada 1.000 habitantes en 2018 ata as 17 pensións/1.000 hb en 2023 (último ano dispoñible). A caída máis acusada rexístrase no ano 2020 (14 pensión/1.000 hb), un ano fortemente condicionado pola crise sanitaria derivada da covid-19. A partir de 2021 obsérvase unha recuperación parcial, sen acadar os niveis previos á pandemia, o que pon de manifesto a vulnerabilidade deste colectivo fronte a situacións de crise.

Sen embargo, as cifras amosan diferencias significativas segundo a densidade poboacional da zona:

- As **ZDP (Zona Densamente Poboada)** presentan os valores máis altos durante a maior parte do período, con 20,5 pensións por 1.000 habitantes en 2018 e 17,6 en 2023. A elevada demanda nestas zonas pode relacionarse coa maior concentración de poboación en situación de vulnerabilidade urbana.

- As **ZIP (Zona Intermedia de Poboación)**

Pensións non contributivas por 1.000 habitantes 2018-23 (1)



	2018	2019	2020	2021	2022	2023
Total	**19,2**	**18,9**	**14,0**	**17,6**	**17,2**	**17,0**
ZDP	20,5	20,2	12,7	18,4	17,9	17,6
ZIP	17,3	17,0	13,0	15,9	15,7	15,8
ZPP	20,2	19,7	17,2	19,0	18,5	18,0
Homes	13,6	13,4	13,4	12,9	12,6	12,4
ZDP	16,2	15,8	15,8	14,8	14,4	13,8
ZIP	11,1	11,0	11,1	10,7	10,7	10,6
ZPP	13,8	13,6	13,7	13,4	13,1	12,8
Mulleres	24,4	24,1	23,0	22,0	21,5	21,4
ZDP	24,2	24,1	22,9	21,5	20,9	20,9
ZIP	23,2	22,7	21,8	20,8	20,5	20,7
ZPP	26,5	25,8	24,8	24,6	23,8	23,0

(1) Zonas densamente poboadas (ZDP), Zonas intermedias (ZIP), Zonas pouco poboadas (ZPP).

Fonte: IGE, *Panorama rural-urbano*

4.3.11.

manteñen os valores máis baixos en todos os anos, con relativa estabilidade no período analizado. A taxa varía entre 17,3 (2018) e 15,8 (2023), cun impacto menos abrupto da pandemia en comparación coas outras zonas.

• As **ZPP (Zona Pouco Poboada)** amosan tamén cifras elevadas, alcanzando as 20,2 pensións por 1.000 habitantes en 2018 e descendendo ata 18 en 2023. A presenza significativa de pensións nestas áreas pode estar asociada ao envellecemento da poboación, maiores niveis de despoboamento e menor acceso histórico a empregos estables.

A análise por sexo revela unha clara sobrerrepresentación das mulleres como titulares de pensións non contributivas, aí o número de pensións non contributivas por 1.000 habitantes no ano 2023 nas mulleres galegas é un 73% superior ao dos homes. A análise comparada entre mulleres e homes revela unha diferencia sostida e notable na taxa de percepción de pensións non contributivas, independentemente do tipo de zona. En todos os anos e zonas de poboación, as mulleres presentan taxas notablemente máis elevadas, reflectindo unha maior dependencia deste tipo de prestacións. Esta diferenza é especialmente pronunciada nas zonas pouco poboadas (ZPP), onde en 2023 a taxa entre mulleres foi de 23 fronte a 12,8 nos homes, e tamén

nas zonas densamente poboadas (ZDP), cunha taxa de 20,9 nas mulleres fronte a 13,8 nos homes. Incluso nas zonas intermedias (ZIP), cunha distribución poboacional máis equilibrada, a fenda persiste (20,7 en mulleres fronte a 10,6 en homes). Estes datos evidencian unha desigualdade de xénero estrutural no acceso ás pensións contributivas, resultado de traxectorias laborais máis precarias e descontinuas entre as mulleres.

No que respecta ás prestacións sociais e económicas para aquelas persoas con discapacidade que, por non desenvolver unha actividade laboral, non están incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social, o texto refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/2013, de 29 de novembro, contempla os subsidios de garantía de ingresos mínimos (SGIM), subsidios por axuda de terceira persoa (SATP) e subsidios de mobilidade e compensación por gastos de transporte (SMGT).

Estas prestacións descenden de xeito continuado nos últimos anos. As causas da perda do dereito ás prestacións sociais e económicas se motivan fundamentalmente en dúas razóns: o falecemento do beneficiario ou o recoñecemento dun dereito a unha prestación incompatible, de análoga natureza e superior contía. En Galicia o descenso de beneficiarios continúa no ano 2024 cunha caída interanual do 14%, sendo o número de prestacións económicas para persoas con discapacidade de 141, fronte ás 164 do ano anterior.

Finalmente, as prestacións familiares están destinadas a cubrir a situación de necesidade económica ou de exceso de gastos que produce, para determinadas persoas, a existencia de responsabilidades familiares e o nacemento ou adopción de fillos en determinados casos. Inclúen as asignacións de pago periódico por fillo ou menor acollido a cargo e as prestacións de pago único por nacemento ou adopción de fillo en caso de familias numerosas, monoparentais ou en casos de nais discapacitadas.

As prestacións de pago único por nacemento ou adopción de fillo, nos supostos de familias numerosas, monoparentais e nos casos de nais con discapacidade igual ou superior ao 65%, esixen, na maioría dos casos, acreditar un límite de ingresos. Esta prestación abóase nun pago único, sempre que os ingresos do beneficiario non rebasen os límites establecidos para cada caso. O **cadro 4.3.12.** mostra que en Galicia hai 697 beneficiarios deste tipo de prestacións, o 3,1% do total estatal, dos que o 69% pertencen a familias numerosas (76% en España).

Outra modalidade, neste caso con carácter de pago periódico, son as prestacións non contributivas a familias con fillos con discapacidade. En decembro de 2024 en Galicia había un total de 15.195 causantes con discapacidade, maiores de 18 anos, dos que 4.867 tiñan unha discapacidade maior do 75%; e 17.736 causantes menores de 18 anos, dos que 9.191 tiñan unha discapacidade maior do 75%.

Prestacións por desemprego

As prestacións por desemprego protexen a continxencia na que se atopa quen podendo e querendo traballar perde o seu emprego de forma temporal ou definitiva, ou ve reducida, ao menos nunha terceira parte a súa xornada, coa correspondente perda ou redución de salario por algunha das causas establecidas como situacións legais de desemprego. A protección desta situación no nivel contributivo denomínase prestación por desemprego, e no nivel non contributivo subsidio por desem-

Beneficiarios de prestacións familiares por nacemento ou adopción de fillo 2023-24

2024

	Galicia					España
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Total	**697**	**284**	**121**	**66**	**226**	**22.161**
Familias numerosas	483	191	88	49	155	16.948
Familias monoparentais	193	84	28	16	65	4.880
Familias con nais discapacitadas	21	9	5	1	6	333

2023

	Galicia					España
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Total	**566**	**177**	**112**	**62**	**215**	**19.792**
Familias numerosas	382	106	89	43	144	15.585
Familias monoparentais	163	65	23	15	60	3.924
Familias con nais discapacitadas	21	6	-	4	11	283

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

4.3.12.

prego.

Asociado ao descenso do paro rexistrado, no último ano rexistrándose en Galicia un total de 82.515 persoas beneficiarias de prestacións por desemprego, o que representa o 4,6% do total estatal, dúas décimas menos que no ano anterior (cadro 4.3.13.).

O descenso no número total de persoas beneficiarias prodúcese tanto no número de persoas beneficiarias de prestacións contributivas, como de subsidios por desemprego como de beneficiarios da renda activa de inserción.

No último ano os beneficiarios e beneficiarias de prestacións contributivas por desemprego diminúen un 1,2% para situarse nas 37.963 persoas, o que representa o 4,9% do total estatal; en tanto que a caída observada polos beneficiarios de subsidios situouse no 1,9%, acadando as 39.912 persoas beneficiarias (o 5,5% do total de España).

O número de persoas beneficiarias da renda activa de inserción presenta no ano 2023 unha taxa de variación interanual do -8,1%, acadando un total de 4.540 persoas beneficiarias en 2023, 400 menos que no ano anterior.

Tras esta evolución, o peso relativo dos beneficiarios e beneficiarias da prestación por desemprego que teñen dereito a prestación contributiva e dos subsidios sitúase no 46% e 48,4% respectivamente.

Se temos en conta ao total de persoas beneficiarias do conxunto das prestacións por desemprego, contributivas, asistenciais e a renda activa de inserción, as catro provincias galegas rexistran una diminución das persoas receptoras destas prestacións, sendo a provincia de Ourense a que rexistra un maior descenso tanto en termos relativos (-3,3%) e a provincia de Pontevedra a que lidera a redución de prestacións en termos absolutos (674 persoas beneficiarias menos). As provincias de Lugo e A Coruña perden un 2,1% e 1,5% das súas prestacións respectivamente, o que

Prestacións por desemprego e paro rexistrado en Galicia e España 2022-23

	2024		2023	
	Galicia	España	Galicia	España
Beneficiarios			82.515	1.774.534
prestación contributiva			37.963	778.853
traballadores eventuais agrarios			101	22.239
subsidio			39.912	719.536
subisido de traballadores eventuais agrarios			-	82.016
renta agraria			-	74.417
renta activa de inserción			4.540	97.474
Paro rexistrado	123.126	2.628.093	134.468	2.766.894
Paro rexistrado sen emprego anterior	11.286	242.928	11.771	250.548
Taxas cobertura (1)	72,6	72,6	67,4	68,3

(1) indicador da taxa de cobertura se calcula a partir da seguinte fórmula:
beneficiarios prestacións / (paro rexistrado con experiencia laboral +beneficiarios subsidios agrarios)
(paro rexistrado con experiencia laboral = paro rexistrado-paro rexistrado sen emprego anterior)
Fonte: elaboración propia CES Galicia a partir de datos do Ministerio de Trabajo y Economía Social

4.3.13.

supón 190 e 490 prestacións por desemprego menos que en 2022.

Tras esta evolución, Pontevedra concentra o 39,2% do total, superando á Coruña, co 38,9% do total, e con porcentaxes por riba do dez por cento en Ourense e Lugo (11,3% e 10,6% respectivamente).

En relación ao ano anterior, no ano 2023 as prestacións por desemprego redúcense nas catro provincias galegas, tanto as de nivel contributivo, asistencial ou a renda activa de inserción.

As prestacións contributivas redúcense en termos interanuais un 1,3% no conxunto de Galicia; sendo a provincia de Pontevedra a única que rexistra unha redución por riba da media galega (-1,5%).

Dentro das prestacións de nivel asistencial, o número de beneficiarios e beneficiarias do subsidio por desemprego tamén se reduce nas catro provincias galegas. A caída media do conxunto de Galicia acada o 1,9%, rexistrándose en Ourense unha redución do 4,2%, sendo a única das catro provincias onde o descenso das prestacións asistenciais por desemprego é superior é media galega.
Tamén se produce de xeito xeneralizado nas catro provincias, un descenso no número de beneficiarios da renda activa de inserción. O descenso medio en Galicia supera o 8% en relación ao ano anterior, sendo salientable o descenso do 14,7% do número de beneficiarios da renda activa de inserción na provincia de Ourense, así como os 150 beneficiarios e beneficiarias menos na provincia de Pontevedra no ano 2023 en relación aos rexistrados no ano anterior.
Para medir o alcance do sistema de protección podemos utilizar a taxa de cobertura, definida como a porcentaxe de parados con experiencia laboral e beneficiarios de subsidios agrarios eventuais que son beneficiarios dalgún tipo de prestación por desemprego. Como se observa no gráfico 4.3.14., a taxa de cobertura en Galicia aumenta acadando de media no ano 2023 o 67,3%, 4,7 puntos porcentuais máis que a taxa rexistrada de media no ano anterior (62,6%). Esta mesma evolu-

Taxa de cobertura en Galicia e España 2017-23 (1)



(1) indicador da taxa de cobertura se calcula a partir da seguinte fórmula:

beneficiarios prestacións / (paro rexistrado con experiencia laboral +beneficiarios subsidios agrarios)

(paro rexistrado con experiencia laboral = paro rexistrado-paro rexistrado sen emprego anterior)

Fonte: elaboración propia CES Galicia a partir de datos do Ministerio de Trabajo y Economía Social

4.3.14.

Risga e Axudas de Inclusión Social 2023-24: beneficiarios e pagos

RISGA (1)

	Beneficiarios						Importes medios	
	2024			2023			2024	2023
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres		
Total	**4.896**	**1.805**	**3.091**	**5.508**	**2.063**	**3.445**	**502,87**	**506,79**
A Coruña	1.009	338	671	993	362	631	499,62	527,43
Lugo	663	220	443	728	252	476	485,34	506,71
Ourense	350	121	229	447	163	284	537,70	540,94
Pontevedra	2.874	1.126	1.748	3.340	1.286	2.054	503,81	496,10

AIS (2)

	Axudas concedidas						Importes medios	
	2024			2023			2024	2023
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres		
Total	**3.270**	**1.123**	**2.147**	**3.944**	**1.385**	**2.559**	**1.203,35**	**1.209,33**
A Coruña	1.105	398	707	1.013	372	641	1.243,97	1.270,45
Lugo	526	166	360	563	196	367	1.214,82	1.214,73
Ourense	444	144	300	738	249	489	1.267,02	1.235,38
Pontevedra	1.195	415	780	1.630	568	1.062	1.137,07	1.157,69

(1) beneficiarios a 31 de decembro de cada ano e importe dos pagos totais líquidos no mes de decembro de cada ano

(2) axudas anuais concedidas e media anual das coantías das axudas

Fonte: Consellería de Política Social

4.3.15.

ción prodúcese no conxunto do Estado, con incrementos de 5,4 puntos porcentuais na taxa de cobertura, acadando de media no ano 2023 o 68,3%.

O aumento da taxa de cobertura en Galicia ven motivado por un descenso no número total de persoas beneficiarias das prestación por desemprego do 2% fronte á caída do 8% no do paro rexistrado con experiencia laboral. Por contra, no conxunto do Estado as persoas beneficiarias de prestacións por desemprego aumentan un 0,7%, e descende o número de parados e paradas con experiencia laboral nun 6,6%.

Renda mínima de inserción e Ingreso mínimo vital

A Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, regula a renda de inclusión social de Galicia (Risga) como unha prestación pública destinada a garantir recursos económicos de subsistencia a quen careza deles, así como a acadar progresivamente a súa autonomía e integración social e laboral, mediante o dereito e o deber de participar en procesos personalizados de inserción con apoio técnico e financeiro do Sistema galego de servizos sociais e do Sistema público de emprego de Galicia.

O número total de persoas beneficiarias da Risga volve a descender no último ano, acadando a 31 de decembro de 2024 un total de 4.896 persoas beneficiarias, un 11,1% menos que na mesma data do ano anterior (612 persoas beneficiarias menos). A contía básica para un titular é do 75% del IPREM, cun límite máximo para 7 convivintes, do 120% do IPREM no caso de non existir menores e do 135% con menores. A duración da percepción desta renda é de 12 meses. No último ano o

Risga e Axudas de Inclusión Social 2023-24: solicitudes

	2024								
	Total			RISGA			AIS		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Solicitudes a resolver	13.037	4.601	8.436	5.595	2.033	3.562	7.442	2.568	4.874
presentadas no ano	10.255	3.681	6.574	4.497	1.670	2.827	5.758	2.011	3.747
pendentes do ano anterior	2.782	920	1.862	1.098	363	735	1.684	557	1.127
Solicitudes resoltas	10.615	3.772	6.843	4.599	1.687	2.912	6.016	2.085	3.931
estimadas	5.906	2.098	3.808	2.636	975	1.661	3.270	1.123	2.147
desestimadas e/ou arquivadas	4.709	1.674	3.035	1.963	712	1.251	2.746	962	1.784
Solicitudes present. / resoltas *(%)*	81,4	82,0	81,1	82,2	83,0	81,8	80,8	81,2	80,7

	2023								
	Total			RISGA			AIS		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Solicitudes a resolver	13.732	4.784	8.948	5.732	2.026	3.706	8.000	2.758	5.242
presentadas no ano	10.530	3.723	6.807	4.515	1.614	2.901	6.015	2.109	3.906
pendentes do ano anterior	3.202	1.061	2.141	1.217	412	805	1.985	649	1.336
Solicitudes resoltas	10.954	3.885	7.069	4.658	1.675	2.983	6.296	2.210	4.086
estimadas	6.578	2.382	4.196	2.664	997	1.667	3.914	1.385	2.529
desestimadas e/ou arquivadas	4.376	1.503	2.873	1.994	678	1.316	2.382	825	1.557
Solicitudes present. / resoltas *(%)*	79,8	81,2	79,0	81,3	82,7	80,5	78,7	80,1	77,9

Fonte: Consellería de Política Social

4.3.16.

importe medio da axuda baixou 3,9 euros, acadando os 502,9 euros mensuais.

O descenso no número de persoas beneficiarias da Risga en Galicia prodúcese en tres das catro provincias galegas (**cadro 4.3.15.)**, sendo a provincia de A Coruña a única que rexistra un aumento do 1,6%, de xeito contrario destaca a contracción acaecida na provincia de Ourense cunha caída do 21,7% dos beneficiarios. Con 2.874 persoas beneficiarias, a provincia de Pontevedra concentra o 58,7% do total de beneficiarias e beneficiarios desta prestación en Galicia.

Xunto ao descenso no número de beneficiarios, no ano 2024 tamén cae o número de solicitudes a resolver (tal como se observa no **cadro 4.3.16.**), situándose en 5.595 solicitudes, 137 menos que no ano anterior; en concreto baixa levemente o número de solicitudes presentadas no propio ano 2024, que se sitúa en 4.497 solicitudes (18 menos que no ano anterior) en tanto que descende significativamente o número de solicitudes pendentes do ano anterior (1.098 solicitudes pendentes do ano 2023). Das sinaladas 5.595 solicitudes presentadas, resolvéronse 4.599 solicitudes, das que 2.636 foron estimadas, o que supón o 57,3% do total.

As axudas de inclusión social, tamén reguladas na citada Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, son prestacións económicas non periódicas que teñen como finalidade posibilitar ou reforzar os procesos de inclusión social das persoas ou familias afectadas, así como atender as situa-

Expedientes aprobados e persoas beneficiarias do Ingreso Mínimo Vital en Galicia e España: datos acumulados de xuño de 2020 a decembro de 2024

	Expedientes aprobados	Número de beneficiarios				
		Total	Adultos	Menores	Adultos	Menores
		(número de persoas)			*(% sobre o total)*	
Galicia	**43.970**	**117.044**	**69.695**	**47.349**	**59,5**	**40,5**
A Coruña	18.442	46.178	28.337	17.841	61,4	38,6
Lugo	5.567	15.610	8.865	6.745	56,8	43,2
Ourense	5.791	15.236	9.148	6.088	60,0	40,0
Pontevedra	14.170	40.020	23.345	16.675	58,3	41,7
España	943.620	2.805.670	1.586.087	1.219.583	56,5	43,5

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

4.3.17.

cións de grave emerxencia de persoas ou familias vulnerables que poidan desencadear un proceso de exclusión social. Estas axudas de inclusión social están destinadas a sufragar gastos extraordinarios e urxentes e, se é o caso, financiar actuacións de acompañamento ou reforzo de carácter excepcional vinculadas ás medidas de apoio dos diferentes tramos da renda de inclusión social de Galicia.

O número de persoas beneficiarias no ano 2024 caeu un 17,1% respecto ao ano anterior e se sitúa en 3.270 axudas, 674 menos que en 2023. O importe destas axudas (pago único) baixa un 0,5% respecto á mesma data do ano anterior, acadando os 1.203,35 euros.

• Ingreso mínimo vital

O Ingreso Mínimo Vital (IMV) constitúe unha prestación económica de natureza non contributiva, destinada a garantir un nivel mínimo de ingresos ás unidades de convivencia en situación de vulnerabilidade económica. O IMV forma parte das medidas orientadas a previr o risco de pobreza e exclusión social, especialmente en colectivos con dificultades de acceso ao mercado laboral ou con ingresos insuficientes para cubrir as necesidades básicas. A súa posta en marcha en 2020 representou un avance significativo na consolidación do principio de suficiencia económica recollido no artigo 41 da Constitución Española.

As contías do Ingreso Mínimo Vital están determinadas segundo a renda e o patrimonio da unidade de convivencia, sendo estas variables calculadas segundo os limiares de renda e patrimonio establecidos para cada ano. As contías a percibir tamén dependen da composición familiar e da zona de residencia (atendendo ao custo de vida en cada comunidade autónoma).

Os datos de beneficiarios do IMV proporcionados polo Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, refírense a datos acumulados dende xuño de 2020, polo que non é posible facer unha análise comparativa da evolución anual dos expedientes e dos beneficiarios desta prestación.

No **cadro 4.3.17.** observamos como dende xuño de 2020 a decembro de 2024, o Instituto Nacional da Seguridade Social aprobou en Galicia a un total de 43.970 expedientes, que

afectan a 117.044 beneficiarios, o que supón o 4,2% do conxunto do Estado. Do total de persoas ás que chega a prestación, o 40,5% son menores, 3 puntos porcentuais menos que en España (43,5%). Atendendo á súa distribución provincial, a provincia da Coruña é a que concentra o maior número de persoas beneficiadas, con 46.178 persoas, por diante de Pontevedra con 40.020 persoas, presentando ambas as dúas provincias unha porcentaxe de menores inferior á media estatal (38,6% e 41,7%, respectivamente). Tan só Lugo presenta un peso relativo de menores semellante á media española, co 43,2%.

O 25,7% do total de expedientes aprobados correspóndense con fogares compostos por un adulto, e o 16,5% con fogares compostos por un adulto e un menor, representando respectivamente o 5,5% e o 6% dos totais estatais. ❑

4.4. Medio ambiente e desenvolvemento sostible

Neste apartado da Memoria analizaremos o estado do medio ambiente na nosa Comunidade, así como a evolución dos principais indicadores relacionados co desenvolvemento sostible. Como punto de partida, resulta fundamental avaliar o grao de cumprimento en España dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) recollidos na Axenda 2030 da ONU.

A continuación inclúese un apartado sobre a emerxencia climática, co estudo, entre outros indicadores, da evolución do clima, da auga, da calidade do aire, en concreto con datos de emisións de GEI, e dos efectos económicos e medioambientais, incendios forestais, das anomalías climáticas. Finalmente, terase en conta a evolución da xeración e xestión de residuos.

Como introdución, destacar o Índice Global de Calidade de Vida (IGCV) elaborado polo Instituto Nacional de Estatística, ferramenta estatística que mide, de forma sintética, o benestar das persoas residentes en España a través dunha ampla variedade de indicadores sociais, económicos e ambientais. Este índice integra información relativa a nove dimensións clave, como saúde, educación, condicións materiais de vida, emprego, entorno físico e seguridade, entre outras, para ofrecer unha visión multidimensional da calidade de vida. Ao combinar datos obxectivos e subxectivos, o IGCV permite comparar o nivel de benestar entre comunidades autónomas e observar a súa evolución ao longo do tempo, sendo un recurso valioso para a planificación de políticas públicas centradas no desenvolvemento humano sostible.

Partindo do índice global de calidade de vida elaborado de xeito experimental polo INE con datos para o ano 2023, Galicia está entre as tres Comunidades Autónomas con peor rexistro no seu índice global, xunto con Andalucía e Canarias. No que respecta aos valores observados para Galicia nas dimensións clave analizadas, Galicia presenta valores do indica-

Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) 2024. Situación actual e tendencia

	Obxectivos	Situación actual (1)	Tendencia (2)
1	**Sen pobreza**	Aínda quedan desafíos importantes	Estancado o aumento menor del 50% de la tasa requerida
2	**Fame cero**	Aínda quedan grandes desafíos	Estancado o aumento menor del 50% de la tasa requerida
3	**Boa saúde e benestar**	Aínda quedan desafíos	Mellora moderadamente
4	**Educación de calidade**	Aínda quedan desafíos importantes	Estancado o aumento menor del 50% de la tasa requerida
5	**Igualdade de xénero**	Aínda quedan desafíos	Mellora moderadamente
6	**Auga limpa e saneamento**	Aínda quedan desafíos	Estancado o aumento menor del 50% de la tasa requerida
7	**Enerxía asequible e limpa**	Aínda quedan desafíos importantes	Mellora moderadamente
8	**Traballo decente e crecemento económico**	Aínda quedan desafíos importantes	Mellora moderadamente
9	**Industria, innovación e infraestrutura**	Aínda quedan desafíos importantes	Mellora moderadamente
10	**Redución da desigualdade**	Aínda quedan desafíos	Encamiñado ou mantendo o logro dos ODS
11	**Cidades e comunidades sostibles**	Aínda quedan desafíos importantes	Mellora moderadamente
12	**Consumo e produción responsables**	Aínda quedan grandes desafíos	Estancado o aumento menor del 50% de la tasa requerida
13	**Acción climática**	Aínda quedan grandes desafíos	Estancado o aumento menor del 50% de la tasa requerida
14	**Vida submarina**	Aínda quedan desafíos importantes	Estancado o aumento menor del 50% de la tasa requerida
15	**Vida na terra**	Aínda quedan grandes desafíos	Estancado o aumento menor del 50% de la tasa requerida
16	**Paz, xustiza e institucións sólidas**	Aínda quedan desafíos importantes	Estancado o aumento menor del 50% de la tasa requerida
17	**Alianzas para lograr os obxectivos**	Aínda quedan desafíos importantes	Mellora moderadamente

(1) De mellor a peor grado de cumprimento dos obxectivos a situación actual clasifícase en: Obxectivos logrados; Permanecen os obxectivos; Quedan retos importantes ou significativos por acadar; e por último, o nivel máis baixo "Persisten os desafíos máis importantes".

(2) De mellor a peor, a tendencia ou evolución clasifícase: En camiño ou mantendo o logro; mellora moderadamente; estancado; empeora

Fonte: Red Española para el Desarrollo sostenible, *Informe para el Desarrollo Sostenible en Europa 2025*

4.4.1.

dor inferiores á media estatal en traballo, saúde, ocio e relacións sociais, gobernanza e dereitos básicos, entorno e medioambiente, e experiencia xeral de vida, sendo en este último ámbito a comunidade que reporta un menor índice de todo o Estado.

• Obxectivos de Desenvolvemento Sostible

A nivel nacional, no último informe presentado sobre cumprimento dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS), España ocupa o posto 20 dos 34 países europeos incluídos no Índice dos ODS, cunha puntuación de 71,22 sobre 100.

A Axenda 2030 para o Desenvolvemento sostible aprobada pola ONU en 2015, e os seus 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS), establecen propósitos no ámbito do desenvolvemento económico, da inclusión social e da sostenibilidade ambiental que están presentes en todos os obxectivos a acadar ben de xeito prioritario ben acompañando a outro obxectivo. No prólogo do último informe presentado sobre a evolución dos ODS a nivel mundial, exponse que os avances para máis do 50% das metas dos ODS son insuficientes e no 30% están estancados ou en retroceso

O informe de desenvolvemento sostible en Europa 2024, reflicte un progreso positivo de España na implementación dos ODS, con melloras en áreas clave como saúde, igualdade de xénero e sustentabilidade urbana. Sen embargo, persisten desafíos en áreas críticas como o cambio climático, a biodiversidade e a cooperación internacional.

O **cadro 4.4.1.** reflicte o grao de cumprimento dos obxectivos no conxunto do Estado e a súa tendencia. España mostra avances significativos no cumprimento dos ODS aínda que persisten desafíos en áreas clave. En concreto, as áreas con desafíos persistentes son:

1. ODS 12 – Produción e consumo responsables: Posición 124, cunha puntuación de 65,8.
2. ODS 13 – Acción polo clima: Posición 113, cunha puntuación de 82,9.
3. ODS 14 – Vida submarina: Posición 90, cunha puntuación de 60,1.
4. ODS 15 – Vida de ecosistemas terrestres: Posición 70, cunha puntuación de 67,9.
5. ODS 17 – Alianzas para lograr os obxectivos: Posición 73, cunha puntuación de 61,9.

A pesar dos avances, o informe de 2024 indica que só o 17% das 169 metas da Axenda 2030 están avanzando, mentres que case a metade mostra un progreso mínimo ou moderado e en máis dun terzo está estancado ou retrocedendo.

• **Emerxencia climática**

Clima.- Tal como se sinala no último informe publicado polo Cligal: *"Análise de evidencias e impactos do cambio climático en Galicia"*, existen moitos indicadores que testemuñan a presenza de cambio climático nos ecosistemas terrestres e mariños de Galicia. Algúns deles evidencian modificacións na fauna, na flora, no solo e na auga, con influencia sobre a produción agraria e sobre a fisionomía dos nosos bosques e os posibles riscos que os ameazan. Neste apartado centrarémonos nas evidencias demostradas na evolución das temperaturas e das precipitacións.

A descrición climatolóxica do ano 2024 en Galicia, realízase a partir do *"Resumo climatolóxico do ano 2024"* elaborado por Meteogalicia, onde se define anomalía climatolóxica como a diferenza entre a temperatura media deste ano e o valor climático obtido con respecto ó período de referencia 1981-2010. Para a variable precipitación enténdese por anomalía a porcentaxe da precipitación acumulada no ano respecto do valor da media climática correspondente.


Tendo o anterior en conta, o dito informe considera o ano 2024 como extremadamente cálido, cunha temperatura media anual para a serie rexional de 14,7°C (**gráfico 4.4.2.** e **4.4.3.**), e unha desviación positiva de 1,1°C con respecto ao valor medio da serie no período 1981-2010. Con respecto á media da temperatura mínima, a anomalía positiva é de 1,4°C, co que 2024 é o ano máis cálido desde que hai rexistros, e con respecto á media da temperatura máxima, cunha desviación de 0,8°C, 2024 é un ano clasificado como moi cálido.

No que respecta á precipitación media rexistrada, esta foi de 1.469L/m^2 (**gráfico 4.4.4.** e **4.4.5.**) o que supón unha desviación respecto ao valor medio da serie no período 1981-2020 dun 14% superior ao normal. Por tanto o ano 2024 clasifícase como húmido, aínda que en menor medida que o ano anterior.

Auga.- As alteracións nos patróns de precipitacións, o aumento das temperaturas e os fenómenos meteorolóxicos extremos fan que a xestión sostible da auga sexa un aspecto clave para a adaptación ao cambio climático. Neste contexto, e tendo en conta a información dispoñible, analizaremos os datos relativos ao subministro de auga, ao tratamento de augas residuais e os custos asociados á xestión hídrica.

No que respecta ao subministro de auga e volumes dispoñibles, os datos do **cadro 4.4.6.** mostran como ao longo do ano 2022 (último dispoñible), subministráronse ás redes públicas galegas de abastecemento urbano 284 hectómetros cúbicos (hm^3) de auga, un 16,8% máis que na anterior enquisa realizada no ano 2020. Aproximadamente o 60% (171 hm^3),


Temperatura media anual no período 1961-2024



Fonte: Meteogalicia, *Resumo climatolóxico ano 2024*

4.4.2.


Anomalías de temperatura media no período 1961-2024



Fonte: Meteogalicia, *Resumo climatolóxico ano 2024*

4.4.3.


Precipitación anual no período 1961-2024



Fonte: Meteogalicia, *Resumo climatolóxico ano 2024*

4.4.4.

Anomalías de precipitación no período 1961-2024



Fonte: Meteogalicia, *Resumo climatolóxico ano 2024*

4.4.5.

Indicadores sobre o subministro, recollida e tratamento da auga 2020-22

	Galicia		España	
	2020	2022	2020	2022
		(miles de m³)		
Volume de auga subministrada á rede de abastecemento público	242.880	283.704	4.243.555	4.252.295
Volume total de auga rexistrada e distribuída por tipo de usuario	177.892	171.335	3.177.815	3.151.196
Sectores ecónomicos	40.084	43.243	616.365	650.451
Fogares	128.276	125.671	2.290.800	2.211.620
Consumos municipais	9.532	2.421	270.650	289.125
Volume de auga non rexistrada	64.988	112.369	1.065.740	1.101.099
Perdas reais	39.235	73.254	651.826	695.185
Perdas aparentes	25.753	39.115	413.914	405.914
		(m³ / día)		
Volume de augas residuais tratadas	1.047.977	1.498.152	13.361.642	15.428.404
		(%)		
Destino das augas residuais tratadas				
Ao mar	29,9	37,9	27,5	31,9
A un cauce fluvial	58,4	62,0	61,2	53,8
Auga reutilizada	8,6	0,1	10,9	10,9
Infiltracións ao chan	3,1	0,0	0,3	1,0
Outros	-	0,0	0,1	2,5
Importe facturado polo alcantarillado e depuración	97.583	157.305	2.481.515	2.410.272
		(euros/m³)		
Coste unitario da auga	1,2	2,0	1,9	1,9
Subministro de auga	0,7	1,0	1,1	1,2
Alcantarillado e depuración	0,6	0,9	0,8	0,8

Fonte: INE, *Estadísticas sobre el suministro y saneamiento del agua*

4.4.6.

foron volumes de auga rexistrada, isto é, medidos polos contadores de usuarios. O resto (112 hm3) foron volumes de auga non rexistrados. En relación á evolución destes valores, en primeiro lugar salientar que as porcentaxes a nivel estatal son do 75% e 25% respectivamente, sendo moi notorio tamén o incremento do 73% no volume de auga non rexistrada en Galicia entre os anos 2020 e 2022.

A auga non rexistrada desagrégase entre perdas reais e aparentes. As perdas reais por fugas, roturas ou avarías na rede de subministro, estimáronse en Galicia no ano 2022 en 73 hm^3, o que supón 75 litros por habitante e día, fronte aos 40 litros habitante día de media no Estado. As perdas reais supuxeron o 25,7% do total de auga subministrada á rede.

Por outra banda, as perdas aparentes, por erros de medida, fraudes ou consumos autorizados non medidos, foron de 39 hm^3.

No que respecta aos volumes de auga rexistrada, por tipo de usuario, o consumo de auga dos fogares baixou un 2% entre 2022 e 2020, mentres que o dos sectores económicos aumentou un 7,9%. Os consumos municipais caeron un 75%.

O consumo medio de auga nos fogares foi en Galicia no ano 2022 de 128 m^3, mesmo dato que a media estatal, o que supón un descenso do 1,6% en relación ao ano 2020. O custo unitario da auga situouse en 1,96 euros por metro cúbico en 2022, fronte ao 1,24 euros/m^3 do ano 2020, o que supón un incremento do 58%; o que contrasta coa estabilidade do custo unitario a nivel estatal en 1,92 euros/m^3. O custo unitario está medido como o cociente entre os importes abonados por

Estado dos encoros: ano hidrolóxico 2025(1)

		Demarcación hidrográfica Galicia-costa	Demarcación hidográfica Miño-Sil
Capacidade total	*(en Hm³)*	684	3.030
Volume actual	*(en Hm³)*	571	2.577
Porcentaxe	*(%)*	83,5	85,0
Ano anterior	*(en Hm³)*	551	2.633
Media 10 anos	*(en Hm³)*	560	2.347

(1) Datos actualizados ata semana 18 de 2025

Fonte: IAGUA, procedentes do Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico

4.4.7.

subministro, sumidoiros, depuración e saneamento, e o volume de auga rexistrada distribuída a todos os usuarios.

No que respecta ás augas residuais tratadas, En Galicia, o volume de augas residuais tratadas aumentou un 43% entre 2020 e 2022, mentres que en España o aumento foi dun 15,5%. O 62% das augas residuais tratadas derívanse en Galicia aos cauces fluviais e o 38% ao mar; sendo residual a reutilización destas augas, o que contrasta co case o 11% de augas residuais tratadas que se reutilizan de media no Estado, fundamentalmente para uso agrícola.

Finalmente, en relación ao volume e porcentaxe de ocupación dos encoros, Galicia conta con tres grandes demarcacións hidrográficas: Galicia-Costa, Miño-Sil e a parte galega da Demarcación do Douro, que abrangue territorio compartido con Castela e León. As dúas primeiras concentran a maior parte dos recursos hídricos encorados e das infraestruturas asociadas ao abastecemento, usos industriais e produción hidroeléctrica.

Tal como se mostra no **cadro 4.4.7.**, na Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa presenta un volume de auga embalsada de 571 Hm³, superior á rexistrada no ano anterior, pero inferior á media dos últimos dez anos. No que respecta á demarcación hidrográfica do Miño-Sil presenta un volume de auga encorada de 2.577 Hm³, un 8% superior á media dos últimos dez anos.

Atmosfera.- PTE RECIBIR DATOS EMISIÓNS.
emisións de gases de efecto invernadoiro do 20% en comparación cos niveis de 1990, incrementar a porcentaxe de enerxías renovables sobre o consumo final de enerxía e aumentar nun 20% a eficiencia enerxética.

De acordo cos datos facilitados polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, nos últimos dous anos analizados, 2021 e 2022, aumenta o volume de emisións de gases considerados de efecto invernadoiro. Ao longo do ano 2022, último dato dispoñible, emitíronse en Galicia 9.556 miles de toneladas de CO2eq o que representa o 3,9% do total estatal. En relación ao ano anterior as emisións se incrementan en 467 miles de toneladas de CO2eq en termos absolutos, o que significa un aumento do 5,3% (2,4% de aumento no conxunto do Estado).

Segundo o tipo de gas emitido, o cadro 4.4.2. reflicte que o CO2 (dióxido de carbono) representa no ano 2022 o 46,7% dos GEI netos emitidos en Galicia (emisións-absorcións), situándose o peso relativo do metano (CH4) no 38,3% e no 11,7% no caso do óxido nitroso


Emisións de CO_2 equivalente 2022 netas: distribución segundo actividade e principais tipos de gases

	CO_2	CH_4	N_2O	HFCs	PFCs	SF_6	Total	
			CO2 equivalente (miles de toneladas)					*(%)*
Total Emisións	**4.464,28**	**3.659,89**	**1.120,27**	**293,56**	**1,73**	**16,56**	**9.556,28**	**100**
Procesado da enerxía	13.857,55	166,90	132,31	-	-	-	14.156,76	148,14
Actividades de combustión	13.590,20	159,55	132,31	-	-	-	13.882,06	145,27
Industrias do sector enerxético	3.761,31	3,78	43,21	-	-	-	3.808,30	39,85
Industrias manufactureiras e da construcción	1.900,22	46,55	11,20	-	-	-	1.957,97	20,49
Transporte	5.231,00	4,97	49,62	-	-	-	5.285,59	55,31
Outros sectores	2.688,65	104,24	28,20	-	-	-	2.821,09	29,52
Outros	9,02	0,00	0,08	-	-	-	9,10	0,10
Emisións fuxitivas dos combustibles	267,34	7,35	0,00	-	-	-	274,70	2,87
Combustibles sólidos	-	-	-	-	-	-	-	-
Petróleo e gas natural	267,34	7,35	0,00	-	-	-	274,70	2,87
Procesos Industriais	582,31	1,50	29,80	293,56	1,73	16,56	925,45	9,68
Produtos minerais	126,20	-	-	-	-	-	126,20	1,32
Industria química	195,19	-	-	-	-	-	195,19	2,04
Produción metalúrxica	236,53	1,50	-		0,97	-	239,00	2,50
Produtos non enerxéticos e uso de disolventes	24,39	-	-	-	-	-	24,39	0,26
Industria electrónica	-	-	-	-	-	-	-	-
Uso de sustitutivos dos GEIs	-	-	-	293,56	0,76	-	294,32	3,08
Produción e uso doutros produtos	-	-	29,80	-	-	16,56	46,35	0,49
Outros	-	-	-	-	-	-	-	-
Agricultura	9,73	3.018,24	862,08	-	-	-	3.890,05	40,71
Fermentación entérica	-	2.185,56		-	-	-	2.185,56	22,87
Xestión do esterco	-	822,25	239,78	-	-	-	1.062,03	11,11
Cultivo de arroz	-	10,43		-	-	-	10,43	0,11
Chans agrícolas	-	-	622,30	-	-	-	622,30	6,51
Queimas planificadas de sabanas	-	-	-	-	-	-	-	-
Queima no campo de residuos agrícolas	-	-	-	-	-	-	-	-
Enmendas calizas	-	-	-	-	-	-	-	-
Fertilización con urea	8,47	-	-	-	-	-	8,47	0,09
Aplicación de fertilizantes con carbono	1,26	-	-	-	-	-	1,26	0,01
Cambio de uso do chan e silvicultura	- 9.985,31	31,63	48,82	-	-	-	- 9.904,86	- 103,65
Emisións indirectas de chans xestionados	-	-	3,80	-	-	-	3,80	0,04
Terras forestais	- 9.748,42	15,31	19,81	-	-	-	- 9.713,30	- 101,64
Terras de cultivo	39,71	0,08	3,59	-	-	-	43,38	0,45
Pastizais	- 286,24	16,24	14,99	-	-	-	- 255,01	- 2,67
Humedais	- 3,46	0,00	0,01	-	-	-	- 3,45	- 0,04
Asentamentos	125,42	-	6,58	-	-	-	132,00	1,38
Outras terras	0,76	-	0,04	-	-	-	0,80	0,01
Produtos madereiros	- 113,09	-	-	-	-	-	- 113,09	- 1,18
Outros	-	-	-	-	-	-	-	-
Tratamento e eliminación de residuos	-	441,63	47,25	-	-	-	488,88	5,12
Depósito en vertedeiros	-	330,65	-	-	-	-	330,65	3,46
Tratamento biolóxico de residuos sólidos	-	2,83	0,69	-	-	-	3,53	0,04
Incineración de residuos	-	1,08	2,56	-	-	-	3,64	0,04
Tratamento de augas residuais	-	107,02	44,00	-	-	-	151,02	1,58
Outros	-	0,04	-	-	-	-	0,04	0,00
Outros	-	-	-	-	-	-	-	-

Fonte: Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

4.4.8.

Índice de emisións de CO2 equivalentes en Galicia e España 1990-2023 (1)



(1) 1990 = 100

Fonte: Ministerio Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico, *Inventario Nacional de Emisiones de Contaminantes a la Atmósfera*

4.4.9.

(N2O). En 2022 en Galicia increméntanse as emisións netas nun 5,1% respecto ao ano precedente, aínda que seguen sendo un 19,5% inferiores ás emisións netas rexistradas no ano 2019.

En 2022 emitíronse un total de 4.464,3 miles de toneladas netas de CO2eq de dióxido de carbono, sendo as emisións netas de metano de 3.659,9 miles de toneladas de CO2eq, e acadando as emisións de óxido nitroso, as 1.120,3 miles de toneladas netas.


En relación ao obxectivo fixado pola Estratexia 2020, cadro 4.4.3., tras a significativa redución rexistrada en 2020, as emisións de gases de efecto invernadoiro en Galicia situáronse en 2022 un 60% por baixo do rexistrado en 1990, cumprindo folgadamente o obxectivo fixado. O nivel de emisións en España está un 2,5% por baixo do acadado en 1990.

No ano 2022 emitíronse en Galicia 19,5 Mt CO2eq, o cal representa un aumento dun 2,5% (0,5 Mt CO2eq) respecto do ano anterior.

O principal impulsor deste aumento foi o comportamento das emisións GEI asociadas ás industrias enerxéticas que creceron un 38,5% (1,1 Mt CO2eq) respecto do ano anterior. Tamén incrementáronse, aínda que en menor medida, as emisións asociadas ao transporte (5,5%), o tratamento de residuos (2,45%) e a agricultura (1,45%). Estes incrementos víronse en parte compensados polo descensos experimentados pola industria non enerxética que minguou as súas emisións nun 24,7% respecto do ano anterior (0,9 Mt CO2eq) e pola categoría "outros sectores" (que engloba, entre outros, ao sector residencial e comercial) que recortou as súas emisións de GEI nun 2,7% (gráfico 4.4.4.).

No tocante á evolución respecto do ano 1990, as emisións de GEI en Galicia no 2022 situáronse un 33,0% por debaixo do nivel de emisións dese ano 1990 (gráfico 5). En comparación co resto das CC.AA., Galicia é a

Variacións das emisións GEI en 2022: distribución segundo sectores



Fonte: Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

4.4.10.

Emisións de CO2 asignadas e declaradas 2023

	Instalacións	Emisións asignadas	Emisións declaradas 2023		Emisións declaradas 23/22
		(t CO_2 eq)	(t CO_2 eq)	(%)	(t CO_2 eq)
Produción enerxía eléctrica	3	-	2.223.999	48,6	-631.367
Coxeración-combustión	20	534.196	405.595	8,9	-299.277
Refino e produción de H2	2	726.853	1.105.026	24,1	-85.789
Produción de aceiro e ferroaleacións	5	321.323	167.527	3,7	-110.143
Produción de aluminio	2	646.442	398.036	8,7	-213.354
Produción de cemento, cal ou magnesita	2	193.636	128.590	2,8	-52.302
Fabricación cerámica	0	-	-	-	0
Produción papel	1	30.511	77.663	1,7	30.083
Fabricación produtos químicos orgánicos	2	42.243	72.820	1,6	-42.391
Total	37	2.495.204	4.579.256	100	-1.404.540

Fonte: Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

4.4.11.

Emisións contaminantes nas CC.AA. 2022-23: actividades e complexos contaminantes (1)

	actividades industriais		complexos industriais	
	2023	2022	2023	2022
Andalucía	49	50	574	561
Aragón	47	47	1.324	1.271
Asturias	33	33	75	76
Baleares	11	12	26	27
Canarias	16	16	47	48
Cantabria	25	26	47	49
Castela e León	47	48	871	840
Castela-A Mancha	39	39	475	455
Cataluña	66	67	1.485	1.491
C. Valenciana	47	46	356	408
Estremadura	25	26	85	91
Galicia	44	47	225	232
Madrid	36	38	177	184
Murcia	42	39	243	234
Navarra	42	41	237	236
País Vasco	47	45	223	230
A Rioxa	19	19	72	70
Cidade Autónoma de Ceuta	1	1	1	1
Cidade Autónoma de Melilla	2	2	2	2
Total	638	642	6.545	6.506

(1) complexos que teñen datos de información pública
Fonte: Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico. Registro Estatal de Emisiones y Fuentes Contaminantes (PRTR España)

4.4.12.

segunda Comunidade Autónoma que máis diminuíu as súas emisións respecto do nivel de 1990, existindo máis de 35 puntos porcentuais de diferenza co nivel de emisións do conxunto do Estado.

A evolución dos distintos sectores neste período de tempo en Galicia mostra un comportamento desigual. Así, mentres que as emisións das indústrias do sector enerxético, do sector do tratamento e eliminación de residuos e as emisións asociadas á industria non incluída no sector enerxético diminuíron as súas emisións nun 73,1%, 33,8% e 30,2% respectivamente, sectores coma o transporte, a agricultura, e a categoría "outros sectores", aumentaron as súas emisións nun 62,7%, 20,6% e nun 13,2% respectivamente.
De acordo cos datos facilitados polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, durante o 2022 emitíronse en Galicia 19,5 millóns de toneladas de CO2

Gasto das empresas en protección medioambiental.- O investimento empresarial destinado á redución das emisións contaminantes constitúe un indicador clave para avaliar a eficacia das políticas ambientais, tanto no ámbito nacional como no internacional. Porén, a análise deste parámetro vese limitada pola escasa actualización da información dispoñible, sendo o último dato rexistrado correspondente ao ano 2022 (**cadro 4.4.13.**).

Durante ese ano, o gasto das industrias galegas en protección ambiental experimentou un notable repunte, cun incremento do 63 % respecto ao exercicio anterior. Esta suba produ-

Gastos das empresas en protección ambiental en Galicia e España 2018-22 (1)

	España					Galicia				
	2018	2019	2020	2021	2022	2018	2019	2020	2021	2022
					(en millóns de euros)					
Total CNAE B, C e D	**2.626,2**	**2.792,0**	**2.625,5**	**950,2**	**1.259,2**	**193,3**	**260,8**	**151,5**	**43,4**	**70,6**
Investimento total	619,6	736,7	613,8	905,5	1.214,5	80,5	148,8	36,0	38,3	66,1
Equipos e instalacións independentes	181,4	232,0	207,1	314,8	284,0	9,7	21,4	5,0	9,2	15,5
Protección do aire e o clima	54,9	66,3	46,4	57,4	49,0	4,0	7,1	2,4	2,7	0,7
Xestión de augas residuais	39,1	48,6	37,0	41,0	63,0	3,0	10,3	0,8	3,9	14,0
Xestión de residuos	13,8	22,7	14,0	10,3	19,2	0,4	0,7	0,1	0,3	0,4
Protección e descontaminación de solos, augas subterráneas e superficiais	14,6	20,1	4,8	15,1	8,0	1,4	0,8	0,1	0,1	0,1
Redución de ruídos e vibracións	4,8	8,9	3,6	2,2	4,8	0,3	0,1	0,0	0,4	0,0
Protección da biodiversidade e a paisaxe	38,2	47,0	82,9	2,0	22,8	0,4	1,2	0,8	0,2	0,1
Outras actividades de protección ambiental	16,0	18,4	18,4	186,7	117,3	0,2	1,2	0,7	1,7	0,3
Equipos e instalacións integrados	438,2	504,7	406,7	590,7	930,5	70,8	127,4	31,0	29,1	50,6
Protección do aire e o clima	326,5	391,9	279,3	365,0	667,2	61,8	112,5	24,3	17,6	30,5
Xestión de augas residuais	38,9	41,8	36,6	78,7	81,5	2,9	1,7	0,7	3,3	1,5
Xestión de residuos	48,0	44,8	58,9	87,1	93,0	4,5	10,2	4,0	2,3	12,3
Protección e descontaminación de solos, augas subterráneas e superficiais	14,7	13,6	10,4	9,5	34,9	1,1	0,7	1,0	0,6	1,7
Redución de ruídos e vibracións	4,6	3,9	5,6	5,6	9,3	0,3	0,4	0,2	0,3	0,0
Outras actividades de protección ambiental	5,5	8,7	15,8	-	-	0,2	1,9	0,8	-	-
Gastos correntes	2.006,7	2.055,3	2.011,7	44,8	44,7	112,9	112,0	115,5	5,1	4,6
C. Industria manufactureira	**2.348,1**	**2.437,9**	**2.342,9**	**704,3**	**1.024,6**	**136,5**	**159,4**	**135,4**	**34,8**	**69,6**
Investimento total	498,8	540,9	482,3	663,2	981,0	31,6	56,5	33,4	33,7	65,1
Equipos e instalacións independentes	116,3	148,3	109,7	144,4	144,2	7,3	18,5	3,7	8,4	15,1
Protección do aire e o clima	42,5	57,4	44,8	53,9	47,4	3,6	7,0	2,4	2,7	0,7
Xestión de augas residuais	38,7	47,6	35,4	40,5	62,7	3,0	10,2	0,8	3,9	14,0
Xestión de residuos	11,2	18,3	14,0	9,9	19,1	0,2	0,4	0,1	0,3	0,4
Protección e descontaminación de solos, augas subterráneas e superficiais	10,1	6,3	4,1	12,0	5,4	0,1	0,5	0,1	0,1	0,1
Redución de ruídos e vibracións	4,8	3,9	3,6	1,9	4,6	0,3	0,1	0,0	0,4	0,0
Protección da biodiversidade e a paisaxe	1,1	0,7	1,8	1,5	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	-
Outras actividades de protección ambiental	8,0	13,9	6,0	24,5	5,0	0,1	0,3	0,3	1,1	-
Equipos e instalacións integrados	382,4	392,6	372,6	518,8	836,8	24,3	37,9	29,7	8,4	50,0
Protección do aire e o clima	278,8	289,9	250,0	312,5	586,5	17,6	24,7	23,6	2,7	29,9
Xestión de augas residuais	36,3	38,6	36,4	73,9	80,9	0,8	1,6	0,7	3,9	1,5
Xestión de residuos	47,5	44,0	58,7	76,5	83,6	4,4	10,1	3,9	0,3	12,3
Protección e descontaminación de solos, augas subterráneas e superficiais	10,5	8,9	8,7	9,3	33,0	1,0	0,6	1,0	0,1	1,7
Redución de ruídos e vibracións	4,3	3,8	5,6	5,5	9,2	0,2	0,4	0,2	0,4	0,0
Outras actividades de protección ambiental	5,0	7,3	13,2	-	-	0,2	0,5	0,4	0,0	-
Gastos correntes	1.849,3	1.897,0	1.860,6	41,1	43,6	104,9	102,9	102,0	1,1	4,6

(1) datos referidos ás empresas das seccións B, C e D da CNAE-2009

Fonte: INE, Estadísticas sobre las actividades de protección medioambiental

4.4.13.

cese despois dunha forte contracción no ano 2021, cando os efectos derivados da pandemia da Covid-19 provocaron unha redución superior ao 70 % neste tipo de investimentos.

Como resultado desta evolución, en 2022 o sector industrial galego destinou un total de 70,6 millóns de euros a actuacións vinculadas á protección ambiental. Esta cifra contrasta cos 43,4 millóns investidos en 2021 e está aínda por debaixo dos 151,5 millóns alcanzados no ano 2020.

No contexto estatal, Galicia acadou unha participación do 5,6 % no total do gasto ambiental empresarial, o que supón un incremento dun punto porcentual respecto ao ano anterior. Esta mellora relativa explícase polo

menor crecemento rexistrado no conxunto do Estado, onde o incremento medio foi do 32,5%.

O incremento no gasto en protección ambiental ven motivado polo incremento de máis do 72% no investimento total, fronte á caída do 10% nos gastos correntes, variable que xa rexistrou un importante descenso no ano anterior. Tal como reflicte o **cadro 4.4.13.**, o investimento medra en 27,8 millóns de euros e os gastos correntes redúcense en 0,5 millóns de euros. Tras esta evolución, o investimento total ascende a 66,1millóns de euros e os gastos correntes a 4,6 millóns.

O 76,5% do total investido pola industria en protección ambiental destínase a equipos e instalacións integradas no propio proceso produtivo, fronte ao 23,5% restante dedicado a equipos e instalacións independentes. Porcentaxes semellantes ás rexistradas de media no Estado.

En 2022, o investimento destinado a equipos integrados para a protección do aire e do clima rexistrou novamente a cifra máis elevada entre os distintos ámbitos ambientais, alcanzando os 30,5 millóns de euros. Este importe representa un aumento significativo fronte aos 17,6 millóns investidos en 2021, aínda que segue moi por debaixo dos 112,5 millóns rexistrados en 2019.

En segundo e terceiro lugar sitúanse os investimentos en equipos e instalacións independentes para a xestión de augas residuais e en sistemas integrados para a xestión de residuos, que acadaron 14 millóns e 12,3 millóns de euros respectivamente.

No ano 2022, o 98,6 % do gasto en protección ambiental realizado polas empresas galegas correspondeu ao sector da industria manufactureira, unha proporción significativamente superior á media estatal, situada no 81,4 %. En termos absolutos, este sector destinou 69,6 millóns de euros a este fin, o que supón duplicar o investimento realizado no exercicio anterior.

No que respecta ao investimento, as empresas manufactureiras galegas achegaron 65,1 millóns de euros, o que representa o 98,5 % do total investido polo tecido produtivo da comunidade, fronte ao 80,8 % no conxunto de España.

Analizando o tipo de investimento, obsérvase un aumento de 6,7 millóns de euros no destinado a equipos independentes e un incremento moito máis destacado —de 41,6 millóns de euros— aos equipos integrados. Pola súa banda, os gastos correntes en protección ambiental tamén rexistraron un crecemento, cunha suba de 3,5 millóns de euros, ata acadar un total de 4,6 millóns no ano 2022.

Espazos naturais protexidos.- A Rede Galega de Espazos Protexidos (RGEP) está composta por un conxunto diverso de áreas de elevado valor ecolóxico e ambiental, que inclúe: seis parques naturais oficialmente declarados; o Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia; oito espazos recoñecidos como monumentos naturais, en atención ao seu destacado interese natural, paisaxístico, xeolóxico ou histórico; cinco zonas húmidas protexidas; dúas paisaxes protexidas; e máis de setenta áreas clasificadas como zonas de especial protección dos valores naturais.

Segundo os datos da Dirección Xeral de Patrimonio Natural (**cadro 4.4.14.**), a superficie terrestre amparada por esta rede acada as 358.984 hectáreas, o que representa aproximadamente o 12,14 % da superficie total de Galicia.

Rede Galega de Espazos Protexidos: distribución segundo categoría e provincia (1)

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
			(en hectáreas)		
Superficie	795.771	985.245	727.004	448.977	2.956.998
Red Galega de Espazos Protexidos	46.340	153.296	133.347	26.000	358.984
Parques	10.271	-	38.185	1.709	50.165
Monumentos naturais	259	104	1.000	5	1.368
Humidais protexidos	2.925	500	-	976	4.400
Paisaxes protexidos	212	-	691	-	903
Espazos protexisdos Red Natura 2000	46.035	153.293	129.258	25.943	354.529
			(% sobre superficie total)		
Red Galega de Espazos Protexidos	5,82	15,56	18,34	5,79	12,14
Parques	1,29	0,00	5,25	0,38	1,70
Monumentos naturais	0,03	0,01	0,14	0,00	0,05
Humidais protexidos	0,37	0,05	0,00	0,22	0,15
Paisaxes protexidos	0,03	0,00	0,10	0,00	0,03
Espazos protexisdos Red Natura 2000	5,78	15,56	17,78	5,78	11,99

(1) datos actualizados a 31-12-2023 y sin cambios posteriores.

Fonte: Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

4.4.14.

Desde o punto de vista territorial, as provincias de Lugo e Ourense concentran a maior parte desta superficie protexida, con 153.296 ha (15,56% da superficie provincial) e 133.347 ha (18,34%) respectivamente. Pola contra, nas provincias da Coruña e Pontevedra, a porcentaxe de territorio baixo protección ambiental sitúase arredor do 5,8%, cunha superficie de 46.340 ha e 26.000 ha, respectivamente.

Fauna salvaxe.- A presenza crecente de fauna silvestre en zonas humanizadas está a xerar impactos cada vez máis relevantes sobre actividades agrarias e gandeiras, así como sobre a seguridade viaria. Este fenómeno, asociado á expansión de determinadas especies, tradúcese nun aumento dos danos rexistrados en cultivos, explotacións gandeiras e infraestruturas. En Galicia, a incidencia dos lobos sobre a cabana gandeira e dos xabarís sobre os cultivos agrícolas constitúe un dos principais ámbitos de conflito.

No que atinxe á incidencia dos ataques do lobo na cabana gandeira galega, os datos reflectidos no **cadro 4.4.15.** amosan que nos últimos anos o número de reses mortas por ataques nas explotacións gandeiras galegas é cada vez maior. Entre 2016 e 2024, os danos provocados polo lobo en Galicia aumentaron de forma significativa, pasando de 820 a 2.127 avisos (aumento do 159%) e de 1.573 a 3.225 reses afectadas (incremento do 105%). O gando máis prexudicado foi o vacún, con 1.122 baixas en 2024, seguido do ovino (1.302), equino (582) e caprún (219). Este incremento sostido, especialmente acusado nos últimos tres anos, evidencia unha tendencia crecente que require reforzar e adaptar os sistemas de compensación e protección nas zonas máis afectadas.

En relación ás sinaladas políticas de compensación, a partir dos datos das solicitudes de pago de indemnización presentadas por agricultores e gandeiros galegos afectados por danos de xabarís nos seus predios, observamos como entre 2019 e 2024, a superficie de

Danos provocados no sector agrícola e gandeiro polo lobo e xabarín 2016-24

Danos provocados polo lobo

	Avisos	Reses afectadas				
		Equino	Ovino	Caprún	Vacún	Total
2016	820	170	801	185	417	1.573
2017	1.203	256	1.288	242	593	2.379
2018	1.328	335	924	174	786	2.219
2019	1.396	441	957	216	707	2.321
2020	1.303	290	1.044	298	667	2.299
2021	1.204	311	944	191	604	2.050
2022	1.332	331	1.042	214	664	2.251
2023	1.644	436	1.191	224	953	2.804
2024	2.127	582	1.302	219	1.122	3.225

Danos provocados polo xabarín (1)

	(superficie de cultivos afectada)					
	2019	2020	2021	2022	2023	2024
	(hectáreas)					
A Coruña	275,1	718,4	782,3	674,9	1.021,9	1.229,0
Lugo	676,0	733,8	569,8	572,0	765,7	1.006,6
Ourense	264,1	243,8	310,3	306,4	341,2	424,3
Pontevedra	78,1	50,6	77,4	52,7	96,2	122,1
Galicia	1.293,2	1.746,6	1.739,7	1.606,0	2.225,0	2.781,9

(1) Dende o ano 2021 inclúense o novo concepto dos frutais

Fonte: Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

4.4.15.

cultivos afectados polos danos do xabaril en Galicia incrementouse de forma notable, pasando de 1.293,2 a 2.781,9 hectáreas, o que supón un aumento do 115%. Este crecemento foi especialmente acusado nas provincias da Coruña e Lugo, que en 2024 concentran máis do 80% da superficie afectada total (1.229 ha e 1.006,6 ha respectivamente). A tendencia xeral reflicte unha expansión sostida dos impactos sobre a actividade agraria.

A proliferación de fauna silvestre nas contornas humanizadas está a xerar tamén un impacto crecente sobre a seguridade viaria en Galicia, cunha tendencia á alza nos accidentes de tráfico nos que interveñen animais. Os datos expostos nos **cadros 4.4.16.** e **4.4.17.** mostran como entre 2023 e 2024, Galicia rexistrou un aumento global da sinistralidade viaria relacionada coa fauna, tanto en termos de número total de accidentes como na súa gravidade. O total de accidentes con intervención de animais pasou de 5.621 a 5.677 (aumento do 1%), cun crecemento destacado dos casos causados por xabarís, que representan preto do 66% dos incidentes en ambos anos (3.613 en 2023 e 3.726 en 2024). Pola súa banda, os accidentes con vítimas aumentaron un 40%, pasando de 52 en 2023 a 73 en 2024, o que reflicte un agravamento no impacto destes sucesos sobre a seguridade viaria.

Bosques e Incendios forestais.- Os datos recollidos no Anuario de Estatística Forestal 2022, último publicado polo Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación no ano 2024, inclúen para Galicia os mesmos datos que no anuario anterior polo que reflicten que a superficie forestal arborada en Galicia ascende a 1.467.943 hectáreas, o que repre-

Accidentes con intervención de animais 2023-24

	2024				
	Corzo	Xabarín	Can	Outros	Total
A Coruña	171	1.067	90	103	1.431
Lugo	482	982	91	136	1.691
Ourense	365	1.052	74	88	1.579
Pontevedra	108	625	125	118	976
Total	1126	3726	380	445	5677

	2023				
	Corzo	Xabarín	Can	Outros	Total
A Coruña	167	973	95	137	1.372
Lugo	485	1.015	95	141	1.736
Ourense	370	997	58	95	1.520
Pontevedra	112	628	118	135	993
Total	1134	3613	366	508	5621

Fonte: Jefatura Provincial de Tráfico de A Coruña

4.4.16.

Accidentes con intervención de animais 2023-24

	2024		2023	
	Con daños materiais	Con víctimas	Con daños materiais	Con víctimas
	(nº de accidentes)			
A Coruña	1.407	24	1.356	16
Lugo	1.674	17	1.726	10
Ourense	1.571	8	1.514	6
Pontevedra	952	24	973	20
Total	5.604	73	5.569	52

Fonte: Jefatura Provincial de Tráfico de A Coruña

4.4.17.

senta o 72,4% da superficie forestal galega e o 68% da superficie total.

Segundo o sistema de indicadores para 2024 da Consellería de Medio Rural, o número de montes ou parcelas forestais con instrumentos de ordenación e xestión forestal (IOXF) ascendeu a 164.958, elevándose a superficie total a 648.602 hectáreas, en relación ao ano anterior o número de instrumentos de ordenación e xestión forestal aumenta un 8,6%. Atendendo á súa distribución segundo provincia, Ourense concentra o 34,9% da superficie ordenada con tan só o 6,9% dos montes ou parcelas, por diante de Lugo que concentra o 23,3% da superficie e o 29,2% dos montes con IOXF.

No que respecta aos montes xestionados baixo consorcio ou convenio, en 2024 hai 1.507 montes de xestión pública, un 3% menos que no ano anterior, ascendendo a superficie xestionada a 242.972 ha, un 3% menos que en 2023; sendo Ourense a provincia cunha maior superficie xestionada.

Estrutura e ordenación da propiedade forestal 2019-24

	2019	2020	2021	2022	2023	2024
Montes públicos						
Nº de montes	237	234	235	234	237	238
Superficie	55.366,50	53.636,16	53.636,16	53.215,56	53.666,39	53.667,39
Montes veciñais en man común (MVMC)						
Nº de montes	3.345	3.349	3.353	3.371	3.376	3.388
Superficie	663.106,83	667.997,98	662.512,45	661.832,34	660.709,25	661.068,08
Superficie media	198,24	199,46	197,59	196,33	195,71	195,12
Comunidades de montes veciñais en man común (CMVMC)						
Nº de CMVMC	-	3.013	3.016	3.029	3.030	3.034
% de CMVC que cumpren obrigas	-	10,39%	3,00%	47,61%	46,53%	44,03%
Nº de comuneiros	-	119.529	119.309	117.801	116.939	115.811
Nº medio de comuneiros	-	39,67	39,56	38,89	38,59	38,17
Ingresos medios	39.721,26	35.779,16	43.539,40	51.999,91	50.899,32	50.899,32
Investimentos medios	23.821,67	19.610,26	23.832,52	23.338,61	20.608,17	20.608,17
Mancomunidades de montes veciñais en man común						
Nº de mancomunidades	36	36	36	36	36	37
Montes de varas, abertais, de voces, de vocerío ou de fabeo						
Nº de montes	40	42	43	49	52	55
Superficie	9.404,95	9.568,12	9.568,12	10.321,02	11.254,74	13.252,43
Agrupacións forestais inscritas						
Nº de agrupacións	13	19	19	19	19	24
Superficie	2.093,84	3.145,00	3.145,00	3.145,00	3.145,00	3.445,41
Superficie xestionada	1.730,78	2.491,70	2.491,70	2.491,70	2.491,70	2.761,15
Socios	602	925	925	925	925	1.164
Parcelas	4.490	9.656	9.656	9.656	9.656	11.125
Rexistro de montes ordenados						
Nº de instrumentos de ordenación e xestión forestal	5.298	6.696	43.296	84.986	117.881	151.944
Nº de proxectos de ordenación (PO)	723	863	987	1.335	1.502	1.712
Nº de documentos simples de xestión	12	15	25	57	72	82
Nº de documentos compartidos de xestión	-	1	1	2	2	2
Nº de adhesións boas prácticas e modelos silvícolas/xestión forestal	4.563	5.817	42.283	83.592	116.305	150.148
Superficie instrumentos de ordenación e xestión forestal	215.260,28	305.771,72	385.033,24	479.544,93	550.919,23	630.698,72
Superficie proxectos de ordenación (PO)	206.829,99	295.156,01	349.632,18	416.328,90	465.594,28	523.038,97
Superficie documentos simples de xestión	175,10	217,76	401,63	974,48	1.301,59	1.468,48
Superficie documentos compartidos de xestión	-	14,13	14,13	31,84	31,84	31,84
Superficie adhesión boas prácticas e modelos silvícolas/xestión forestal	8.255,19	10.383,82	34.985,30	62.209,71	83.991,52	106.159,44
Nº referencias catastrais en montes con adhesión boas prácticas e modelos silvícolas e de xestión forestal	12.599	15.775	69.263	134.832	188.197	242.278
Nº medio de referencias catastrais por adhesión	2,88	2,53	1,56	1,58	1,63	1,60
Superficie media por adhesión	1,96	1,70	0,68	0,66	0,67	0,66

Fonte: Consellería do Medio Rural, *Estatísticas forestais*

4.4.18.

Finalmente destacar Os Montes Veciñais en Man Común, como a figura máis importante de xestión forestal en Galicia, de xeito que no ano 2024 hai en Galicia 3.388 montes veciñais en man común (MVMC), cunha superficie de 661 mil hectáreas, polo tanto cunha superficie media de case 196 hectáreas.

O cambio climático, a elevada densidade de masa forestal en Galicia e a fragmentación do territorio, xunto con factores como a falta de xestión forestal adecuada en determinadas áreas, a acumulación excesiva de biomasa e a presenza de especies inflamables, contribúen a un aumento considerable do risco de incendios. Estas condicións favorecen a propagación de incendios forestais, que se volven máis frecuentes, intensos e difíciles de contro-

Incendios forestais 2023-24: número de sinistros (1)

	Conatos		Incendios		Queimas		Total	
	2024	2023	2024	2023	2024	2023	2024	2023
A Coruña	110	158	16	26	4	9	130	193
Lugo	71	108	22	42	5	18	98	168
Ourense	237	236	37	40	16	24	290	300
Pontevedra	200	201	32	41	5	5	237	247
Total	**618**	**703**	**107**	**149**	**30**	**56**	**755**	**908**

(1) datos son provisionais

Fonte: Consellería do Medio Rural

4.4.19.

Incendios forestais 2023-24: superficie afectada (1)

2024

	Superficie arborada				Superficie rasa				Superficie Total			
	Conatos	Incendios	Queimas	Total	Conatos	Incendios	Queimas	Total	Conatos	Incendios	Queimas	Total
							(en Has.)					
A Coruña	6,3	137,1	-	143,4	5,4	75,5	26,3	107,2	11,7	212,6	26,3	250,7
Lugo	4,1	230,0	-	234,1	7,3	96,8	58,6	162,7	11,4	326,7	58,6	396,8
Ourense	7,0	242,3	-	249,3	24,7	655,9	310,8	991,4	31,7	898,3	310,8	1.240,7
Pontevedra	14,8	526,8	-	541,6	8,5	174,6	31,8	214,9	23,3	701,5	31,8	756,6
Total	**32,2**	**1.136,3**	**-**	**1.168,5**	**45,9**	**1.002,8**	**427,6**	**1.476,3**	**78,1**	**2.139,1**	**427,6**	**2.644,7**

2023

	Superficie arborada				Superficie rasa				Superficie Total			
	Conatos	Incendios	Queimas	Total	Conatos	Incendios	Queimas	Total	Conatos	Incendios	Queimas	Total
							(en Has.)					
A Coruña	8,8	80,0	-	88,8	12,0	173,7	25,3	211,1	20,9	253,7	25,3	299,9
Lugo	4,5	3.513,8	-	3.518,3	13,0	1.296,1	63,2	1.372,3	17,5	4.809,9	63,2	4.890,6
Ourense	7,8	166,5	-	174,3	29,3	390,2	646,8	1.066,3	37,1	556,7	646,8	1.240,6
Pontevedra	16,5	155,5	-	172,0	8,6	119,6	17,6	145,9	25,1	275,1	17,6	317,9
Total	**37,6**	**3.915,7**	**-**	**3.953,3**	**63,0**	**1.979,6**	**753,0**	**2.795,6**	**100,6**	**5.895,3**	**753,0**	**6.748,9**

(1) datos son provisionais

Fonte: Consellería do Medio Rural

4.4.20.

lar. A interacción entre estas variables, sumada á maior vulnerabilidade dos ecosistemas forestais debido ao cambio climático, incrementa os riscos e as consecuencias dos incendios no territorio galego.

Segundo os datos recollidos pola Consellería do Medio Rural (**cadro 4.4.18.**), no último exercicio contabilizáronse 755 sinistros forestais, cifra que representa unha diminución de 153 incidentes respecto ao ano anterior, é dicir, un 16,8% menos. A superficie afectada foi de 2.645 hectáreas, o que supón unha redución do 60,8% en comparación co exercicio precedente, no que arderan 6.749 hectáreas. Esta significativa diminución, tanto en número de sinistros como en superficie queimada, pode atribuírselle a múltiples factores, entre os que destaca a influencia das condicións climáticas. O ano 2024 foi o terceiro máis cálido rexistrado en Galicia desde que existen datos, cunha temperatura media de 14,7 °C, o que supón 1,1 °C por encima da media histórica. Aínda que a precipitación media foi de 1.469 litros por metro cadrado, un 14% superior á media habitual; non obstante, a variabilidade climática e os fenómenos extremos asociados ao cambio climático continúan representando un desafío para a prevención e control dos incendios forestais.

No que respecta ao tipo de sinistros rexistrados, das 2.645 ha. queimadas no ano 2024 en Galicia, 506 hectáreas correspóndense con conatos ou queimas, e as restantes 2.139 ha son superficie queimada en incendios.

No que respecta ao tipo de superficie afectada polos sinistros forestais, a superficie arborada queimada en 2024 en Galicia ascende ata as 1.168 hectáreas, 2.785 hectáreas menos que no ano anterior (-70%), en torno a tres veces menos que a superficie arborada queimada no ano anterior. A superficie rasa afectada foi de 1.476 hectáreas, un 47% menos que no ano anterior.

A nivel provincial, o descenso no número de sinistros prodúcese nas catro provincias galegas, porén, nas provincias e Ourense e especialmente Pontevedra aumentan a extensión queimada no ano 2024 en relación ao ano anterior.

A superficie queimada na provincia de Pontevedra no ano 2024 e máis do dobre da que se veu afectada en 2023, con 757 hectáreas queimadas fronte ás 318 do ano anterior. A provincia de Ourense mantén estable a superficie afectada, sendo a provincia cunha maior superficie afectada, soportando case a metade da superficie queimada en Galicia.

No extremo oposto salienta o descenso de superficie queimada en Lugo, que pasa de 4.890 hectáreas queimadas no ano 2023 a só 397 no ano 2024.

• Impactos económicos do cambio climático

Na actualidade, existe un consenso na literatura económica respecto á materialización dos riscos climáticos, con implicacións tanto polo lado da oferta como da demanda agregada. En termos da oferta, estes riscos poden traducirse en disrupcións significativas, especialmente en sectores vulnerables, derivadas de alteracións nos procesos produtivos, deterioro do stock de capital físico, redución da produtividade e incremento da mortalidade. Pola banda da demanda, os eventos climáticos extremos poden xerar perdas patrimoniais e elevar os niveis de incerteza, o que tende a afectar negativamente o comportamento de consumo e investimento dos fogares e das empresas.

Informes como o publicado polo Banco de España: *"Implicaciones económicas y financieras del cambio climático"*, destaca a existencia de

implicacións económicas derivadas tanto de riscos físicos como dos riscos de transición.

Os riscos físicos do cambio climático teñen implicacións económicas derivadas dos danos directos en infraestruturas críticas, por disrupcións nas cadeas de subministro, redución da produtividade, aumento da incerteza ou derivadas do incremento da desigualdade polo diferente impacto do cambio climático entre territorios e sectores.

Por outra banda tamén se sinala a existencia de implicacións económicas derivadas dos riscos de transición cara unha economía baixa en carbono. Estes riscos de transición están relacionados cos cambios nas políticas regulatorias, as tecnoloxías emerxentes, os cambios nos mercados e as expectativas dos consumidores. Estes riscos poden afectar a competitividade das empresas, os valores dos activos e a estabilidade financeira.

A Memoria Socioeconómica e Laboral 2024 do Consello Económico e Social (CES) de España ofrece tamén unha análise detallada dos impactos do cambio climático na economía, o emprego e o benestar social, destacando tanto as súas implicacións directas como indirectas en diversas rexións, incluída Galicia. O informe sinala que o cambio climático é unha das principais ameazas para a estabilidade económica a longo prazo, debido á súa capacidade para alterar os sectores produtivos, incrementar os custos asociados á adaptación e mitigar as actividades económicas, e afectar o emprego, en especial en áreas altamente dependentes dos recursos naturais.

Un dos aspectos clave resaltados polo CES é o impacto directo sobre sectores vulnerables como a agricultura, a gandaría, a pesca, a silvicultura e o turismo, que experimentan alteracións na súa produtividade debido a fenómenos meteorolóxicos extremos, como secas, inundacións, olas de calor, e un aumento na frecuencia e intensidade de incendios forestais. En Galicia, por exemplo, os incendios forestais teñen efectos devastadores na economía local, afectando a produción de madeira, a biodiversidade e o turismo, repercuten na creación de emprego en zonas rurais e na economía agraria.

Ademais, a memoria do CES destaca a crecente presión sobre o sector enerxético, coa necesidade de adaptar infraestruturas e fomentar o desenvolvemento de enerxías renovables.

No ámbito laboral, o informe advirte sobre a posible deslocalización de actividades económicas e o risco de desemprego en sectores vulnerables. O cambio climático tamén pode desencadear un aumento da informalidade laboral, especialmente en sectores como a agricultura, a construción e a silvicultura, onde a variabilidade climática incrementa a incerteza laboral.

Residuos sólidos urbanos e residuos industriais

• **Residuos sólidos urbanos.-** A crecente xeración de residuos urbanos e industriais constitúe un dos principais retos ambientais e sociais tanto a nivel global como no contexto galego. En Galicia, a xestión de residuos representa un desafío clave para avanzar cara a un modelo de desenvolvemento máis sostible e eficiente. Co aumento do consumo e da produción, toneladas de materiais desbotados continúan tendo un forte impacto nos ecosistemas, no solo, na calidade da auga e na saúde pública. Neste contexto, a Unión Europea impulsa a transición cara á economía circular, un modelo que busca pechar o ciclo de vida dos produtos mediante a reutilización, a reciclaxe e a valorización dos residuos. Neste marco, Galicia aprobou a súa **Estratexia Ga-**

Residuos urbanos recollidos nas CC.AA. 2021-22: distribución segundo tipo

	2022		2021		22/21	
	mesturados	recollidos selectivamente	mesturados	recollidos selectivamente	mesturados	recollidos selectivamente
	(en Tm.)				(%)	
Andalucía	4.240.088	640.378	4.200.180	626.796	1,0	2,2
Aragón	472.987	130.113	481.545	138.449	-1,8	-6,0
Asturias	396.224	133.738	402.772	128.271	-1,6	4,3
Baleares	573.708	235.316	529.839	203.867	8,3	15,4
Canarias	1.067.123	245.541	1.021.645	227.402	4,5	8,0
Cantabria	264.875	59.320	296.376	58.299	-10,6	1,8
Castela e León	862.030	192.657	928.632	177.705	-7,2	8,4
Castela - A Mancha	884.334	123.135	818.789	123.434	8,0	-0,2
Cataluña	2.091.917	1.505.702	2.158.670	1.483.092	-3,1	1,5
Comunidade Valenciana	2.078.512	689.699	2.038.027	701.912	2,0	-1,7
Estremadura	417.136	45.522	447.228	50.136	-6,7	-9,2
Galicia	933.669	196.014	960.614	199.144	-2,8	-1,6
Madrid	1.966.812	847.434	1.818.854	850.870	8,1	-0,4
Murcia	725.205	80.003	752.323	101.044	-3,6	-20,8
Navarra	163.352	126.143	184.469	115.486	-11,4	9,2
País Vasco	554.280	381.722	566.812	387.731	-2,2	-1,5
A Rioxa	104.299	25.594	105.519	26.262	-1,2	-2,5
Total	17.863.270	5.664.477	17.787.794	5.606.205	0,4	1,0

Fonte: INE, *Estadística sobre recogida y tratamiento de residuos*

4.4.21.

lega de Economía Circular 2021–2030, un plan que persegue transformar o actual modelo económico cara a outro máis circular, resiliente e baixo en carbono.

A Estratexia Galega de Economía Circular establece unha serie de obxectivos clave que orientan a acción pública e privada nesta transición cara a un modelo máis sostible. Entre os principais obxectivos destacan: reducir nun 10% a xeración de residuos respecto aos niveis de 2010, aumentar a taxa de reciclaxe ata acadar o 55% dos residuos municipais en 2025 e un 60 % en 2030, e mellorar a eficiencia no uso dos recursos en sectores estratéxicos como a construción, o agroalimentario e o industrial. Así mesmo, a estratexia aposta por incrementar o uso de materiais reciclados nos procesos produtivos, fomentar o ecodeseño e a reparación de produtos, e promover modelos de negocio baseados no alugueiro, a reutilización e a servitización. Estes obxectivos están aliñados co Pacto Verde Europeo e co Plan de Acción para a Economía Circular da Unión Europea.

A consecución destes obxectivos cobra especial relevancia se se analizan os datos actuais de xeración e tratamento de residuos sólidos urbanos en Galicia. Os datos da Enquisa sobre recollida e tratamento de residuos do INE reflicten que no ano 2022, último dispoñible, en relación ao ano anterior Galicia rexistra, a diferenza do conxunto do Estado, un descenso do volume total de RSU recollidos. Como se desprende do **cadro 4.4.21.**, en 2022 recolléronse en Galicia un total de 1.130 miles de toneladas, o 4,8% do total estatal, o que supón un descenso do 2,6% respecto ao ano anterior.

No ano 2022 o volume de residuos urbanos recollidos selectivamente caeu un 1,6% ata as 196.014 t., o que contrasta co incremento do

Residuos urbanos recollidos selectivamente 2021-22: distribución segundo tipo de residuo

	Galicia		España	
	2022	2021	2022	2021
	(en Tm)			
10.1.1 Residuos domésticos e similares (domésticos e vías públicas)	911.829	926.558	16.984.892	16.854.362
07.1 Vidro	50.581	48.154	934.156	879.179
09. Animais e vexetais	47.586	46.434	1.466.356	1.433.950
07.2 Papel e cartón	40.920	40.022	1.493.450	1.504.538
10.21 Envases mixtos, embalaxes misturados	32.413	32.781	927.238	889.116
07.5 Madeira	7.859	12.025	165.040	170.692
08.2 e 08.43 Equipamento eléctrico e electrónicos	6.203	6.096	82.181	84.308
12 Minerais (inclúe construción e demolición)	6.163	8.269	496.513	538.376
07.4 Plásticos	2.338	3.055	24.293	20.680
06 Metálicos	1.086	1.555	24.192	26.735
07.6 Téxtiles	759	573	47.631	53.259
08.41 Pilas e acumuladores	72	108	1.974	2.331
18 Outros	34	72	1.453	3.041
TOTAL RESIDUOS DE RECOLLIDA SEPARADA	196.014	199.144	5.664.477	5.606.205

Fonte: INE, *Estadística sobre recogida y tratamiento de residuos*

4.4.22.

1% da media estatal de residuos recollidos de xeito selectivo. A recollida de residuos urbanos mesturados baixou tamén un 2,8% en Galicia, fronte ao incremento da media do Estado do 0,4%.

O peso da recollida de residuos mesturados sobre o total de residuos urbanos é en Galicia do 82,6%, a quinta máis elevada de todas as CCAA, fronte á media estatal que é do 75,9%. En termos per cápita, en España no ano 2022 recolléronse 482 quilogramos de residuos por persoa e ano, Galicia recolleu 416,9 Kg persoa/ano, o cuarto rexistro máis reducido das 15 CCAA, só por diante de Madrid (406,5 Kg.) da Rioxa (403,7 Kg) e do País Vasco (414,8 Kg).

Por tipo de residuo de recollida selectiva, no **cadro 4.4.22.** móstrase a evolución da recollida dos distintos tipos de residuos urbanos recollidos de xeito separado. Das case 200 mil toneladas de residuos recollidas selectivamente en Galicia en 2022, 50.581 t son de vidro, o 25,8% do total da recollida selectiva, aproximadamente a mesma cantidade (47.586 t), son residuos de animais e vexetais (24,3% do total), 40.920 tm corresponden a papel e cartón (20,9% do total) e 32.413 t a envases mixtos e embalaxes, o 16,5% do total de residuos recollidos selectivamente.

En relación aos residuos selectivos recollidos no ano anterior, resulta destacable os fortes descensos da recollida de madeira (-34,6%), en torno a 4.000 toneladas menos, así como a redución da recollida selectiva de materiais minerais, onde se inclúen a construción e demolicións, cun descenso do 25,5%, ao redor de 2.000 toneladas menos que en 2021.

Segundo datos da Sociedade Galega de Medio Ambiente correspondentes á xestión que esta realiza, durante o ano 2024 o volume de residuos urbanos tratados foi de 780.200 t. A valorización enerxética acadou as 338.252 MWh; nos se reporta información sobe os residuos destinados a vertedoiro e o volume de residuos en bolsa amarela foi de 32.998 t.

- **Residuos industriais.-** O volume de residuos

Xeración de residuos en Galicia: 2018-22

	2018	2019	2020	2021	2022
			(en Tm.)		
Minería e extracción	320.889	324.063	151.934	310.467	123.403
Sector primario e alimentario	155.248	177.058	186.476	189.753	177.818
Sector madeira e papel	41.463	62.878	42.846	39.216	37.184
Coiro e téxtil	2.072	3.049	1.989	2.351	1.346
Petróleo, gas natural e carbón	272	1.258	245	312	205
Procesos químicos inorgánicos	4.724	5.380	4.880	5.461	5.515
Procesos químicos orgánicos	2.796	1.931	2.024	1.619	3.124
Pinturas, adhesivos e tintas	13.617	14.701	13.415	11.651	9.695
Industria fotográfica	218	300	496	508	621
Procesos térmicos	474.383	331.220	211.995	222.645	221.573
Tratamento químico superficies	12.247	12.378	8.320	6.432	6.560
Tratamento físico superficies	109.526	172.021	147.606	157.845	181.674
Residuos aceitosos	53.174	57.250	41.748	43.147	51.908
Disolventes	897	1.109	1.078	713	1.040
Envases e absorbentes	134.146	136.774	115.424	125.945	133.494
Outros	130.801	128.147	116.624	155.100	186.459
Construción e demolición	878.502	1.333.312	1.093.364	1.674.687	1.762.294
Servizos médicos	14.041	13.870	12.461	11.190	12.298
Tratamento de residuos e auga	445.193	413.887	385.282	516.804	489.593
Residuos domésticos asimilables	8.292	7.134	8.840	7.555	3.960
Total	**2.802.501**	**3.197.720**	**2.547.049**	**3.483.401**	**3.409.764**

Fonte: *Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda*

4.4.23.

industriais xerados en Galicia no ano 2022 (último dato dispoñible) ascende a 3,4 millóns de toneladas, o que supón un descenso interanual do 2,1%, que contrasta co incremento de preto do 40% experimentado no ano anterior.

Entre as distintas ramas de actividade (**cadro 4.4.23.**), os residuos de construción e demolición son os de maior volume, con 1,8 millóns de toneladas, e tamén os que máis aumentan en termos absolutos en relación ao ano anterior, con 88 mil toneladas xeradas máis (5,2% máis en relación ao ano 2021). A pesares da redución no último ano, o segundo tipo de residuos en importancia, en tanto ao seu volume de xeración, seguen sendo os procedentes do tratamento de residuos e auga que xeran 490 mil toneladas, un 5,3% menos que o ano anterior; en terceiro lugar están os residuos procedentes dos procesos térmicos con 222 mil toneladas, un 0,5% menos que no ano anterior.

Nos dous últimos anos do período (**cadro 4.4.24.**), obsérvase unha recuperación notable no número total de instalacións autorizadas para o tratamento de residuos industriais en Galicia, pasando de 655 en 2022 a 1.073 en 2023, tras unha forte caída o ano anterior. Este repunte reflíctese tamén na capacidade máxima total, que case se duplica, de 10,8 millóns de toneladas en 2022 a 21,7 millóns en 2023. A categoría de valorización é a que máis contribúe a este crecemento, cun aumento de capacidade de máis de 10 millóns de toneladas, o que suxire un impulso cara á recuperación de materiais e enerxía a partir de residuos. Así mesmo, increméntanse as instalacións de clasificación e almacenamento, mentres que as de eliminación se manteñen estables, evidenciando unha continuidade na

Instalacións autorizadas para o tratamento de residuos industriais en Galicia 2018-23

	Instalacións						Capacidade máxima					
	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2018	2019	2020	2021	2022	2023
				(nº)					(en Tm.)			
Almacenamento (1)	214	252	268	271	195	292	184.567	308.520	212.855	278.362	625.183	265.405
Clasificación	251	280	293	301	69	331	1.393.813	1.773.485	1.629.137	1.695.188	811.227	1.918.437
Valorización	244	347	385	431	369	420	10.775.376	12.005.679	14.989.090	17.021.792	9.206.746	19.329.342
Eliminación (2)	35	30	30	31	22	30	334.889	323.989	243.889	263.514	169.389	244.219
Total	**744**	**909**	**976**	**1.034**	**655**	**1.073**	**12.688.645**	**14.411.673**	**17.074.972**	**19.258.855**	**10.812.545**	**21.757.403**

(1) Capacidade en toneladas máximas de residuos que se poden almacenar nas instalacións

(2) Non computada a capacidade de eliminación en vertedoiros

Fonte: *Cª de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.*

■ 4.4.24.

tendencia de priorizar opcións máis sustentables fronte á vertedura ou destrución. ❑